





retallos de

**GONDOMAR DO MIÑOR**

Título orixinal: *Retallos de Gondomar do Miñor*

Concello de Gondomar

© da edición, Instituto de Estudos Miñoranos (IEM)  
Avda. Da Feira, 10 baixo. 36380-Gondomar  
Teléfono: +34 986 360 575  
direccion@minhor.org | www.minhor.org

© dos textos:

© das fotografías:

Coordinador: Antonio Soliño Troncoso

Deseño e maqueta: Manoel Santos

Depósito Legal:

I. S. B. N.:

© Reservados tódolos dereitos. De conformidade co disposto no artigo 534-bis do Código Penal vixente, poderá ser castigado con penas de multa e privación da liberdade quen reproduza ou plaxie, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica fixada en calquera tipo de soporte sen a preceptiva autorización.

Cando comecei a tarefa de escribir unha introdución ao libro “Retallos de Gondomar” non me podía quitar dúas ideas da mente.

Por unha banda, a satisfacción de descubrir lugares, lugares fermosos que agardan seren vistos por primeira vez polos nosos ollos. Eses lugares que nos acompañan, próximos, silenciosos, serenos. Espazos coñecidos, algunhas veces, pero sen descubrir a fin de contas, e que non temos apreciado con toda a profundidade das imaxes estáticas, tomadas con toda a cor que só ás fotografías nos poden revelar.

Por outra banda, a idea da comodidade. O confort dun asento, a postura do descanso e o relax de apreciar un lugar tras outro, imaxinándonos no medio da luz de distintos sitios, que nos abraza e fainos sentir partícipes da beleza que esta vila nos brinda.

Propóñolle ao lector que deteña o tempo, que colla na man unha taza de bebida quente e que comece a súa andaina polas máis belas zonas de Gondomar, pasando páxina tras páxina, descansando en todas e cada unha das paraxes que este libro retrata, e que faga seu o texto nunha mestura que confunda e complementa ambas páxinas.

É a proposta dunha persoa satisfeita por ter gozado cada dobre páxina, e que descubriu sitios no confort da lectura pracenteira.

Fernando Guitián Guitián  
*Alcalde de Gondomar*



#### A VILA SEÑORIAL. O CONDADO

Gondomar, topónimo de raíz xermánica que segundo o Padre Sarmiento<sup>1</sup> se debe ao feito de ser fundada polo monarca visigodo Flavio Gundemaro, no século VII, teoría esta avalada por outros autores, algúns baixo condición de substituír o monarca por un individuo de gran poder e influencia social ou militar asentado na zona, era a finais do século XIV un couto con xurisdición civil e criminal propia que Xoán I, rei de Castela, cede en 1386 a Paio Sorrede de Sotomayor. Este Paio Sorrede, sobriño do daquela bispo de Tui Xoán Fernández de Sotomayor, foi o derradeiro meiriño coñecido dun territorio chamado, xa no século IV e aínda a finais do XIV, Turonio<sup>2</sup>. E alcaide do castelo de Santa Helena, propiedade da igrexa de Tui, cuxa primeira noticia da súa existencia data de 1106<sup>3</sup>. Turonio, de límites imprecisos para a Historia, integraba na súa demarcación o Val de Miñor. E o castelo, situado no Montecastelo de Parada, tiña como señorío solar as parroquias de Parada, Vilaza, Mañufe, Donas, Borreiros, Camos e Nigrán<sup>4</sup>.

A Paio sucedelle na posesión do couto de Gondomar D.<sup>a</sup> Inés de Sotomayor, a súa descendente, e a esta D. Pedro Bermúdez de Montaos, neto de D.<sup>a</sup> Inés, pasando posteriormente, en 1472, a D.<sup>a</sup> María de Castro de Montaos. En 1555, D. García (IV) Sarmiento de Sotomayor merca o couto de Gondomar, coa correspondente xurisdición, meiriñado, xulgado e escribanía, a D. Fernando Bermúdez de Castro<sup>5</sup>, membro da citada familia nobiliaria coruñesa dos Montaos, e funda en 1579, na cidade de Toro, o Morgado de Gondomar constituído pola Casa Principal, as terras, as alcabalas e os señoríos de Gondomar, Vincios, Peitieiros e Morgadáns. Estes dous últimos eran dos Sarmiento de Sotomayor dende finais do século XIV, herdándoos D. García (IV), en 1553, do pai, D. García (III), que llos mercara, en 1511, ao seu tío Lope de Montenegro. O couto de Vincios foi adquirido por D. García (IV) a D. Fernando Bermúdez ao mesmo tempo que o de Gondomar.

Do matrimonio formado por D. García (IV) Sarmiento e D.<sup>a</sup> Juana de Acuña, descendente de Pedro I de Portugal e de Henrique II de Castela, nace D. Diego Sarmiento de Acuña, no ano 1567. Este home, que aos 14 anos casa por primeira vez e aos 21 en segundas nupcias, por morte da primeira esposa, con D.<sup>a</sup> Constanza de Acuña y Abellaneda, nacida en Flandres, coa que terá oito fillos, é nomeado por Filipe II, aos 27 anos, Cabo da Xente de Guerra do Bispado de Tui (anos máis tarde pasará a ser Gobernador), e aos 29 Gobernador de Baiona, vila de realengo, posto no que sete anos máis tarde será confirmado con carácter de “perpetuo”. Con 30 anos é nomeado Corrixidor de Toro. Con 35 Corrixidor de Valladolid e, ese mesmo ano, a cidade d’A Coruña desígnao Procurador do Reino de Galicia, coa intención de que consiga de novo o voto en Cortes para o devandito reino, chegando a ser un dos principais defensores da causa, xunto a Frei Antonio de Sotomayor, lograda en 1623. Aos 42 é nomeado Notario Maior do Reino de Toledo. En 1612, aos 45 anos, Filipe III noméao Embaixador en Inglaterra, na Corte de Xacobe I, onde exercerá o cargo durante seis anos coa máxima brillantez; posteriormente, en 1620, volverá de embaixador a Londres durante dous anos. Filipe III, en 1617, con 50 anos, concédelle o título de CONDE DA VILA DE GONDOMAR. En 1625, xa con Filipe IV no poder, é nomeado Gobernador e Capitán Xeneral de Galicia. En 1626, á idade de 59 anos, enfermo, morre preto de Haro, na casa do duque de Frías, en Casa la Reina, cando regresaba de Bruxelas.

8

A maiores dos servizos prestados á coroa española, parcialmente expostos anteriormente, D. Diego deixou constancia da gran devoción que sentía polos libros, por Galicia, pola lingua galega e por Gondomar. Polos libros e as letras a través da, para aquel tempo, fabulosa biblioteca que reuniu, unha das mellores de Europa entre as privadas con máis de 10.000 exemplares, fonte na que, de xeito autodidacta, chegaría a adquirir grandes coñecementos de xenealoxía e historia, a reforzar os de latín, francés, teoloxía, filosofía e xurídicos adquiridos na xuventude; hoxe consérvase, maioritariamente, esa biblioteca excepcional no Pazo Real de Madrid, despois de ser mercada por Carlos III e recibida posteriormente polo Comisionado Real en 1806, reinando Carlos IV. Do afecto por Galicia deixou moitas mostras, podendo considerarse que a exaltación galeguista do I Conde de Gondomar alcanza o cumio coa famosa carta enviada, dende Londres, ao secretario real Andrés de Losada y Prada na que fai unha acendida defensa dos galegos e de Galicia contra as inxuriosas calumnias que, segundo el, publicara o cronista do reino de Portugal frei Bernardo de Brito. Tamén existen evidencias do cariño e respecto á lingua galega, a que sempre defendeu en tempos tan difíciles para esta e na que se expresaba con fluidez segundo proban diversos fragmentos, do seu puño e letra, conservados entre os miles de escritos da abundante correspondencia cruzada con personaxes, familiares e amigos da Europa da época. E, por último, sempre mostrou gran devoción por Gondomar, a onde volvía sempre que as múltiples ocupacións e compromisos llo permitían e pola que non deixaba de sentir morriña cando llo im-

pedían. Consecuencia deste apego, polo menos en gran parte, son os fortes investimentos económicos que realizou co obxectivo de mellorar, incrementar, ennobrecer e fortificar o pazo.

## O PAZO-FORTALEZA

As orixes do Pazo de Gondomar, substancia e símbolo oculto da vila, son incertas; algúns autores sitúano no baixo medievo, outros a mediados do século XVI. Sábese, a través dunha carta que Lázaro de Losada, home de confianza de D. Diego Sarmiento, envía a este en 1605, que cando ese ano se construíu o cubo soporte da ameada torre de vixilancia e control da enseada de Baiona, situada na parte máis alta do terreo, apareceron as antigas cimentacións doutra anterior, segundo parece, de inicios do s. XV ou finais do XIV.

Existe unanimidade en considerar o corpo central, de tres alturas, do conxunto actualmente edificado, como núcleo inicial e máis antigo. Pero non hai evidencias claras respecto de se se aproveitaron os restos dunha edificación anterior cando D. García Sarmiento o construíu a partir de 1555. O fillo de D. García, D. Diego, I Conde de Gondomar, no seu testamento, di herdar do pai o Morgado de Gondomar que, ademais dos coutos, señoríos de “montazgo” e outros bens, inclúe “...la cassa principal de Gondomar y la huerta de los naranjos, sin mas que solo ella, y de cuarenta cabaduras de viña devajo de la cassa, y un palomar en el monte encima de la cassa...”, polo que entendemos que, nese momento, o actual Pazo se reduciría a unha gran casona de aspecto austero e, con seguridade, bastante pechada ao norte. Non dispuña da terraza sobre soportal que agora presenta nesa fachada, tampouco da escaleira de dous tramos que lle dá acceso e non tiña os balcóns nin o escudo con coroa condal, pois non era conde D. García. Era de sinxela planta rectangular e seguramente tería incorporado un muro de granito delimitando un patio ao que se accedería polo lateral oeste. Sobre o portal que hoxe existe nese lenzo, consérvase o único escudo do Pazo que só presenta as armas dos Sarmiento, sen as cuñas que mostran todos os demais; D. García casou con D.<sup>a</sup> Juana de Acuña en 1566.

Algún autor entende que o soportal que este corpo incorpora na fachada sur, dando fronte ao patio de armas, foi engadido no século XVII, e a planta de vivenda que sobre el existe no XIX. Nós, amparándonos nas texturas e calidades dos diferentes paramentos graníticos, na unidade de estilo renacentista que presenta toda a fachada, propio do s. XVI, e nas diferenzas, tamén de estilo, que esta mostra respecto ás obras proxectadas, dirixidas e construídas no s. XVII, en tempos de D. Diego, polo mestre canteiro do Val Miñor Juan Coello, entendemos que é toda ela coetánea á edificación de 1555.



Ao mestre Coello e as súas cuadrillas de axudantes débense as arquitecturas da Torre de vixilancia, xa mencionada; as murallas, duns 2000 metros de lonxitude, que cercan a propiedade, coas correspondentes garitas defensivas -perdeuse, non se sabe cando, a que existía na esquina sueste, sobre o camiño de Gondomar á Feira da Doce-; as portas e torreóns de Sol, de Pousada e a d'A Paradela, hoxe desaparecida<sup>6</sup>; e a peculiar garita de vixilancia a cabalo coa explanada ameada dominando o camiño de Pousada. Todas estas obras de fortificación foron construídas entre 1602 e 1608 - agás as portas de Sol, de 1609, e d'A Paradela, pode que coetánea - por expreso desexo de D. Diego Sarmiento quen decidiu engrandecer e, sobre todo, fortalecer o Pazo. O obxectivo era conseguir un lugar seguro con fins de vixilancia e alerta. Hai que entender que D. Diego, dende 1603, é Gobernador das Xentes de Guerra do Bispado de Tui, feito que o condiciona, e, tamén, que o Pazo se empraza á beira do camiño real entre Baiona, punto propicio para ataques por mar, e Tui, praza principal a conquistar como capital da provincia, que o foi ata a chegada, no século XIX, da nova división administrativa.

Juan Coello tamén foi o responsable da construción da fonte do estanque, no patio de armas, e de mellorar e ennobrecer o propio patio; do traslado ao emprazamento actual da capela de Santa Ana; das galerías laterais á casa principal; posiblemente, das fontes e fábricas do xardín; e doutras moitas obras que, debido aos múltiples cambios que ao longo dos séculos se foron incorporando á configuración volumétrica da gran masa edificada do Pazo, aínda que referidas en numerosos escritos de consulta emitidos polo, nesa época, alcalde maior do Señorío, Gregorio de Castro y Oya<sup>7</sup>, e polo xa citado home de confianza de D. Diego, son dificilmente identificables. De todos eses cambios, os de máis impacto para a imaxe actual do Pazo son consecuencia das obras efectuadas por D. Gonzalo Fernández de Córdoba Álvarez, X Conde, a partir de 1866. Proxectounas, dirixiunas e construíunas o mestre canteiro Bentura Cabanelas cunha cuadrilla de doce oficiais canteiros. As obras duraron sete meses e, fundamentalmente, consistiron na execución da escaleira e terraza da fachada norte; a apertura das portas que dan a ela; e, pode, os balcóns da terceira planta co escudo que coroa a fachada, aínda que isto último dito con todas as reservas debido ás diferenzas de estilo que este presenta co resto da intervención. Se fose esculpido antes, como parece indicar a súa estética barroca tardía, sería lóxico pensar que tamén nese momento se acometesen os balcóns; polo menos o central. Tamén, este mestre se encargou de reconstruír, no seu estado actual, as galerías en arcada laterais á casa principal<sup>8</sup>, no patio de armas, propoñendo unha variación sobre o tema "palladiano" de arcada entre linteis. Desta época é o trazado do actual xardín, hoxe moi desmellorado inda que mantendo unha altísima e melancólica beleza.

O alto poder alcanzado polo Pazo de Gondomar ao longo dos séculos queda patente nos 298 foros que en 1860 aínda cobraba en 21 parroquias e poboacións de Galicia<sup>9</sup>.

Estes foros xunto co terreo solar viñan significar, aproximadamente, unha superficie total dun millón de metros cadrados, sen contabilizar as seis casas que posuía n'A Paradela, barrio onde hoxe se sitúa a Casa do Concello, e as dúas de Monterreal, en Baiona. Este patrimonio inicia un incesante declive a partir da promulgación da Constitución de Cádiz (1812).

## O CONCELLO CONSTITUCIONAL E O SEU PATRIMONIO MATERIAL

Gondomar seguirá sendo vila de señorío laico, sobre a que exercen xurisdición os sucesivos condes, durante todo o Antigo Réxime integrándose durante este período, polo político-administrativo, no Partido de Miñor, un dos conformantes da antiga provincia de Tui, que á súa vez era unha das sete en que estivo dividida Galicia entre os séculos XVI e XIX.

O Partido do Val de Miñor, ademais de por Gondomar, estaba integrado polas parroquias de Belesar, Borreiros, Camos, Chaín, Mañufe, Morgadáns, Nigrán, Panxón, Parada, Peitieiros, Priegue, Saiáns, Santa Baia das Donas, Santa Cristina da Ramallosa, San Pedro de Filgueiras, Vilaza e Vincios<sup>10</sup> e, ata o século XVIII, tiña como sede do Concello o denominado Lugar do Acordo, ao pé do Cruceiro de Mañufe. Nel celebrábanse as sesións públicas e nomeábase, cada primeiro de ano, á saída da misa, o Procurador Xeral do Val, máxima autoridade política. O Condado exercía xurisdición sobre a parroquia de Vincios sendo as demais de realengo e, polo tanto, dependentes do Corrixidor de Baiona, se ben nos casos de Peitieiros e Morgadáns ao amparo de escuras inxerencias da vila real, segundo deixa constancia no testamento o I Conde, xa que inicialmente formaban parte do Señorío xurisdiccional e Morgado de Gondomar fundado por D. García, o pai.

A Constitución de Cádiz virá significar a fin do Antigo Réxime e o nacemento do Novo ou Estado Liberal (aceptando que aínda haberá intermitencias) e con el chegarán, entre outras disposicións, unha nova división territorial, os concellos constitucionais e a promulgación dunha serie de leis que recollerán o sentir da nova sociedade, tales como a abolición dos Morgados en 1820, decisión ratificada en 1841, a supresión definitiva dos Señoríos en 1837, e a Redención de foros en 1873, en tempos da I República. Tales promulgacións teñen consecuencias na xerarquía de poderes, na economía dos distintos sectores e entes sociais e, consecuentemente, nas transformacións que sofre o territorio. Tamén afectan o Condado. Así, tras perder a xurisdición sobre os territorios, as casas que posuía na fortaleza de Monterreal, en Baiona, xa están totalmente arruinadas en 1871 e desaparecen a principios do XX; perde A Coelleira e as terras ao norte do río Miñor, e a apertura da estrada Gondomar-Guillarei córtalle e mingua as terras en 1880; as terras aforadas van desaparecendo, ao punto de que en 1926 xa só cobra un

foro; as casas d'A Paradela xa desapareceran en 1925; en 1950, As Cercas, máis de seis hectáreas de terra produtiva, son vendidas. Por último, tamén as terras intramuros foron parceladas en 1981.

O concello constitucional de Gondomar créase en 1836 ao amparo do liberalismo e tras a nova distribución territorial do Estado por provincias promulgada, en 1833, polo Secretario de Estado de Fomento, Javier de Burgos, durante a rexencia de María Cristina. Levantouse a Casa Consistorial na antiga praza d'A Paradela, xusto nos confíns ao norte das terras do Condado, e quedou integrado polas parroquias de Couso (esta no Antigo Réxime estivera vinculada xurisdicionalmente a San Miguel de Pexegueiro - Tomiño - e politicamente a Salceda de Caselas), Borreiros, Donas, Chaín, Mañufe, Morgadáns, Peiteiros, Vilaza, Vincios e Gondomar onde, como xa se dixo, se establece a capital municipal en atención á súa antiga condición de cabeza xurisdicional e vila; todas elas, coa excepción citada, vellas integrantes do antigo Partido do Val de Miñor.

Este territorio, que suma 74,8 Km<sup>2</sup> e actualmente posúe unha poboación de 14.000 habitantes, emprázase ao sur da actual provincia de Pontevedra (creada en 1833) distando a vila 19,00 Km, por estrada, da raia con Portugal en Tui; 15,10 Km da cidade de Vigo e 4,5 Km da costa atlántica. Limita co concello de Vigo e co de Nigrán polo norte; con Vigo, Porriño e Tui polo leste; con Tui e Tomiño polo sur e con Baiona e Nigrán polo oeste. Gondomar xunto con Baiona, Nigrán e a parroquia viguesa de Zamáns conforman a paraxe natural coñecida como Val de Miñor, nome, xa citado no século X <sup>11</sup>, recibido do río máis importante que o suca de leste a oeste<sup>12</sup>. O Val está delimitado fisicamente pola Serra do Galiñeiro a nacente, o Maúxo ao norte, a Serra d'A Groba ao sur e a baía de Baiona, no Atlántico, a poñente.

As testemuñas máis antigas da presenza do ser humano dentro do actual termo municipal proceden da industria achelense e localizáronse en xacementos como A Lagoa dos Bromús, en Vincios, A Chan de Prado ou das Moutas, en Morgadáns, e sobre todo n'A Chan do Cereixo, pol'A Portavedra, en Donas, a uns 350 m. sobre o nivel do mar; un dos xacementos máis coñecidos da Prehistoria galega. Nel recolléronse preto de 300 útiles de cuarcita tallada entre os que se atopan machadas de man, bifaces e fendedores, pertencentes ao Paleolítico Inferior. En escavacións recentes (2006) localizouse neste mesmo enclave, n'As Campurras, un rexistro arqueolóxico que significa unha información inédita para fases da Prehistoria recente galega. Trátase dun conxunto construído de carácter simbólico-artístico, de inicios do IV milenio antes de Cristo, isto é, do Neolítico pleno, no que se descubriron petróglifos contemporáneos ao monumento, o que vén dar un incremento duns dous mil anos nas consideracións de antigüidade que, ata o de agora, sobre a datación da arte rupestre ao aire libre se facían<sup>13</sup>.

Do Neolítico, período onde o ser humano se inicia no uso da agricultura e a gandaría, foron localizados abundantes enterramentos megalíticos, cuxa cronoloxía abrangue dende o V milenio antes de Cristo ata o III milenio, coñecidos co nome de mámoas ou túmulos. Xeralmente de planta semiesférica ou elipsoidal, no seu interior algúns gardan un monumento granítico coñecido como dolmen ou anta. Estes, os dolmens, son a máis antiga manifestación arquitectónica do municipio, e a maior concentración de mámoas conservada nel localízase n'A Chan das Moutas, en Morgadáns.

Tamén existe no concello unha ampla e moi importante representación de arte rupestre. Os petróglifos ou insculturas son gravados realizados sobre a pedra natural no seu asentamento de orixe, case sempre a ceo aberto e en ocasións de difícil interpretación; só o da estación do Coto da Moura en Regodagua, Chaín, se atopa a cuberto baixo un abrigo natural de rocha escavada. Os petróglifos, que poden ser figurativos ou abstractos, quedan divididos en prehistóricos e históricos. Podemos citar como estacións máis sobranceiras, en Vincios, as de Cascalleira, Peibó, Pasaxe, Santa Lucía e Agua da Laxe, nesta principalmente os petróglifos d'A Pedra das Procesións, o conxunto máis importantes de Europa no seu xénero; os de Seixiños Brancos e Fonte da Prata, en Morgadáns; O Sobral e San Antoniño, en Couso; os de Morxón, Pedra Cavada, Gándara e o xa citado d'O Coto da Moura, en Chaín; e Os Pociños, en Vilaza, no que se mesturan gravados prehistóricos e históricos. Entre os segundos poden nomearse algúns de Castro Mendes e os do Castro de Xián, todos en Vincios.

Por último, para pechar o período prehistórico, referir a existencia de varios poboados castrexos pertencentes todos eles á Idade de Ferro os cales, en casos, foron posteriormente romanizados. Citamos a xeito de exemplo o d'O Curuto, en Peiteiros, o de Xián, en Vincios, e o d'A Pedra Moura, entre Borreiros e Donas, sen dúbida ningunha o máis importante do municipio e un dos principais do Val de Miñor.

Poucos vestixios foron descubertos no concello da época romana a maiores de múltiples topónimos e dos restos cerámicos dos xa citados castros. Existe noticia dun mosaico atopado n'O Burgovedro, en Borreiros, pero descoñecemos totalmente o seu paradiro. Outra constatación da presenza deste pobo no territorio que nos ocupa son os fosos e desbastes das abas do monte Picoto, na vila, coñecidos como as Covas de Sarmiento, consecuencia das minas practicadas a ceo aberto en busca de ouro<sup>14</sup>.

Posiblemente sexa correcto dicir que o testemuño máis importante conservado do alto medievo sexan os restos de edificacións e murallas ciclópeas do Castelo-Fortaleza d'O Galiñeiro, situado no alto e apartado cumio deste monte coñecido como As Gallas, cuxa procedencia, entre outras hipóteses, a sitúan algúns autores no ámbito da ocupación sueva (s. V-VI)<sup>15</sup>. Foi declarado BIC, con categoría de monumento, en 1994. Por

outra banda, sábese que en 1170, xa en pleno románico, existía outro castelo coñecido como de Morgadáns e, aínda que así é como se denomina en documentos históricos, emprazábase no Coto do Abade, en Chaín<sup>16</sup>. A explicación a este crebacabezas puidese vir de que no século XI ou XII aquela parroquia inda fose cabeza de Morgado ou Couto, que ambos os dous topónimos conserva na súa demarcación xeográfica, con xurisdición sobre Chaín e Peitieiros, pois en varias fontes históricas se citan como advocacións de Morgadáns, indistintamente, as actuais das tres parroquias.

O que si conserva esta parroquia, ao pé do actual adro, son dúas tapas de sartegos medievais do antigo cemiterio emprazado inmediato á actual igrexa<sup>17</sup>. Pola contra nada queda do templo románico existente en 1145<sup>18</sup>, como tampouco nada se conserva do de Gondomar. Está acreditado que no século XII a advocación de Gondomar era San Salvador<sup>19</sup>, pero pouco coñecemos da localización da igrexa que algún autor sitúa no barrio de Bade (segundo algún etimoloxista o topónimo acepta a hipótese)<sup>20</sup> e aínda asigna como advocación, anterior a San Bieito, a de San Gregorio<sup>21</sup>. Con todo, os testemuños máis interesantes do románico concréntanse na Ponte de Mañufe, de 1140, asentada no lugar que antes posiblemente ocupou outra de orixe romana<sup>22</sup>, e hoxe pedindo que alguén lle repoña a figura; a parroquial de Donas, do terceiro cuarto do século XII, igrexa que foi do desaparecido Mosteiro feminino de Santa Baia; a igrexa de Santa Mariña de Vincios, románico rural, nu e belo de finais do século XII ou principios do XIII; e unha peza, deslocalizada, do tímpano da actual portada da parroquial de Peitieiros. De orixe medieval, a xulgar pola traza e polas marcas de canteiro que conserva, quizais sexan a Ponte Alta d'Á Paradela, coñecida tamén como das Ánimas, e a Entre-ríos ou d'Á Coelleira, ambas as dúas na vila; e a Pousa de San Brais ou Pazo de Moldes, en Mañufe, cos muros ateigados de marcas de canteiro e fundada polos Suárez de Deza no século XIV<sup>23</sup>. Tamén o camiño de peregrinación a Santiago, coñecido hoxe como d'Á Nosa Señora do Norte, e a Estrada Real de Baiona a Tui, entre outros.

De principio do Antigo Réxime é posible que proveña a Ponte de Baralla, en Morgadáns. Do renacemento procede a ábsida da igrexa de Vincios (1568) e desa mesma época, ou, pode, algo posterior, as pinturas murais que alberga: unha representación de Cristo resucitado, sobre o arco triunfal, e unha Crucifixión sobre unha Última Cea, na cabeceira da ábsida. Tamén, as ruínas da Casa Xestelo, en Vilaza; a moi desmellorada Casa Piñeiro, en Peitieiros, cuxo propietario nas primeiras décadas do século XVII, D. Gregorio de Castro y Oya, foi alcalde maior de Gondomar como quedou dito máis atrás; e a abandonada Pousa de Fontán, en Mañufe, cuxa capela ten acceso directo dende o mesmo camiño de peregrinación a Santiago. Agora ben, a peza máis importante deste período é, sen dúbida, o corpo central do Pazo do Conde, en Gondomar, cuxo conxunto murado, edificado e axardinado foi declarado BIC, con categoría de monumento, en 1999.

Do barroco habemos de destacar, aínda non sendo levantadas na súa integridade, distintas igrexas, tales como a de San Miguel, en Peitieiros; San Martín, en Borreiros; Santa María de Chaín, co peculiar e atractivo percorrido de ascenso a través de escaleiras pétreas que desembarcan nos socalcados e vistosos torreiro e adro; San Cristovo, en Couso; e sobre todo a de San Vicente, en Mañufe, a máis completa. Santa María de Vila-za, que parece querer asumir o estilo, en realidade é do século XIX. Esta parroquia que fora couto no século XII, xa cos límites perfectamente definidos nesa época segundo se desprende dunha escritura de doazón que dela fan D. Raimundo de Borgoña e a súa esposa D<sup>a</sup> Urraca<sup>24</sup>, non conserva restos de templo anterior ningún.

Tamén merecen ser destacadas algunhas ermidas deste mesmo período histórico, como a da Virxe dos Remedios, en Couso, ante a que pasa o camiño de Santiago; San Roque, en Morgadáns; a da Virxe da Luz, en Borreiros; e posiblemente a da Virxe da Soidade, en Chaín, cunha tumba brasonada no interior e situada fronte ao portal do Pazo da Mourisca. Son curiosos e enigmáticos os restos de muros graníticos da ermida da Virxe da Mercé, outra vez en Chaín, con dous escudos de armas nobiliarias na fachada principal. Sobre estes restos, claramente perceptibles, levantouse a edificación actual. A ermida esta moi próxima ao lugar que ocupou o Castelo de Morgadáns pero na súa fábrica non se aprecia marca de canteiro ningunha polo que en principio descartamos a orixe medieval. Tamén deben ser citadas diversas pezas de imaxinaría ou escultura relixiosa barroca conservadas en varias parroquiais do municipio. Quizais o Santiago Sedente de Morgadáns e o San Gregorio de Gondomar, ambos os dous do XVII, estean entre as máis notables.

Durante os séculos XVII e XVIII, seguimos no barroco, emerxe con forza a fidalguía e como consecuencia constrúense numerosas pousas e pazos que serán residencia do señor, ou fidalgo, ao tempo que funcionarán como centro das operacións agrícolas das terras dominadas. Consérvanse o d'Á Áspera, en Gondomar; Pampillón, O Barreiro, e Vilarés en Vilaza; a modificada Casa da Inquisición, en Donas; a Casa de Cristillón, residencia doutro inquisidor, en Mañufe; o Pazo de Mendoza ou d'Á Escola tamén en Mañufe; o Pazo d'Á Mourisca, en Chaín; e, moi transformados, a Torre d'O Telleiro, en Borreiros, e o Pazo de Troncoso en Peitieiros. Por último, tamén a etnografía achega numerosas pezas de interese a este período como, por exemplo, os calvarios d'O Mosteiro, en Donas, e o d'Á Carballeira en Vilaza; o cruceiro d'O Adro, en Borreiros; o d'Os Remedios, en Couso; o d'Á Piedade, en Chaín, quizais un dos máis antigos do Val de Miñor e pode que anterior a este período; os de Donas e San Cibrán; o cruceiro d'Á Vila, en Gondomar, datado en 1646; e, o de Piquetes, outro dos máis antigos do municipio, emprazado na Estrada Real, o d'Á Fe, no adro, e o d'O Lugar do Acordo, non integramente orixinal, en Mañufe os tres.

A etnografía achega neste treito histórico outras moitas pezas, e seguirao a facer ata as primeiras décadas do XX, tales como canizos, que é como se chaman os hórreos en

Gondomar, muíños hidráulicos, casas labregas, pontellas, etc. Como caso curioso, e importante no contexto de referencia, consecuencia dos tradicionais sistemas de regadío, habemos de citar o acueduto d´O Bravo, en plena vila, obra do século XVII.

Xa no século XIX, unha vez rematado o Antigo Réxime, seguen levantándose obras que hoxe forman parte do patrimonio construído do municipio tales como o cruceiro de San Roque, en Morgadáns, os petos de Ánimas d´A Bastida, en Couso, e o de Hervillás, en Vincios, as actuais parroquiais de Morgadáns e Gondomar e unha interesante arquitectura mortuoria que se estende ata a primeira metade do XX, principalmente nos cemiterios de Couso, Peitieiros, Borreiros, Gondomar e Mañufe. Tampouco están exentos de interese os antigos camposantos de Mañufe, Morgadáns e Vincios nos adros das correspondentes igrexas. En todo caso, quizais a consecuencia máis sobresaínte do patrimonio construído do XIX e primeira metade do XX sexa a imaxe urbana da vila, hoxe icona referencial desta e do municipio. Ergueuse seguindo as aliñacións dos antigos camiños previos ao Réxime Liberal, respectados en xeral polo enxeñeiro Ramiro Pascual no inusual Plan de Reforma y Ensanche que en 1900 redacta para a vila. Non tiveron igual sorte as edificacións provenientes do Antigo Réxime. Todas as de carácter simbólico, civil e relixioso, que puidesen existir, foron substituídas a excepción dunha casa, sita na rúa Párroco Mariño, non visible dende o espazo urbano. O núcleo icónico da vila está formado por esas edificacións do XIX e principios do XX cinguidas ás aliñacións do Plan de 1900.

En pleno século XX o escultor Nogueira tallará o cruceiro de San Miguel, en Peitieiros, para substituír, por rotura, outro anterior e, en arquitectura, a vila incorporará algunha peza de interese como por exemplo a nova Praza de Abastos, de Xosé Bar Boo, a que lle dará continuación algunha outra ao longo do século diseminada polo municipio.

Todo este patrimonio construído esténdese por un territorio de substrato granítico, á vez que moi fértil, e puntúa un rico e variado patrimonio natural conformado por, ademais do desvirtuado monte comunal, amplas brañas, frondosas e coloridas fragas, numerosas ribeiras e a espléndida xunqueira do Miñor, en Borreiros, que se mesturan coas hortas, viñas e terras de labranza que poboan as abas dun anfiteatro cuxa maior cota esta tomada polos cumios do Maúxo, A Groba e O Galiñeiro, e a máis baixa, a modo de espiña dorsal, percórrea o río Miñor, quen, recollendo a auga manada nas fontes destes, desemboca no Atlántico formando un esteiro, compartido cos concellos de Baiona e Nigrán, de gran atractivo paisaxístico, importante valor medioambiental e alta biodiversidade, e incluído como Lugar de Importancia Comunitaria na Rede Natura 2000 da Unión Europea.

## Notas bibliográficas e documentais

- 1 Sarmiento, Martín F; ONOMÁSTICO ETIMOLÓGICO DE LA LENGUA GALLEGA. Fundación Pedro Barrié de la Maza –Edición e estudio por J. L. Pensado- p. 292
- 2 Garrido Rodríguez, Xaime; Zunzunegui Pérez, Natalia, (citando a outros autores). OS MEDIEVAIS CASTELOS ROCHEDOS DE SANTA HELENA E MORGADÁNS NO VAL MIÑOR, EN TERRA DE TURONIO. Revista de Estudos Miñoranos nº 5/6. 2007. p. 44
- 3 Pallares, María del Carmen e Portela, Ermelindo. EL BAJO VALLE DEL MIÑO EN LOS SIGLOS XII Y XIII. ECONOMÍA AGRARIA Y ESTRUCTURA SOCIAL. Ed. USC, Santiago de Compostela 1971.
- 4 VV. AA. AS COVAS DE VINCICIOS. Ed. Comunidade de Montes en Man Común de Vincios, Gondomar. 2005 p. 175
- 5 Escritura de venda. Arquivo do Marqués de Malpica. Cartapacio 1- Doc. 28
- 6 “Del recinto amurallado de aquella fortaleza del siglo XV, de la que aún se conserva gran parte, partía un cuerpo que tenía su puerta y torreones en el lugar de la Paradela. En dicho punto fue construida la Casa Consistorial, y por allí se hizo pasar la carretera Guillarey a Ramallosa, mediados el siglo XIX”. Espinosa Rodríguez, José. CASAS Y COSAS DEL VALLE MIÑOR. p. 57

Na contadoría do Marqués de Malpica localizouse un caderno, datado en 1867, que menciona arranxos da muralla n´A Paradela.

- 7 Espinosa Rodríguez, José. CASAS Y COSAS... Opus cit. P. 64
- 8 Fernández de Córdoba Calleja, Enrique. EL PAZO DE GONDOMAR. CINCO SIGLOS DE UNA FAMILIA. Ed. Deputación de Pontevedra 2002. p. 160
- 9 Fernández de Córdoba Calleja, Enrique. EL PAZO DE... Opus cit. pp. 169 a 175 e 266
- 10 Soliño Troncoso, Manuel, Alfonso e Antonio; Mosquera Veleiro, J. L.; GONDOMAR. HISTORIA, ARTE E TERRITORIO. Ed. Ir Indo 1995. p. 24
- 11 Documento de doazón do rei Ordoño II, no ano 915. Avila y La Cueva, F. HISTORIA CIVIL Y ECLESIASTICA DE LA CIUDAD DE TUY Y SU OBISPADO. Tui 1852 (Edición facsimilar, Consello da Cultura Galega, 1995) Tomo II, p. 492.
- 12 Algúns autores traducindo un documento do ano 1106, conservado no Arquivo Diocesano da Catedral de Tui, polo cal D. Raimundo de Borgoña e dona Urraca fan doazón das súas posesións en Vilaza a favor de Pelagio Godareiz e a súa muller, dona Mayor, entenden que o río que moitos documentos históricos denominan Vilaza, e algúns outros máis recentes Zamáns, ven referido como Miñor.

- 13 Villar Quinteiro, Rosa. BREVE MEMORIA DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN ARQUEOLÓXICA NA CHAN DO CEREIXO, DONAS. RESUMO DA CAMPAÑA DE TRABALLO DE CAMPO 2006. Revista de Estudos Miñoranos nº 5/6. 2007. pp. 25-26.
- 14 As Covas de Sarmiento. Mina Romana n´O Picoto. Ficha-Inventario da Concellería de Cultura e Deportes, da Xunta de Galicia, recollida no listado de elementos catalogados e xacementos do PXOM de Gondomar (1997).
- 15 VV. AA. AS COVAS DE... Opus cit. p. 179
- 16 Garrido Rodríguez, Xaime; Zunzunegui Pérez, Natalia. OS MEDIEVAIS CASTELOS ROCHEDOS... Opus cit. p. 57
- 17 Torres, Carmen; Castro Carrera, Juan C.; Perles Fontao, Juan José. Ficha do Departamento de Patrimonio Arqueolóxico da Xunta de Galicia, 1995.
- 18 Avila y La Cueva, F. HISTORIA CIVIL Y ECLESIASTICA... Opus cit. Tomo II, pp. 502-503
- 19 Garrido Rodríguez, Xaime; Zunzunegui Pérez, Natalia; (citando outros autores e diversos documentos do Arquivo Diocesano da Catedral de Tui). OS MEDIEVAIS CASTELOS ROCHEDOS... Opus cit. pp. 45-46
- 20 Segundo Mª Xosé González Chamorro, p. 54 do Caderno nº 4 OS NOMES DE GONDOMAR, Editado polo IEM, o topónimo Bade procede do latín abatte "cura", polo que a autora cre que designa unha propiedade da Igrexa no lugar.
- 21 Fuertes Palomera, Andrés; Vega López, Santi. ARCIPRESTADO DE TUI-VIGO, MIÑOR. Delegación diocesana de Patrimonio, 1995. p. 68
- 22 Foi reconstruída no ano 1140 no mesmo lugar que anteriormente ocupou outra de orixe romana. A mesma publicación asegura que é máis antiga que a d´A Ramallosa, a que datan con posterioridade á fundación da vila de Baiona por Alfonso IX (1201), e din que de existir unha ponte romana sobre o Miñor habería de ser aquí, posto que aqueles nunca as emprazaban na desembocadura senón río arriba. VV. AA. PONTES HISTÓRICAS DE GALICIA. Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos. Xunta de Galicia 1991.
- 23 Espinosa Rodríguez, José. CASAS Y COSAS... Opus cit. P. 51
- 24 Garrido Rodríguez, Xaime; Zunzunegui Pérez, Natalia; (citando outros autores). OS MEDIEVAIS CASTELOS ROCHEDOS... Opus cit. pp. 45-46



Gondomar amósasenos, amablemente, a xeito dun gran teatro cuxa parte máis elevada se chama, como era de esperar, Galiñeiro. A partir de aí baixan, semicirculares e graduados, os anfiteatros, repartidos entre os sonoros nomes de Donas, Couso, Peitieiros, Morgadáns, Vincios e Chaín, e os palcos de platea de Vilaza, Mañufe e Borreiros, para abrazaren agarimosamente o patio de butacas da Paradela, capital da parroquia de Gondomar; unido todo, horizontalmente, polo sendeiro das Greas<sup>1</sup>, o Camiño Portugués<sup>2</sup> e a ruta do Señor Afranio<sup>3</sup>, e verticalmente pola sutura ondulante e verdeal dos ríos Zamáns e Morgadáns que se xuntan con orgullo na chaira da platea para nomearen un dos vales máis fermosos que se poden gozar: o Val Miñor. Gondomar ten, pois, a maxestade dun gran teatro; un teatro dende o que contemplar, confortablemente instalados, o irrepitible espectáculo da vida, ese misterio que, aquí, se proxecta ata hoxe dende a negrura do tempo coas pegadas paleolíticas do Chan do Cereixo pasando por petróglifos, castros, construcións romanas e románicas, medievais, renacentistas, barrocas ... Que se proxecta no espazo a través das ondas provocadas polo impacto histórico de persoeiros de noso, entre os que ocupa, de xeito indiscutible, un lugar de preeminencia o 1º Conde, embaixador do nome de Gondomar no mundo enteiro. Un espectáculo que transcorre mansamente neste lugar privilexiado onde un pode asistir abraiado á loita ancestral pola primacía do home nos curros do Galiñeiro, Morgadáns ou San Cibrán, tan maxistral e amplamente cantados pola telúrica pluma de Ferrín<sup>4</sup>; ou saborear delicias gastronómicas e costumistas nas festas populares das súas parroquias cun santo como escusa: San Martiño, Santa María, San Cristovo, Santa Baia, San Bieito, San Vicente, Santiago, San Miguel, Santa Mariña; anunciadas, sempre, cun alegre pasacalle mañanceiro; ou asistir compracido ás múltiples manifestacións culturais que salpican o transcorrer apracible dos días onde compiten coa sección cultural do concello un elevado número de entidades, asociacións e persoas<sup>5</sup>, nativas 7ou adoptadas, para forneceren unha rica e variada oferta que fai deste municipio un importante centro da cultura; ou, en fin, extasiarse ante a fervenza de verdes que, mesturándose en matices

infinitos, se precipitan polas abas do anfiteatro para alfombrar solermeiros o chan da platea e solidificarse en pedra nas rúas da Paradela, que a maxia do Corpus fai florecer nunha algarabía de pétalos multicolores dende hai máis de medio século<sup>6</sup>.

A vida, o escenario, é, aquí, un río manso; talvez porque os nosos devanceiros domearon a Becha na súa cova do Galiñeiro esconxurándoa con canados de leite que a lenda depositaba en ofrenda naquel buraco, chamado, precisamente, Igrexa da Becha<sup>7</sup>. Transporta, o río, nas augas manseliñas as pegadas todas que modelan o noso misterio colectivo; podemos, así, contemplar o acervo arqueolóxico do concello; a monumentalidade pétreo de igrexas, petos de ánimas, cruceiros e pontes; os persoeiros que marcaron épocas: O Lucas<sup>8</sup>, fotógrafo representativo do fenómeno da emigración, sempre dacabalo entre dous mundos; o mestre, poeta e académico Victoriano Taibo<sup>9</sup>; o fillo adoptivo Lois Tobío<sup>10</sup>; o empresario, emigrante en América, Manuel Losada<sup>11</sup>; os futbolistas do Celta Hermitida<sup>12</sup>, Nolete<sup>13</sup> e Alvarito<sup>14</sup>; e tantos outros, cuxas figuras empequeñecen, sen embargo, ante a envergadura colosal do noso primeiro conde Diego Sarmiento de Acuña, diplomático, bibliófilo e galeguista, que, entre outras cousas, mantivo a raia a Drake para que a xente da contorna non tivese que “traballar para o inglés”<sup>15</sup>; vemos pasar a Pepa a Loba<sup>16</sup>, lenda recorrente en tantos lugares de Galicia; asistimos engaiolados a unha partida de “bolos” celtas que, aquí, acada categoría internacional<sup>17</sup>; observamos abraizados a devoción que convoca milleiros de persoas ante o milagreiro San Bieito que quita as espullas pero tamén axuda os labregos, pois todos saben que “San Bieito rega a eito”; e vemos o cambiante cruceiro que marca o “lugar do acordo”, punto capital do que puido ser o concello do Val Miñor.

A vida, pois, espectáculo interactivo, aglaio permanente, misterio cativador, leva un andar vagaroso en Gondomar e cómpre alimentar o seu carácter apracible e amable asomándose aos miradoiros de Prado, San Antoniño ou A Portavedra para gozar as máis fermosas pinturas da Natureza; engordar a alma escoitando a banda de música de Vincios ou a coral Cantares do Brión<sup>18</sup>; adozar o padal con produtos artesáns que lle dan fama a esta vila: trenzas, bolears, rosquillas e melindres; e brindar por ela, pola vida, con alvaríño de Vilaza usando a fórmula ancestral, sabia e alegre de pendurar no aire un berro de ilusión con acento de cántiga, de aturuxo e de esconxuro auténtico: ¡d’hoxe nun ano!

E cando cae o pano do sono anunciando o descanso, un soño gratificante recórdanos que estamos a participar no espectáculo da vida dende un dos mellores lugares posibles, dende o gran teatro que inaugura o Val Miñor: Gondomar.

## Notas bibliográficas e documentais

- 1 O Sendeiro das Greas, o máis longo dos de Gran Percorrido en Galicia, discorre por todos os municipios da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, atravesando paraxes de gran beleza paisaxística ou monumental (miradoiros, fragas, muíños, petróglifos ..). Ten unha lonxitude total de 247 Km. dos que máis de 22 serpentean polo municipio de Gondomar.
- 2 Ver pé de foto nº 27.
- 3 Trátase da ruta que seguiu Antonio Alonso Ríos para fuxir da represión desencadeada despois do estalido da guerra civil, no 36. Era mestre, escritor, líder agrarista e político; despois de rematar Maxisterio en Santiago emigra a Bos Aires onde exerce de mestre e realízase como xornalista e líder agrarista. Coa proclamación da II República volve a Galicia como representante da “Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales”. Finalmente foi elixido deputado dentro do Partido Galeguista e traballou arreo a prol do Estatuto de Autonomía. Despois da sublevación militar do 36 participou na organización dun comité de defensa en Tomiño o que o abocou a converterse nun fuxido. Pasou algún tempo vagando polos montes ata que decidiu unha estratexia ben organizada para pasar a Portugal. Converteuse en esmoleiro e traballador ocasional, deambulando por varios concellos sempre próximos ao país veciño, entre eles Gondomar. Para maior seguridade inventou unha nova identidade e unha biografía moi completa por se era interrogado. Naceu entón o portugués afincado en Galicia Afranio de Amaral, nome que tomou emprestado dun naturalista brasileiro. Así pasa varios meses ata que consegue entrar en Portugal e, dende alí, embarcar de volta para Bos Aires, onde participou cos outros emigrados políticos na constitución do Consello de Galicia, o noso goberno no exilio, do que foi presidente á morte de Castelao. En 1979 publicou o libro *O señor Afranio*. Ou como me rispei das gadoupas da morte, no que relata todas estas peripecias. Previamente tiña publicado, polo menos, outros cinco libros en galego.
- 4 Xosé Luís Méndez Ferrín, na súa faceta de colaborador xornalístico, ten escrito en innumerables ocasións sobre os curros en xeral e nomeadamente sobre os de Gondomar, entre os que destaca na súa preferencia o curro do Galiñeiro, porque

*... o curro d'O Galiñeiro é o máis vigués de todos, porque boa parte do seu gando anda e reproducese dentro do termo municipal de Vigo, sen que ningún dos alcaldes e corporacións municipais desta cidade que a tanto aspira se teña nunca decatado de tal singularidade.*

Recentemente un grupo de persoas preocupadas pola cultura de noso e coordinadas polo Instituto de Estudos Miñoranos decidiu rescatar a maioría dos artigos



sobre curros do Val Miñor da autoría de Ferrín, publicados ao longo de moitos anos en “Faro de Vigo” e “Luzes de Galiza”, e xuntalos nun volume titulado *Nós, Galiñeiro* en edición do citado IEM.

- 5 O concello de Gondomar, a través, principalmente, da concellería de Cultura, pero non só, vén programando un número moi importante de actividades culturais, ao longo de todo o ano, de índole variada: concertos de grupos de recoñecido prestixio, pero tamén dos que empezan, proxeccións de películas, exposicións fotográficas, teatro, danza... Isto, non só abranguendo todo o ano senón tamén todo o territorio.

Por outra banda, son moitas as entidades e asociacións culturais que realizan actividades no noso municipio. Entre Centros Culturais, Asociacións de Veciños, Comunidades de Montes e Asociacións Culturais podemos contar máis de vinte. Dúas sobresaen especialmente polo seu intenso e importante labor cultural:

Espazo Lectura. É unha asociación, sen ánimo de lucro, para o fomento e a animación á lectura que realiza moi interesantes e altamente valoradas actividades, principalmente dirixidas a un público infanto-xuvenil, pero non só, xa sexan periódicas ou puntuais, xa sexan de ocupación do tempo de lecer ou de carácter formativo. Podemos citar, a xeito de exemplo, Contomar, Cumprecontos, Lendo contigo, Setevidas, Lecturas debuxadas, Club de formación lectora, Ciclolecturas, Unha noite na biblioteca, Dar de ler coma quen dá de beber, Talleres de ilustración, Bookcrossing no Val Miñor ou Expolecturas. Ten ademais unha liña de publicación de libros e opúsculos relacionados coa súa actividade, eL publicacións.

Instituto de Estudos Miñoranos. É unha asociación, sen ánimo de lucro, cuxo obxectivo é promover a cultura galega en xeral e, de maneira especial, a relacionada co seu ámbito de actuación, o Val Miñor, mediante labores de asesoramento, organización de actividades e publicación de libros. A súa sede, Aula de Cultura Ponte de Rosas, local cedido polo concello de Gondomar, acolle unha importante biblioteca, integrada no Proxecto Meiga, a Sala de Exposicións, con programación durante todo o ano, e a Sala de Conferencias, na que se celebran as coñecidas Tertulias do IEM e, ademais, moitas outras actividades de carácter puntual, como presentación de libros ou charlas divulgativas da máis diversa índole. Estrutúrase en seccións para mellor abranguer todos os eidos da cultura: Arqueoloxía, Etnografía, Filoloxía e Literatura, Exposicións, Xuventude, Memoria Histórica, etc. Ademais de contar con actividades periódicas, como as Xeiras, as Tertulias, o Premio de poesía Victoriano Taibo – Entidade Local de Morgadán, o Premio de Xornalismo Nano Cambeiro ou as citadas exposicións, ten realizado infinidade de intervencións específicas, algunhas delas moi significadas, como os actos e publicacións conmemorativas do Centenario das Escolas Proval ou da Volta dos Nove. Ten, ademais, un gran número de

publicacións, algunhas cíclicas, como os poemarios ou traballos premiados (Taibo, Cambeiro), ou a Revista de Estudos Miñoranos e os seus Monográficos, e moitos máis cando xorde a oportunidade de dar ao prelo un libro de interese dentro dos obxectivos que informan a asociación.

Por outra banda, Gondomar dálle acubillo a un abundante número de artistas, escritores, músicos, intelectuais de todos os ámbitos, ben nativos ben adoptados que escolleron este concello para gozar as agradables perspectivas que, aquí, lles ofrece a vida.

- 6 Parece que no ano 1958 veu destinado a Gondomar un garda civil procedente de Pontearreas; o seu fillo, xa mozo, fixo amizade coa xuventude da vila e brindoulles a idea de imitar a ornamentación das rúas con alfombras de Corpus, actividade na que participara no anterior destino de seu pai. A idea callou e enseguida se formou un animoso grupo que organizou e liderou a confección dos primeiros tapices que se realizarían en Gondomar na festividade sinalada. Entre os promotores daquela inicial obra de arte efémera, un grupo numeroso, sobresaíron polo seu liderado e implicación Diego Viruel, sarxento da policía municipal, e Ramiro Valenzuela (Mirucho). Cóntame Gilberto Vila que tamén el colaborou nesta primeira edición conseguindo que Carmen Parada, pola altura xornalista de “Faro de Vigo”, viñese á nosa vila e fixese unha reportaxe dos traballos que se estaban a realizar; non sei se nalgún sitio se garda a noticia; en caso negativo sería interesante que alguén a rescatase da hemeroteca. Dende aquela, ininterrompidamente, Gondomar esperta o domingo seguinte ao xoves de Corpus coas rúas iluminadas de pétalos e follas que, agrupándose en motivos xeométricos, relixiosos, infantís ou florais, servirán de alfombra para os pés dos cativos e cativas que aproveitan ese día para vestirse de ilusión e de primeira comunión. O sábado anterior ao día sinalado, pola tardiña, o tráfico queda cortado no centro da vila e as rúas son tomadas por deseñadores e traballadores, todos voluntarios, que estarán toda a noite debuxando, perfilando e “pintando” con flores un número non pequeno de tramos (15, este ano, con 1000 metros cadrados de superficie). A ninguén se lle escapa que, para realizar esta xornada nocturna, houbo unha organización e un traballo previos de moitas horas: buscar os equipos, idear os deseños, facer abasto de flores, esfolalalas, clasificalas, almacenalas, etc. Hai un tramo que ten unha dificultade especial: a escalinata da igrexa, que conta cuns 40 banzos e son cubertos por unha alfombra previamente confeccionada sobre plástico resistente coas flores pegadas, formando un verdadeiro tapiz que se deposita na subida ao templo adaptándoo aos sucesivos chanzos e descansos.
- 7 Botamos de volta man da pluma de Ferrín que falou deste fenómeno xeolóxico en moitas ocasións. Reproducimos un parágrafo tomado do seu artigo “Misterios do Monte Galiñeiro” aparecido o 30 de decembro de 1994 en “Faro de Vigo” e que figura tamén no libro *Nós, Galiñeiro*, antes citado:

*O segundo enigma d'O Galiñeiro é de carácter mítico. Ao Sur d'As Gallas, e antes da Botella, abre as súas fauces unha cova, que inmediatamente nos lembra o "formidable de la tierra/ bostezo el melancólico vacío" do Polifemo de Góngora. É coñecida na tradición das aldeas veciñas como a Igrexa da Becha, pois nela habitaba unha enorme becha ou cobra que devoraba as ovellas e cabras que pacían o toxo molar das abas da Serra. Para se libraren do temíbel dragón, que ao mellor era unha muller chamada Melusina, coma no relato medieval, os pastores depositaban na cova ofrendas de leite fresco e velas acendidas cuxa chama significaba culto e adoración relixiosa. Desde lonxe, desde o pé do Coto do Mediodía, por exemplo, o pedo que cobre a Igrexa da Becha parece ter a forma dunha enorme serpe, irmá, segundo parece, da que habitaba na sima d'O Pico Sagro.*

*Pois ben, os camiños da vida lévannos hoxe ao abismo do imaxinario colectivo. Un grupo de mozos excursionistas acábame de informar de que, estes días de vacación, acharon no interior da cova unha cunca con restos de leite e unhas candelexas de aceite na que flotaban mariposas apagadas. Signo inequívoco de que o culto á serpente está a ser restaurado tras tantos séculos de cristianismo e de que aquel lugar volve ser un santuario: a Igrexa da Becha.*

18

Algunha variante desta lenda indica que as vítimas do degoro da becha eran as doncelas, aínda que neste caso parece menos plausible que a puidesen acougar con leite.

- 8 Sobre este personaxe recolleamos as palabras que, na presentación do libro *O Son do Río*, editado polo IEM, pronunciou o seu director Carlos Méixome:

*Trátase de don José Domínguez Rial, máis coñecido polo "Lucas", alcu-me herdado do seu pai. Naceu en 1867 e como moitos outros miñoráns cruzou o Atlántico para gañar a vida. En Montevideo aprendeu o oficio de fotógrafo, estableceuse e acadou sona co estudio, constituído en sociedade, Domínguez & Peragallo, que tiña os seus locais no nº 21 da céntrica rúa Mitre de Montevideo. Don José, "O Lucas", nunca esqueceu o Val Miñor natal e como outros "indianos" que acadaran certo éxito económico, regresou unha e outra vez. Seica o fixo en preto de vinte ocasións. As súas viaxes eran tamén por motivos laborais. No seu Chaín natal tiña taller. Traía e levaba placas fotográficas dunha á outra beira do Atlántico. Moitas delas servirían como auténticas actas de defunción ou de vida. Faleceu nonaxenario a finais da década dos cincuenta.*

- 9 Victoriano Taibo García naceu en Santiago de Compostela o día 25 de abril de 1885. Na cidade natal estudou Maxisterio e contactou co movemento galeguista

a través da Irmandade da Fala local. Colaborador habitual d'O Tío Marcos da Portela e outras revistas e xornais da altura, estivo integrado no Instituto de Estudos Históricos do Minho e en 1948 ingresou na Real Academia Galega co discurso, respondido por Otero Pedrayo, *Rosalía de Castro, precursora da fala*, publicado pola institución en 1972.

Amais da abundante obra espallada en diversas publicacións, Victoriano Taibo viu editados tres títulos da súa autoría: os poemarios *Abrente* (1922) e *Da vella roseira* (1925) e o libro de narracións *Da agra aberta, contos e lèndas* (1956).

O exercicio da súa profesión de mestre levouno a Ortigueira, Cambre, Xinzo da Limia, Morgadáns e, finalmente, Vigo, onde moraría ata a súa morte, acontecida o 13 de marzo de 1966.

Cómpre salientar que Morgadáns foi a localidade que recolleu máis anos da súa vida e docencia, pois alí chegou en abril de 1930 e marchou ao seu derradeiro destino (Vigo) en xullo de 1950, longa andaina da que hai que descontar a paréntese de catro anos en Villalar de los Comuneros, exilio imposto por sanción gubernativa como consecuencia do seu galeguismo. Esta vinculación con Morgadáns quedou reforzada en novembro de 2008 grazas á homenaxe que recibiu, organizada polo IEM e financiada pola Entidade Local Menor daquela localidade, no que, entre outras cousas, colocouse unha placa conmemorativa na súa escola de Guillufe, presentáronse varios libros da súa autoría ou relacionados con el (unha edición dos poemarios inéditos *Abicedo* e *Cabrinfolas*, realizada por Follas Novas en edición dirixida por Armando Requeixo; unha reedición do libro *Da agra aberta, contos e lendas*, realizada polo IEM en edición dirixida por Miguel Anxo Mouríño; e unha Revista monográfica do IEM que contén interesantes estudos sobre a súa vida e obra), e, o que é máis importante, instituíuse o certame anual de poesía Victoriano Taibo – Entidade Local de Morgadáns, que vai xa pola quinta edición e amosa unha participación en número e calidade que o consolidan como certame de referencia no sistema literario galego.

- 10 Lois Tobío Fernández (Viveiro, 13 de xuño de 1906, Madrid, 13 de marzo de 2003) foi diplomático, escritor e tradutor, fundador, xunto con outros intelectuais da época, do Seminario de Estudos Galegos e redactor do Estatuto de Autonomía durante a II República. Seguramente foi a súa profesión a que o inclinou a investigar en profundidade o seu colega Diego Sarmiento de Acuña, I conde de Gondomar, e escribir unha serie de libros e ensaios sobre este persoeiro, como *Catro ensaios sobre o Conde de Gondomar* (Patronato Ramón Otero Pedrayo, 1991), *Gondomar y los católicos ingleses* (Edicións do Castro, 1987), *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh* (Bibliófilos Gallegos, 1974) ou *A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca* (Edicións do Castro, 1984). Non cabe dúbida de que foi quen máis contribuíu, despois

do propio conde, a divulgar o nome de Gondomar, mérito que o concello agradeceu nomeándoo fillo adoptivo e pódolle o seu nome ao Auditorio Municipal; el correspondeu agasallándonos co orixinal, daquela inédito, do seu último traballo sobre o conde: *Dous embaixadores: Digby e Gondomar*, que foi publicado polo IEM en 2005.

- 11 Reproducimos algunhas palabras pronunciadas por Carlos Méixome, director do IEM, na presentación do libro, editado pola citada entidade, *O Son do Río*:

*Manuel Losada Carrera, un dos grandes triunfadores que regresaban de América, non sen certa fachenda, dispostos a desempeñar un papel de relevo nas terras nativas, doou, o 14 de outubro de 1911, ao concello de Gondomar un solar a fin de que nel se construíse un centro escolar, do que restan os arcos que pechan esta agarimosa praza, nos que se conserva unha placa en lembranza dos seus proxenitores Bernardo e Manuela. Foi un dos promotores da "Unión Hispano - Americana Valle Miñor" constituída en Bos Aires o cinco de xaneiro de 1905. Esta sociedade sería a impulsora das Escolas Pro Val que iniciaron a súa xeira en 1909 e logo, en 1915, trasladáronse ao edificio actual, en Vilariño (Nigrán). Losada Carrera, que case arruína "Tranvías Eléctricos de Vigo", a empresa que presidía, por traer o tranvía a Gondomar, non rematou con boas relacións cos seus colegas e en 1927 escribiu un libro que titulou Vigo y su progreso e subtitulou Un puñado de verdades no que se dedica e zouparlle pancadas a quen se lle pon diante e moi especialmente a Manuel Lemos.*

- 12 Manuel Hermida Losada, coñecido entre os seus paisanos como Anía e no mundo do fútbol como Hermidita, naceu en Gondomar o 27 de novembro de 1924 e aquí viviu ata o seu pasamento o 17 de setembro de 2005. Foi o máximo expoñente dunha familia de bos futbolistas: os seus tíos Pepe e Ángel (Carburo) Hermida, tamén xogadores do Celta, e os seus irmáns Lito, Enrique e Carburo, do Gondomar F.C. Empezou a súa carreira deportiva nas filas do Peñasco e do Berbés e aos 20 anos fichou polo Celta, o equipo da súa vida, no que xogou, ao longo de doce anos, 170 partidos. Nese tempo marcou 107 goles que constitúen unha marca poucas veces superada en calquera equipo e segue a ser o récord no seu. Segue a ser, tamén, o máximo goleador do Celta nun partido, con 5 goles marcados ao Tarragona. Os seus éxitos provocaron ofertas millonarias do Barcelona e o real Madrid que foron rexeitadas, porque para Anía, segundo declarou nunha entrevista publicada pouco antes do seu falecemento, *"fichar polo Celta foi a satisfacción máis grande que tiver e non o cambiaría"*.

- 13 Manuel Copena Araujo, Nolete, naceu en Gondomar o 22 de novembro de 1911. Xogou 113 partidos no Celta, dende 1932 a 1943, e marcou 96 goles, nalgunhas

ocasións en momentos decisivos: o da vitoria para ascender a 1ª división en 1936, o primeiro gol marcado nesta categoría, o tanto que evitou o seu descenso o ano seguinte e o que clasificou o Celta para cuartos de final da Copa de España. Segundo as súas propias declaracións, chegou a "probar polo Madrid, pero eu quería a miña Galicia, quería o meu Celta". Despois de exercer durante a súa vida laboral a docencia no Val Miñor e Vigo, foi alcalde de Baiona e faleceu en 1987.

- 14 Álvaro Nuñez Marcial, Alvarito, naceu en Vigo, na Ribeira do Berbés, o 21 de decembro de 1912; tiña gran relación con Gondomar xa que veraneaba nesta vila e, cando se retirou como futbolista, afincouse definitivamente nela onde puxo un bar á beira da estación do tranvía: o "bar Alvarito". Aquí faleceu con 79 anos en 1991. Despois de militar no Deportivo da Coruña, fichou en 1939 por un Celta en primeira división e con el xogou cinco anos, ata que o equipo baixou a 2ª; Alvarito non acadou entón o acordo necesario coa directiva e deixou o Celta, pero aínda xogou varios anos máis en 1ª nas filas do Español de Barcelona e do Real Murcia, para rematar a súa etapa de xogador no Gondomar F.C. Foi, despois, adestrador de varios equipos, entre eles o Celta e o Gondomar. O seu posto era de medio centro, o que hoxe sería defensa central, e din que foi un futbolista varudo que mesmo chegou a xogar lesionado.

- 15 "Traballar para o inglés" é un dito bastante estendido por Galicia, co significado de traballar sen obter ningún froito ou beneficio. Hai varias teorías sobre a súa orixe; unha delas fai referencia ás incursións dos corsarios ingleses, especialmente Francis Drake, nas nosas costas para roubar, entre outras cousas, as colleitas, que utilizaban para abastecerse; o resultado era que os labregos e mariñeiros, e outros artesáns tamén, afectados fixeran o seu traballo para que o inglés levase o froito.

- 16 Pepa A Loba foi, na lenda, a bandoleira xenerosa de Galicia, que percorría coa súa cuadrilla, a cabalo e acompañada por un can, as fermosas paisaxes da provincia de Pontevedra. Parece que, na realidade, naceu na Estrada na primeira metade do XIX; maltratada pola vida, sendo moi nova ingresa no cárcere por un delito que non cometeu. De carácter forte, foxe da prisión, comete o seu primeiro crime como vinganza de quen a acusara falsamente e bótase ao monte liderando unha cuadrilla que, por algún motivo, consegue instalarse na memoria do pobo cunha mestura de medo e admiración. Moitas localidades relatan historias con Pepa como protagonista, pero sabemos que non puido estar en tantos sitios e que, ademais de estaren adobiadas con elementos tirados da imaxinación popular, moitas delas son totalmente inventadas. En Gondomar sitúan a nosa bandoleira acampando no Monte Aloia, asaltando en lugares deshabitados e tenebrosos e mandando buscar, nunha noite de inverno, certa parteira para que a atendese nun dos partos que se lle atribúen.

- 17 O seu nome patrimonial é Birlos Celtas, pero a interferencia do castelán substituíu, seguramente para sempre, a palabra autóctona pola foránea de Bolos, quedando

a pegada da orixinal só no nome dunha das xogadas deste deporte. Deporte que era tan practicado nos concellos do Val que, antes da competencia imparabile da televisión e o fútbol por acaparar o tempo de lecer, podíanse ver pedras de birlos por moitos lugares das aldeas; e digo pedras e non campos de birlos (que tamén os había, aínda que en cantidade moito menor) porque se trataba de espazos útiles para as actividades da vida cotiá que se habilitaban no momento de botar unha partida con só escavar o foxo de caída, que debería quedar tapado de volta ao finalizar. Facíanse retos entre grupos de diversos lugares e o premio habitual para o campión era gozar das delicias dun cabrito, un año ou un carneiro que todos xuntos degustaban e que pagaban os perdedores. Hoxe os grupos ou equipos están federados e participan en competicións oficiais galegas, españolas ou internacionais, xa que este deporte está presente no norte de Portugal, no norte peninsular e nos centros galegos de Bos Aires e Montevideo.

O campo de xogo consta dunha base de lanzamento, de 35 ou 40 cm. de altura; un foxo de caída, que axuda a conseguir maior precisión e forza na tirada, xa que o lanzador retira cara a atrás o brazo coa bola, para que colla máis inercia, e imprímelle un movemento brusco cara a adiante, movemento que se inicia na base e remata xusto cando o xogador se deixa caer no foxo; a pedra birleira, que debe estar lixeiramente inclinada cara á base de lanzamento e ter unha liña de pequenas superficies

circulares en baixorrelevo para plantar os birlos, habitualmente 18 (debe estar á mesma altura cá base de lanzamento); e a raia de 10 puntos, liña en arco situada a 21 metros da pedra birleira. Úsanse bolas macizas de madeira e birlos cilíndricos, aguzados nun extremo, duns 15 cm. de altura; ambos utensilios adoitan ser de buxo e deben estar ben mollados antes de comezar para aumentar o seu peso e contundencia. O xogo ten dúas partes; a primeira consiste en lanzar a bola con forza para tirar o maior número de birlos e o máis lonxe posible; para que a tirada sexa válida a bola debe traspasar a raia de 10; se é válida, os bolos que tamén a traspasan valen 10 puntos cada un e os que non, pero están deitados, 1 punto. En caso de xogada válida, a segunda parte do xogo consiste en birlar dende un punto axeitado da raia de 10, é dicir, tirar a bola a rente o chan para deitar cantos birlos poida (que estarán plantados de volta) para conseguir 1 punto por cada un.

- 18 Hai en Gondomar unha importante cultura musical que se manifesta nas múltiples actuacións que acolle ao longo do ano, pero sobre todo no sorprendente número de grupos que se dedican a interpretar música de todo tipo, dende folk ata rock bravún, en moitos casos de autoría propia. Se é difícil atopar algunha parroquia que non conte con algún destes grupos, é máis abraiante a extraordinaria actividade que se dá en Vincios, de onde proceden a Banda e o Coro citados, parroquia que conta con máis de oito agrupacións musicais de diversa índole.

retallos de

**GONDOMAR DO MIÑOR**

## Herdanza

Arfa. Só o peito se move no seu corpo tenso que crea unha figura de aparencia guerreira. Desde aquí poderá descubrir a chegada dos homes dacabalo, polos relampos do sol nos seus cascos. E entón sairá correndo de novo, onda os seus.

Escollérona a ela porque foi a primeira en andar de todos os cativos que naceran aquela primavera, porque nunca enfermara e porque ía cos homes á caza dos porcos bravos. Cando por fin comeza a respirar pausadamente, repara nas grandes illas que os defenden do que non se pode ver, mais non deses homes que falan unha lingua estraña e van cubertos de metais refulxentes. Os homes que empuñan os “gladius”, os homes que rouban todo o que atopan ao seu paso.

Mentres vixía, pensa. Pregúntase se seguirá viva despois de que o sol se poña, se seguirá neste lugar, se poderá seguir adorando as illas que os defenden, se un día outra muller coma ela sentará tamén neste lugar para asexar a chegada doutros guerreiros sanguinarios.

Dous mil anos despois, outros ollos contemplan a distancia, senten a vertixe do Val e procuran as augas de todos os regueiros que conflúen no Miñor: Touróns, Seide, Toutediras ou Morgadáns. Regatos ao pé dos que se ergueron os muíños hoxe esboroados. Desde as pedras do Curutiño do Matalagartos xa non se ve unha extensión de bosques e auga. Tellados e tellados compoñen unha paisaxe profundamente humanizada.

As mulleres e os homes abandonaron os cumes da Paraguda, agora viven onde o río é máis ancho, de costas aos petróglifos, que son a testemuña certa de que a súa estirpe vén de moi, moi lonxe.

Nas terras das que bebe o Miñor, mulleres e homes que non lembramos foron deixando a súa pegada, ás veces imperceptíbel, neses teixos ou érbedos que resistiron ás plantacións de eucaliptos. Outras veces moi próxima, aínda que non reparemos nela, como eses nomes que nos contan a historia de cada pedra, cada volta en que o vento peitea aínda o lombo das eguas indómitas. Sempre nesta lingua que mantemos viva e na que nos gusta dicir: rabaqueta, marrucho, follarca.

É a nosa herdanza. E nós, que a recibimos, debemos entregala, intacta, aos que despois de nós seguirán neste Val, enchéndoo de vida.

Marta Dacosta.

## GONDOMAR DENDE PRETO DO ALTO DO VISO

Vista nocturna e parcial do municipio, inserido no Val de Miñor, ao sur das Rías Baixas, ollado dende Couso. En primeiro termo, apenas se adiviña a morfoloxía e o casarío da vila a través dalgúns dos farois que abastecen de luz artificial o seu espazo urbano; só se deixan intuír as rúas aliñadas co obxectivo da cámara, as demais camúflanse na noite. Á dereita dela o barrio d’O Picoto e o curuto arborado que lle dá nome, á esquerda a masa forestal do bosque e xardíns do Pazo do Conde cubrindo totalmente a casa señorial, as murallas, e a torre de vixilancia dende a que, en tempos, se controlaba a Enseada de Baiona. Baixo esta mancha vexetal, os barrios de Bade e Sequeirós; ao fondo, a península de Monteferro, as illas Cíes e o Océano Atlántico.



... Do mesmo xeito a como veu facendo ata o de agora, o can é quen propón a ruta. As rúas elixidas vense transitadas por persoas e coches, máis destes que daquelas, baixo un sol xa alto a estas horas da mañá. Algo máis tarde, inmersos nas entrañas da poboación, paso ante unha fonte. É de fundición de ferro e álzase ao acubillo dun vello e fermoso magnolio que habita un decadente xardín indiano. Moi belo. Ao tempo que trala miña presión flúe a auga, unha vella con pinta de beata, mentres descansa a carón da fonte, baixo a árbore, cóntame cantas fontes ten a vila e deixa caer que inda conserva unha, das dúas que manaban, con nacente de auga milagreira. Expóñolle o meu pouco apego a esas crenzas, pero, ollando o grao de incompreensión e des-  
acougo que mostra a súa face, tranquilízoo; fágolle ver como só desexo refrescar a cara. Despídome. "Otro es el río que persigo", replica con tristura, "el río secreto que purifica de la muerte a los hombres"<sup>1</sup>

24 Bulo ao decatarme da dianteira que me colleu o can por culpa da leria da beata. Xa o teño preto cando, de súpeto, un taxista mal encarado zapatea forte coa intención de escorrentalo, crendo, se cadra, que podería mancharlle o coche, ou vai ti saber que. Unha colega súa, fraca como un pau e desganada, regrimínoa. El, sen volverse, insúltaa. Non fago caso, levanto a vista. A luz non é cegadora, non pode selo neste lugar. A vila, a treitos, posúe unha luz dunha dificilmente perceptible e delicada cor tella. Unha luz atractiva, peculiar, cuxo cromatismo adquire por rebote. Non podo pararme, non me paro. Tortúrame o recordo daquel son seco que, na escuridade da noite, precedeu os ouveos de dor emitidos polo infeliz can mentres se afastaba coxeando do coche que eu, canso da viaxe, guiaba. Paso á beira dunha papelería a cal pretende, sen conseguilo, ser librería e vexo como no escaparate ofrece, xunto a un monográfico sobre Vitoriano Taibo, un exemplar, comido polo sol, de *El amor a la ciudad*. Ninguén. Non hai ninguén na papelería, nin tampouco na rúa. Só ao lonxe distínguense dous vultos, un vermello, outro negro. Cando logo dun tempo nos cruzamos, escoito como a dama lle di á nena:

*Canta onde nada existe  
O rouxinol para seu bem,  
Ouço-o, cismo, fico triste  
E a minha tristeza também.*<sup>2</sup>

1 J.L. Borges no *El Aleph*.

2 Fernando Pessoa. *Noventa poemas últimos* (1930-1935)

Dende o alto da vila chegan sons de campás. Non entendo a mensaxe pero entristécenme, sóame a lamento; coma se morrese alguén. A dor dos pés sácame dese pensar. Quero socorrer o coitado can...

Fragmento do artigo "Atmosfera", publicado, en abril do 2011, no xornal dixital "Valminor\_info".

Antonio Soliño Troncoso

#### RÚAS EDUARDO IGLESIAS E ÁNGEL URZAIZ

Estas rúas son consecuencia das transformacións territoriais que sofre a vila na segunda metade do XIX tras a execución das estradas que, atravesándoa, terminan por comunicar O Porriño coa costa, n'A Ramallosa, e a Gondomar con Guillarei, en Tui. Hoxe, ambas as dúas forman parte do conxunto construído que é imaxe icónica da vila, e en Eduardo Iglesias podemos atopar unha das cinco fontes que inda se conservan das seis que tivo aquela.





Hai unha serie de lugares en toda vila que pertencen ao imaxinario do conxunto dos seus habitantes, aqueles espazos que nos veñen á mente cando a evocamos ou tratamos de describila, e que son os que a caracterizan, distinguen e diferencian doutras. A fotografía representa un destes lugares, o peculiar cruzamento en "T" entre as rúas Elduayen, Eduardo Iglesias e Ángel Urzaiz, que estrutura a traza do núcleo urbano e onde contamos coa presenza de tres edificacións de calidade: a casa de Dona Ascensión, a casa dos Peralba e a Farmacia de Villoch.

Unha das razóns que cualifican este espazo é a escala destas tres edificacións respecto da rúa, que se mantén nunha altura de baixo e unha planta. En xeral, e mentres se manteña esta escala aos dous lados do cruzamento ao longo das rúas Eduardo Iglesias e Ángel Urzaiz, o espazo público mantense cunha calidade máis que aceptable, sendo a zona da vila que achega máis a este imaxinario colectivo. É unha necesidade preservar estas edificacións e este carácter, sinais de identidade da vila, pois cando se deu paso á escala de baixo máis tres pisos, a sociedade non foi capaz de xerar en Gondomar edificacións e espazos públicos de calidade que merezan a pena ser recordados e incorporados a este conxunto de imaxes colectivas, como se pode constatar ao longo da rúa Elduayen.

26

Sería moi interesante recuperar a presenza dun arboredo de porte medio ao longo destas rúas, tal e como o tivo en tempos a rúa Eduardo Iglesias, pois ademais das súas calidades ambientais inherentes, como estacionalidade, cor, floración, etc, serían capaces de matizar a presenza da edificación máis alta e transformar espacialmente e ambientalmente as rúas en positivo.

Vicente Pintos

#### AVENIDA ELDUAYEN. VISTA PARCIAL

Naceu, ao igual que a rúa Eduardo Iglesias, no inicio da segunda metade do século XIX, a raíz da apertura da estrada a O Porriño e, como a anterior e Urzáiz, estivo pavimentada en taco de granito gris de igual maneira que o están a maioría das que conforman o casco urbano; pavimento que, estamos convencidos, algún día recuperará. É a comunicación máis directa, dende a vila, coas praias de fina area que se estenden a ambas as dúas beiras da Foz do Miño, espazo incluído na Rede Natura 2000 da Unión Europea.





## Un galego na escaleira

Eu nacín nunha escaleira. Miña nai, mal raio a parta, cuspiámo día si e outro tamén; ti naciches nunha escaleira, demo, que non hai quen te entenda! O que non a entendía era eu, cona.

Nacer nacería... e, claro, o lugar onde naces márcache a vida. Se cadra é por iso polo que me chaman o Escaleiras. Será. Non si?

Seica si, non sei. O caso é que agora vivo ao pé dunha escaleira. O bo de vivir ao pé é que non tes que subila nin baixala. Ás veces súboa e báixoa porque teño que facelo. É unha escaleira xeitosa, aínda que a min as que me gustan son as de caracol. Nas de caracol tanto ten que subas ou baixes porque che é o mesmo: non dás entendido se estás ao principio ou ao final. O único que fas é dar voltas sobre ti mesmo, que é o que fai o mundo. O mundo non é máis ca unha escaleira. Como a vida. E se eu nacín nela será porque nacín no mundo, non é? Pois é, non. E se eu subo e baixo a escaleira aínda que viva ao seu pé é polo do colesterol, que me dixo o médico que subindo o baixaba. Como non o baixo é baixando, pero unha vez que subo teño que baixar para volver subir. E ás veces súboas e báixoas tantas veces que xa non sei se estou a subir ou a baixar. As escaleiras é o que teñen.

28

Ora, non hai escaleira coma a da nai que me pariu. Carallo coa cona que puido librar nun sitio así! Era costenta coma unha escada de man. Pero moito a subín de cativo! Aquela era escaleira de subida, que para baixar voaba co cu polo pasamáns abaixo. Aínda non sei como non rompín a crisma polo oco. Alí non enganabas; sempre subías. Para baixar non a pisabas. Subindo debeu ser como me botou a bendita finada de miña nai, a xulgar polo moito que maldicía.

Total, para acabar vivindo ao pé dunha escaleira. E, agora que non teño que subila, súboa. Súboa e báixoa. Báixoa para subila, que non a subo para baixala. Éche xeitosa, a fodida escaleira. Cando non estou a ben na casa, tamén vou para a escaleira. Sento o cu alí, a pasar as horas. Agora xa ninguén a usa, desque inventaron o ascensor. O ascensor disque o inventou un galego para tapar o oco da escaleira. Non quería ninguén a espreitar se subía ou baixaba. Neste tempo xa non se espreita nada porque a vida é un ascensor. Pero eu prefiro a escaleira. Os ascensores fixéronse para subir. Súbenche o colesterol. Báixanche a vida.

Fran Alonso

### ARQUITECTURA RESIDENCIAL DO XIX

Escaleiras da Casa de Simeón ou Casa de Dona Ascensión. Esta escaleira, construída en madeira e dotada de balaústres de fundición de ferro, simboliza a arquitectura doméstica do XIX e principios do XX que pobo a vila. Unha arquitectura cuxa pauta máis característica en fachada, elemento arquitectónico que axuda a caracterizar o espazo urbano, consistía na definición de ritmos, escalas e xerarquías a través do enmarcado dos ocos en pedra de granito, mentres os marcos aparecían recebados e pintados, xeralmente en gris cinza ou no vermellón que Aubrey F. G. Bell relata no seu coñecido libro de viaxe; hoxe, a maioría, por causa dun trivial modismo, desafortunadamente repicados.





Aló ao fondo do Val do Miñor onde se xuntan os ríos Zamáns e Peitieiros para formar o río Miñor que dá nome á bisbarra, aséntase a vila de Gondomar, centro do Concello máis agrícola dos tres que conforman a paisaxe recollida no recuncho que limitan as serras d'O Maúxo, O Galiñeiro e A Groba, e aberta ao mar de Baiona que cerra nas illas Cies.

A vila de Gondomar, o mesmo que toda a bisbarra onde se asenta, foi de sempre lugar residencial de antigas familias que lucían os seus brasóns no alto da chamada "Casa grande", pero tamén daqueles que desenvolveron ou desenvolven o seu traballo noutros países ou lugares e volven ao pracenteiro descanso que lles brindan a tranquilidade e lecer destas paraxes. Condes, profesionais da medicina, da avogacía, da farmacia, da enxeñería, comerciantes, industriais, políticos, emigrantes, ou sinxelos veciños, ricos ou pobres, ou doentes que souberon da xenerosidade dos demais impartida polo "Hospitalillo", con nomes e apelidos que se poden recordar, ou simples habitantes anónimos.

Noutro tempo, non de tan lonxe como para non lembrarse del, e ao mellor pola celebración das feiras do gando, acudía, ademais de moita xente para mercar ou vender e rematar o trato diante dun prato de callos e unha cunca de viño –no Mineiro, Aquilino, ou en furanchos que se anunciaban cun ramo de loureiro colgado da porta–, unha bandada de moscas que enchían todos os lugares, e daquela os establecementos só tiñan unha maneira de combatelas: cuns rolos de papel engomado que penduraban do teito e onde quedaban apegadas. Iso non evitaba que o café que despachaban nos bares, casas de comida ou cafés, como o "Café de Lis", por veces estivese máis negro do normal e movéndose.

Hoxe iso xa non acontece e a xente pode gozar, sen eses inconvenientes, de festas como a do patrón de vila, San Bieito, o do verán ou o do inverno, en competencia co "San Bieito de Lonxe" en Estás ou o San Bieito de Lérez, levarlle as ofrendas de ovos, aceite, exvotos de cera, coa esperanza de que o Santo lle tire as espullas ou outras doenzas.

Tamén hoxe pode gozar doutras actividades lúdicas ou culturais, algunhas de longa tradición nas parroquias do Concello, como os musicais dos populares orfeóns, coros e bandas de música –antigo Orfeón de Gondomar, actuais Coros do Brión, e ao longo do tempo sempre unha Banda de música, a de Vilaza, a de Chaín, a de Vincios ou a de Gondomar– ou outras máis recentes e plurais como as desenvolvidas no Auditorio Municipal Lois Tobio, na Casa da Cultura ou as que promove o IEM –Instituto de Estudos Miñoranos– no Centro Cultural Ponte de Rosas.

Antonio Valverde Alonso

#### A PARADELA. BARRIO DESAPARECIDO

O barrio d'A Paradela, topónimo hoxe moi diluído, foi durante séculos lugar de remate, ao norte, da finca matriz do Condado e punto no que se constituíu a praza de referencia da vila. Será a partir do XIX cando o topónimo empece a desvanecerse ata terminar, a partir da segunda metade do XX, por mimetizarse co xeral da vila e concello. Na vista parcial que ofrece a fotografía pode verse, en último termo, sobre os tellados da brasonada casa Peralba e a tradicional casa de comidas "O Mineiro", o Montecastelo, onde, no Coto dos Mouros, ata o século XV, se emprazou o Castelo de Sancta Helenam, nos límites do que fora couto de Vilaza integrante dun territorio naquela coñecido como Turonio. Este castelo tiña como señorío solar as parroquias de Parada, Camos, Nigrán, Vilaza, Mañufe, Donas e Borreiros.



## A escola da vida

A escola da profesora Rosina estaba nesta rúa, enfronte da alameda. Este era o lugar onde todos os nenos e nenas da vila tiñamos o primeiro contacto coas letras, cos números e coa relixión.

As “pizarras”, os cadernos Rubio, o Palau onde liamos iso de: “la moto de Ramón hace ruuum...” “La i de iglesia”, aínda que moitos dicíamos “la i da misa”, non tiñamos claro a diferenza entre igrexa e misa, a algúns, pasados os anos aínda lles segue custando... ao mellor, se cadra é que non hai tal diferenza.

A mestra Rosina, unha muller solteira e moi relixiosa cunha curiosa vocación, sentaba detrás dunha mesa pequena, nunha habitación acondicionada a modo de aula, onde unha morea de nenos e nenas ás veces choromicaban, pelexaban ou durmían. Aquí neste lugar os conceptos educación e relixión semellaban unha mesma cousa.

Un pouco máis abaixo, enriba de correos, estaba a escola de Vila; esta foi a miña segunda experiencia educativa.

Curso 1972- 1973, o ano 2000 quedaba moi lonxe, no futuro, na era espacial onde todos vestiríamos uns traxes de cor prateada. Esa era a visión do futuro dunha nena de 9 anos. Aínda lembro o nome dalgúns dos meus compañeiros, Jesús de Donas, Begoña, M<sup>a</sup> del Mar, Paquito ou MariCarmen de Mañufe.

Futuro e Pasado dábanse a man.

Había algo que me chamaba poderosamente a atención; moitas veces no recreo quedabamos preto da porta de correos onde o señor Martín ou Lito, o seu fillo, lían en voz alta os nomes dos destinatarios das cartas, ante a atenta escoita de moitas mulleres, que agardaban carta da América. Moitas destas mulleres eran ben coñecidas polos carteiros, ían todas as semanas, e moitos días escoitaban iso de... non señora Carmen, aínda non chegou nada..

Aquelas mulleres que vestían de negro semellaban o rostro da emigración, o rostro do matriarcado galego que primeiro perdeu os homes na guerra e logo os fillos na procura dun futuro mellor. Mulleres curtidas, resignadas, ás que lles foron negados moitos dereitos, algún tan sinxelo como o de poder ler unha carta, por falta de escola, ás veces era o propio carteiro quen interpretaba aquelas letras que sempre comezaban coa mesma orde, do mesmo xeito... “Querida madre: espero que al recibo de esta se encuentren bien de salud quedando yo bien gracias a dios...”

E case todas remataban dicindo: “...reciban el afectuoso abrazo de su hijo que les quiere.”

A escola, as letras, os números... aprendizaxe da vida, ás veces dura e amarga como o loito dos panos negros que cubrían as cabezas de moitas nais que día tras día, mes tras mes, ou ano tras ano agardaban na porta de correos a chegada daquel sobre cos bordes raiados que puña “air mail”.

Clara de Saa

## TRAZA URBANA HERDADA DO ANTIGO RÉXIME

Cando o enxeñeiro Ramiro Pascual traza o proxecto de Reforma y Ensanche de Gondomar, en 1900, algo nada habitual na época para unha vila das súas dimensións, respecta preexistencias e, entre elas, a traza do camiño que, cando menos dende o século XVII, unía a praza d’A Paradela cos barrios d’A Ameixeira, O Picoto e actual Igrexa, pasando pola Cruz de Mera ou Cordomera. Polo tanto, estas rúas, parcialmente recollidas na fotografía cuxa perspectiva pecha a masa forestal do Pazo do Conde, son algunhas das máis antigas da vila, e ao tramo hoxe coñecido como Párroco Mariño dan fronte, se ben cubertos por un segundo muro, os restos da edificación civil máis antiga.





¡Pasaron tantos anos! Agora mesmo, vexo a foto ao cabo dese tempo que se nos esco-  
rreu entre os dedos das mans coma se fose a auga do Miñor índose veloz entre as troi-  
tas agaveladas na “peneira” do meu amigo Leoncio, que as collía a man sabendo baixo  
que pedra da canle podían ocultarse. Ao cabo dese tempo, dicía, ¡tantos anos despois!,  
miro a foto e non vexo o Concello de Gondomar nin a tan familiar “Villa Sud-América”...  
estoume vendo a min mesmo... ¿Cando, sesenta anos atrás? ¿Naqueles tempos en que  
burlabamos o fielato de Castrelos para pasar unha galiña a Vigo sen pagar peaxe? ¿Na-  
queles días en que arrombábamos as lámpadas de carburo porque chegaba “a eléctrica”?  
¿Cando baixaba dende Peroleira tirando dunha ovella remisa a cambiar de corte  
naquela feira inesquecible? ¿Cando todos os veciños do municipio de Gondomar, de  
Vincios a Couso, de Donas a Morgadáns, chamaban “tío” aos seus maiores, tío Manuel,  
tío Serafín, tío Joaquín? ¿Cando o cura era o “señor abade”? ¿Cando os “señores homes”  
sentaban na esquerda da igrexa e as “señoras mulleres” facían a dereita? ¿Os anos de  
viaxar en tranvía tan ricamente asomados ás xanelas de praia en praia, ou na “línea” co  
inesquecible Serafín ao volante? ¿Ou eran os tempos en que podía verse na anoitecida  
o espírito ou o holograma, segundo cada quen, de don Diego Sarmiento de Acuña, en  
vida Conde de Gondomar, cruzando e recruzando a Ponte das Ánimas, talvez cavilando  
en inglés mentres o río murmuraba o seu galego vello na súa incansable viaxe cara ao  
mar? ¡Pasaron tantos anos! Agora mesmo, ao cabo dese tempo que se nos esco-  
rreu entre os dedos como a auga do río burlando unha “peneira”, o que vexo é a consulta  
do doutor Fariñas, á que me levan polo aire temendo que perdese un ollo. Felizmente,  
non foi así. Pero baixáronme no colo dende Peitieiros ata a praza da foto veña a correr  
despois de que aquel rapaz que se cría D’Artagnan, o Capitán Fracasa ou El Guerrero del  
Antifaz fose levemente ferido cando, á beira do “canizo”, combatía encarnizadamente  
cunha espada de cana e gardamáns de mazá do Carme, por unha nena de pel branca  
coma unha flor e trenzas negras coma o carbón... ¡Pasaron tantos anos!

Rodrigo Varela

#### ANTIGA PRAZA DA PARADELA. VISTA PARCIAL

Esta praza, xa existente no XVII, que a principios do XX tamén se co-  
ñeceu, aínda que non oficialmente, como praza do Peixe, e antes, no  
século anterior, como da Constitución, foi cortada en dúas pola estra-  
da Gondomar-Guillarei na segunda metade do XIX. Ata ese momen-  
to chegábase a ela, dende o sur, cruzando a Ponte d’As Ánimas e a  
Ponte d’A Coelleira, ambas as dúas sobre o río Miñor, ou a Ponte de  
Rosas, sobre o río Vilaza ou Zamáns, dende o oeste. Tamén seguindo  
o camiño da Cruz de Mera, dende o norte. Hoxe unha das metades  
recibe o nome do doutor Latino Salgueiro e conserva, entre outros,  
o edificio do Concello, proxectado no XIX por Jenaro de la Fuente y  
Domínguez en substitución de outro anterior. Fronte a el mantense a  
casa indiana Villa Sudamérica, atribuída, aínda que sen confirmar, ao  
mesmo autor. Entre ambas, ao fondo, pechando a perspectiva e o Val  
de Miñor polo sur, a Serra da Groba.





## Escaleira

María Rutilante chamábase a fogosa Dende arriba díxolle Búo a María: doncela que collía grelos entre os talos da horta. De lonxe, oíu a chamada gutural de Búo, a curuxa que adoitaba visitar a escaleira.

— Ti non vas subir?

Ela, cos seus rutilantes e agarimosos ollos, preguntou se non ía baixar. Quedaron ollándose toda unha vida e cada un volveu ao que estaba a facer. Así pasaron varios anos e nunca puideron atoparse, mais, dentro do bar, as augardentes choraban café.

Do outro lado da rúa, puideron ver a forma. A forma sempre debería seguir, acompañar, a función. Lémbrome perfectamente do impacto que me causou tan inquietante proposta. Estudaba para ser arquitecto e de súpeto un amigo chega coa historia dunha nova facultade, *Diseño Industrial – Hochschule für Gestaltung* – filosoficamente continuadora dos principios da Bauhaus. Non o *diseño* simplificado que desvirtúa precisamente a idea da función e do material como principios fundacionais e introxecta unha porta sempre aberta a unha primaria cultura, onde prima o *impacto baleiro* do estilo, da moda, da concesión ao divertido. O *diseño industrial* apostaba por unha serie de produtos para todos: un proxecto ideolóxico de vida digna para as masas. A segunda guerra acabou con todo isto. E eu, que facía nese mundo ibérico, onde o *horror vacui* se fai sentir en cada centímetro dunha construción?

Entendín que todo o material natural que recollía e que inundaba o meu cuarto tiña un sentido, unha función. Cada nó na madeira erosionada significaba algunha defensa que aquela árbore usara: o vento que tentara forzala a outra dirección, a caída dunha póla ou o insecto invasor que tivo que ser expulsado ou asimilado. Os camiños dos propios insectos, cando conseguían finalmente penetrar a madeira e que eran, aparentemente, tan intrincados, foran formados na procura do alimento, do abrigo e da procreación.

Alí estaba a base do equilibrio desexado: convivencia co contorno, nunca acrecentamento gratuito. Menos é máis. Racionalidade no uso do espazo, do material, coa mente atenta aos recursos do lugar. Respecto ao próximo e así a nós mesmos. Se ampliásemos esta visión, chegaríamos a unha perfecta planificación urbana e social, a unha vida onde o acto da necesidade equilibraría o contorno e as súas ramificacións.

Bar Boo coñeceu os principios bauhausianos e, no seu traballo, tentou usalos e adaptalos á arquitectura galega. Vendo as súas obras, podemos ver o xurdimento e a intención de implantar aquí as ideas contemporáneas, aínda que non sempre a modernidade

foi ben entendida en Galicia. Na escaleira dos Xulgados de Gondomar, liñas limpas e formas xeométricas simples, a preocupación polo espazo e a idea dunha planificación industrial entre o material primixenio e a industrialización do metal. Outros tempos, novas historias que a Historia fará que un día sexan contadas doutra maneira.

Fernando Casás

### BAR BOO E A ARQUITECTURA DO XX

Xosé Bar Boo, xunto con Fernández Albalat, foi o recuperador en Galicia das correntes modernas da arquitectura. Bar desempeñou o cargo de arquitecto municipal da vila durante varios anos e consecuencia diso son as varias obras que del nela se conservan. A fotografía recolle a moderna, moi enxeñosa e bela escaleira da Cámara Agraria, hoxe Xulgado de Paz. Entre as obras máis salientables que levantou na vila podemos destacar un cinematógrafo (1967) e, principalmente, a Praza de Abastos (1964-65), aínda en funcionamento. Esta obra, reiteradamente publicada e dubidosamente intervida, está incluída no catálogo DO.CO,MO.MO. (Documentación e Conservación da Arquitectura e Urbanismo do Movemento Moderno) da Península Ibérica. Bar Boo iniciou o camiño. Hoxe o municipio acolle, diseminadas, un aceptable número de pezas de arquitectura contemporánea de interese, algunhas delas premiadas.





## Conxunción astral

Está animada hoxe a mañá de fin de inverno. É unha mañá de luns. O mercado múltiplicase e espalla voces e colorido polas rúas na pequena feira semanal. A xente espera, espera vender, espera comprar, espera algo sorprendente.

E velaí está a epifanía, nunha contemporánea transubstanciación. Breogán, o pai ancestral, refuxiado nun bar. O seu nome abeirando o círculo sagrado da chapa da coca-cola. Dous símbolos tan poderosos, e tan contraditorios, e aí unidos nunha presenza que se impón a todas as outras e fai esquecer os postos da feira, a xente, a previsible arquitectura e o fondo vexetal que anuncia a primavera. Imponse polo que ten de aparente encontro imposible, símbolo un do Imperio, o outro da Nación resistente, nostálxica de imaxinarias grandezas. E os actores de sempre, os do valoroso clan, compran e venden, sen dúbida indiferentes e alleos a que tres mil anos de historia os contemplan cunha soberana retrans, desde a chapa encarnada da coca-cola.

Margarita Vázquez Zegrí

### VISTA PARCIAL DO MERCADO DOS LUNS

Consecuencia das antigas feiras de gando que celebraba a vila e mesmo outros puntos do municipio, algunhas herdadas do medievo segundo apuntan diversos autores entre os que se atopan Portela Silva e Pallarés Méndez, co libro *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII*, é o mercado que se celebra todos os luns de cada semana na rúa Rosalía de Castro e contorna da praza de abastos. Hoxe os produtos a vender, substituíndo o gando, son os mesmos que se poden atopar en similares mercados de calquera outra vila ou cidade de Galicia.





## Cingue a primavera o cruceiro

Como cada día, cando vai camiño da casa, detense diante do cruceiro pra facer unhas pregarías. Áurea é unha muller enloitada con alma doutro tempo. Debido a que os anos xa deixan pegada no seu miúdo corpo, séntase nos chanzos para falar cos mortos e mesmo debullar vellas historias. Tornan á súa mente os xogos, cando cativos, arredor do cruceiro, festas, conversas, os primeiros bicos que alporizaron o seu sexo, contos e antigas lendas escoitadas cando a tarde avanzaba cara á noite nas frescas horas do estío en que todos se xuntaban o seu redor. Corrían, tamén, xa ás escuras, a espantar o meigallo, ao pé do cruceiro, pois non todo fan ser rezos. En todos estes acontecementos estaba el, sempre presente, como mudo notario do tempo, de historias de vivos e mortos, mortos estes que, antes de ir repousar no cemiterio, pousan a carón del para botarlle a última ollada e asegurarse de a onde teñen que tornar, pola noite, para dialogar cos vivos.

De súpeto, ole o arrecendo das flores e decátase de que, coma cada ano, cingue a primavera o cruceiro na súa teima por perfumalo, peitealo e asexar os seus segredos, para logo espallalos polo vento. E pensa: onde queira que vaias que haxa un cruceiro, poderás falar cos mortos, festexar cos vivos e mesmo perpetuarte no tempo.

40 Érguese e deixa os segredos no aire, coa certeza de que chegarán alén destes eidos, enmeigados polo vento.

Soa a campá, Áurea sorrí.

María Xosé Pérez

### CRUCEIRO DA VILA E PARROQUIAL DE SAN BIEITO

É moi probable que este cruceiro non sexa o máis antigo do municipio, pero si o máis antigo entre os datados: 1646. Ocupa un largo, a nacente da igrexa, que funcionou como adro e recinto de festas e no que desembocan varios camiños históricos herdados do Antigo Réxime. A advocación de Gondomar no século XII, segundo acreditan documentos de 1106 e 1156, conservados no Arquivo Diocesano da Catedral de Tui, foi San Salvador. Nada queda da igrexa románica. Algún autor empraza outro templo anterior ao actual en Bade, asignando como patrón parroquial a San Gregorio. Nada sabemos deste cambio de advocación, nin por que e cando volve mudar, agora, para San Bieito. Sabemos que na primeira metade do XVI, e pode que antes, xa era este o patrón polo que, de ser certa a tese de Bade, puido ser no XVI ou XVII cando se mudou o lugar da parroquial. O templo actual é moi posterior.





— Que fas? –preguntou o Principiño.  
— Leo. –contestou Carlos Casares.  
— Que les?  
— Un conto que escribín hai moito tempo.  
— De que fala?  
— Dunha galiña azul.  
— No meu planeta non hai galiñas azuis.  
— Na Terra tampouco. As galiñas azuis non existen.  
— Entón, o teu conto?  
— Nos contos poden pasar cousas fantásticas.  
— E para quen escribiches ese conto?  
— Para os nenos e nenas e para todas as persoas que queiran lelo.  
— E ás persoas gústalles ler?  
— Depende, a unhas máis que a outras.  
— No meu planeta non hai libros.  
— Pois é unha pena, porque os libros e a lectura son moi importantes.  
— E que é iso que está aí, nesa foto?  
— Unha galiña azul.  
— Pero non me dixeras que as galiñas azuis non existen?  
— Esta si, é unha escultura.  
— Quen a fixo?  
— Un escultor que se chama Alfonso Soliño.  
— E onde está?  
— Nun parque en Gondomar.  
— E en Gondomar, hai libros?  
— Si, moitos... Na Biblioteca Municipal, na Casa da Lectura, na biblioteca do IEM, nas bibliotecas dos colexios e dos institutos e tamén en moitas casas.  
— E para que fixeron esa escultura da galiña azul?  
— Para que a xente que a vexa se lembre de min e do meu conto e o lea.  
— E eu tamén poderei lelo?  
— Claro, queres que cho lea eu?  
— Si, por favor; nunca me leron un conto.

— Pois é moi importante lerlles contos aos nenos e nenas. Ven, senta aquí ao meu carón... “Estes días anda o pobo un pouco alborotado. ¿Acórdaste dun rapaz que se chama Lorenzo e que andaba sempre na compañía dun can pequeniño de rabo zuro? Pois Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na á dereita...”

En lembranza de Carlos Casares, que nos deixou moitas historias, como *A galiña azul*, e o agasallo especial de traducir á nosa lingua *O Principiño* de Saint-Exupéry.

Concha Costas

#### HOMENAXE A CARLOS CASARES

O Concello, tras xestións entre o Instituto de Estudos Miñoranos e a Concellaría de Cultura, tomou o acordo, no ano 2008, case seis anos despois do seu pasamento, de facerlle unha homenaxe ao escritor, académico da Real da Lingua Galega e residente no Val de Miñor, Carlos Casares. Para iso, o Pleno acordou pórllle o seu nome ao antigo camiño de Pousada no tramo que dende a Ponte d’A Coelleira, bordeando as antigas propiedades do Condado, chegaba á praza d’A Parabela, e encargóuselle un monumento conmemorativo a Alfonso Soliño Troncoso. O resultado foi o grupo escultórico que recolle a fotografía, baseado no relato de Casares *A galiña azul*, levantado en aceiro corten e madeira e emprazado á beira do actual parque público d’A Coelleira.





Aquel inverno o señor tampouco veu,  
Matinou María de Sequeirós mentres acariñaba o cativo.

Carlos Méixome

#### PAZO DE GONDOMAR. FACHADA NORTE

A foto mostra o núcleo central e primixenio do Pazo. Aínda que algunhas das pezas de granito que aparecen nas primeiras fileiras do edificio conservan marcas de canteiro, tan propias do medievo, non está absolutamente demostrado que sexa anterior a 1555, en tempos de García Sarmiento (IV) de Sotomayor. As marcas de canteiro, se ben con menor profusión, tamén se dan no Antigo Réxime. Neste caso, a mesma marca circular que aparece no corpo central do Pazo repítese nalgún perpiaño da capela, feito que nos leva a pensar na súa contemporaneidade construtiva si ben, pode, mudada de emprazamento. Pola contra, sábese que a columnata do pórtico, o corredor-terraza e, se cadra, os balcóns foron proxectados e construídos a finais do XIX por unha cuadrilla capitaneada polo mestre canteiro e aparelador Bentura Cabanelas. Nesa mesma data reformouse o xardín e plantouse a rotonda dos actualmente fabulosos magnolios.





O patio de armas do Pazo de Gondomar é o centro de gravidade da casa, por suposto éo arquitectonicamente co seu equilibrio e beleza, pero tamén o é para a vida dos que durante 13 xeracións habitamos este marabilloso lugar.

Porque nel se desenvolveu a vida dos seus habitantes, nel nacemos, nel crecemos, nel casamos, nel envellecemos e, tamén nel, morremos durante 400 anos. Neste querido Pazo de Gondomar impregnámonos do orgullo de pertencer a unha familia galega que, ao longo da historia, amou Galicia e España e contribuíu a facer de Galicia e España o que son agora, terras cargadas de Historia con maiúsculas e forxadoras de feitos transcendentais nos confíns occidentais de Europa. E como máximo expoñente dos habitantes do pazo, hai que resaltar a figura magnífica de don Diego Sarmiento e Acuña, primeiro Conde de Gondomar, señor de Vincios e Morgadáns, e gran reformador da casa á que se lle chegou a chamar na súa época “El Escorial” de don Diego.

Como nas xeracións que nos precederon, dende este Pazo de Gondomar os nosos pais inculcaron aos seus fillos o amor a esta terra, as nosas vidas xa non teñen sentido sen Gondomar e sen o val Miñor do que, se puidésemos, non sairíamos nunca. Nós tratamos de facer o mesmo cos nosos fillos e, a teor da querenza que manifiestan, tamén teñen este bendito lugar presente no máis profundo do seu corazón.

46 Como se pode ler no pé de foto, o patio de armas está pechado pola muralla e pola casa cuxo corpo central descansa sobre 8 fermosas columnas dunha peza, con capiteis adornados con plumas, tallados con grácil e delicada man na súa sinxeleza, formando un pórtico sobrio e lixeiro, enmarcado por dúas alas laterais que rompen o ritmo do central cunha combinación de lintel e arcos, flanqueados por columnas de menor tamaño que serven á súa vez de apoio aos pés dunha parra centenaria que, con cada colleita, nos dá o viño que bebemos en verán.

Grazas por permitirme o privilexio de escribir estas liñas que me enchen de emoción evocando tantos recordos e porque, á fin e ao cabo, sempre se fala ben do que se ama...

Gonzalo Fdez. de Córdoba Narváez  
*Conde de Gondomar*

#### PATIO DE ARMAS DO PAZO DE GONDOMAR

O xerme deste fermoso patio nace, moi probablemente, en paralelo á construción da peza central do pórtico, en 1555. Logo, durante os primeiros anos do XVII, en tempos do I Conde, será mellorado e ennobrecido polo mestre canteiro do Val de Miñor Juan Coello, quen, ademais, colocará a capela na súa posición actual do lateral oeste. Por último, na segunda metade do XIX, Bentura Cabanelas reforma os pórticos laterais do soportal introducindo a variación “palladiana” de lintel entre arcadas que se ve na foto.





*A memoria é líquida. Xa afeita a percorrer esta terra de canles e choivas xenerosas, teima en presentarme as súas imaxes humedecidas.*

Este chan mollado pertence ao paseo sobre a ribeira do Río Zamáns -segundo a nomenclatura oficial- pero aínda nomeado Vilaza pola maioría, topónimo co que se coñeceu dende a antigüidade. Á dereita a nova Ponte de Rosas, porta histórica de acceso á Paradela para as xentes das parroquias de Mañufe e Vilaza. Situados á altura do Campo da Feira, onde por case un século se celebrou o mercado local do gando, estamos a mirar esta imaxe dende a fiestra interior da Aula de Cultura Ponte de Rosas, sede do Instituto de Estudos Miñoranos.

Din que a orixinal Ponte de Rosas foi levantada no medievo (xunto coa Ponte das Ánimas?) e derrubada nun acto de ira do Vilaza, alá polo 1937. Empurrada polas augas, a vella estrutura de pedra cedeu agochando para sempre a súa faciana de granito, “burilada” coas liñas e formas do románico. As enchentes sempre maltraeron esta vila encaixada entre ríos. O Vilaza e o Miñor, nados nos cumes da Serra do Galiñeiro, sempre entenderon que nós lles arrebatamos un espazo vital para as súas horas de abafo.

O Río Vilaza non é mudo. Se somos quen de escoitar máis alá dos ruídos da urbe na que se trocou a vila de Gondomar, apreciaremos que o Vilaza ten voz. Entre rula e rula, aos pastos, silvas e árbores que o acompañan polas súas ribeiras dálles por cantar. Dou fe de que algunhas tardes vanlle as cantigas. Neses intres o seu son é doce. Nembargante, algo pasa nalgún recuncho da súa memoria cando un grupo de mozas se xunta ás súas costas... cala e espera.

Neste espazo natural, axexado día a día polo medrar das humanizacións, seguen a atoparse os veciños do concello. Polas mañás, traballadores, estudantes e demais viandantes atrávesano cara aos seus destinos de rutina. Alí, soen darse os primeiros “Bos días”, intercambian algúns comentarios espidos das nova da aldea, e a sempre referencia ao “estado do tempo”. A mediodía non son poucos os que elixen o remanso do río para tomar o bocadillo. Polas tardes, unha morea de cativos aprópiense do paseo e convérteno nos infinitos mundos imaxinados nos seus xogos.

Na noite outras luces chegan ao paseo. Faroliños e xentes. A luz material e inmaterial que iluminan este recuncho chamado Val Miñor.

Álvaro Peralta

#### PARQUE PÚBLICO NA PONTE DE ROSAS

A moi pouca distancia da Ponte Entreríos ou d’A Coelleira, onde o río Vilaza entrega as augas ao Miñor, existiu outra sobre aquel, nomeada de Rosas, que o historiador Espinosa Rodríguez catalogou como románica, derrubada por unha chea no 1937. Hoxe, nese mesmo lugar hai unha pontella peonil de madeira sobre estrutura de aceiro, que, pasando de xeito tanxencial ao antigo lavadoiro comunal que inda se conserva, integra o parque público existente a poñente do río, e os barrios d’A Feira e d’As Gaiandas, co resto da vila.





## Cinco ollos e unha canle

Cinco ollos. Unha canle. Es moito máis pequeno que teu curmán o de Segovia pero, de igual xeito, serviches para o mesmo fin.

A verdade é que te presentas fermoso e proporcionado, e que perduras no tempo aínda que te temos abandonado; precisas dun acicalamento que non che damos dabondo. Ti resistes como ata hoxe. Que os teus tallamares sigan soportando o empuxe das enchentes.

Na actualidade xa non tes uso pero serves para facer memoria e quedas como legado do noso patrimonio etnográfico ou de arquitectura civil executada polo arquitecto anónimo, que tivo bo xeito na túa feitura; axeitada combinación de arcos curvos e alintelados segundo pedía a topografía.

Es un elemento singular; mágoa do descoído do teu contorno e, tamén, da agresión que che produce o recente trazado viario; menos mal que a súa construción deixoute enteiro e visitable.

As túas pedras seguiran resistindo imperecedoiras no tempo para que as novas xeracións poidan deleitarse coa túa presenza. Ogallá.

50

Alfonso Soliño Troncoso  
*Gondomar, maio de 2012*

### ACUEDUTO DO BRAVO

Este acueduto, do século XVII, tiña como función cruzar as augas que, recollidas no propio río Vilaza, a quen sobrevoa, a través da levada do Bravo, saían en dirección a Pousa de Baludio, en Mañufe, casa sobre a que se establece un morgado en 1623, e regaban a ribeira norte do Miñor. O acueduto, dun ancho de canal de 0,80 metros, consta de cinco ollos. O central é de medio punto, os contiguos, a ambos os dous lados, carpaneis de tres centros, e os aliviadoiros extremos alintelados.





## Campo de grelos

Tinguiuse de amarelo a primavera. Os campos acendéronse, enchéronse de luz e de vida, facéndonos esquecer aquel frío invernal que cubría de grises o noso pobo e os nosos soños. Amarela, a cor do grelo, florecendo coma as nosas almas de nenos que corrían fundíndose con ese amarelo intenso, sentíndonos os donos do universo, respirando o aire puro e limpo, bañándonos no arrecendo do mundo que se nos presentaba infinito de posibilidades.

Amarelos seguimos sendo nós, cando sorrimos ao sentir o latexo desa inocencia rebuldeira que aínda nos habita. Amarelos seguimos sendo cando agarramos o tempo que intenta escapar, cando o retemos e xogamos con el, retrocedendo e avanzando, facendo que nos amose os seus agasallos.

Amarelos seguimos sendo nós, porque seguimos cos pés na terra, bebendo da choiva, crecendo co sol, bailando co vento. Seguimos sendo.

Rosa Pascual Abal

### RIBEIRAS DO MIÑOR, POLA PONTE DAS ÁNIMAS

A Ponte d'As Ánimas, que tamén foi coñecida como Alta d'A Paradela, garda na súa traza un notable parecido co debuxo que Espinosa Rodríguez fixo da, segundo el, románica Ponte de Rosas. A través dela, ademais de achegarse á Paradela, transportábanse as colleitas das fértiles ribeiras do río Miñor que pouco máis arriba forman a suma das augas dos riachos Das Rasas, Morgadáns e Peitieiros. Hoxe unha parte importante desas ribeiras, de desbordante colorido na primavera, seguen destinadas a tarefas agrícolas. A Xunqueira e o Esteiro do Miñor, ademais, son refuxio de colonias de aves acuáticas migratorias que visitan a brañeira. Garzas, patos, parrulos, e unha gran variedade de limícolas poden verse nun espazo que ten continuidade nas Ribeiras do río Miñor as cales, xa na vila, en tempos foron coñecidas como ribeiras de San Bieito, manténdose este topónimo na cartografía oficial.







Cando a bolboreta axita as ás, faíscas brancas e azuis aboian no ar sorprendidas pola luz aínda nidia da mañá. Sorprendidos tamén, os corpos apéganse, afúndense aínda máis no leito alto. Que rompa por fin o día para ver as flores agromando do embigo, que dea froitos acugulados.

Cando a eiruga mastiga unha papoula enriba da mesa de noite, na cama desordenada, aínda quente, agora descansa a roupa. Mornas as cinzas das árbores abortadas, esparxidas as migallas resesas de pan. Foxe o sol da solaina balorecida.

Cando o escaravello negro asexo desde o recanto asomado á bota enlamada e seca, xa non hai pegadas no corredor. Polas portas desgonzadas fuxiron a bolboreta, a eiruga e o escaravello. Sen cortinas, das fiestras escapa o aire que non ten onde deterse. Nin sequera o silencio permanece.

Desde o ámago da casa sae o derradeiro habitante e tece a súa arañeira suspendida no ar, máis aló da laranxeira; asoma agachando o sol, estrullando as pedras –esmagándoas contra o chan–, as árbores orfas, o leito –e era alto–, o pan e as ventás todas.

Roto o día e a noite,  
o tempo detido.

#### CASA TRADICIONAL NO TOUCIDO, PRETO DOS FOROS

Esta casa d'As Saianas, de 1738, é o paradigma do tipo de casa tradicional do municipio; o máis estendido, obviamente, non o único. Casa de planta rectangular con dous andares, onde o nivel do chan está ocupado por cortes e o primeiro andar acolle a vivenda, executada en granito da zona, cos pechamentos brandos en madeira pintada e a cuberta de tella curva, xeralmente a dúas augas. O elemento máis característico da tipoloxía é o patín exterior pétreo e cuberto. Xeralmente completa o conxunto un eirado para control de animais domésticos ou unha horta de froiteiros.





Ergueito nunha lomba sollosa, non lonxe da estrada, en terras de Vilaza, señora a paisaxe inmediata o pazo que mandou levantar un fidalgo miñorano de hai tres séculos. A capela con espadana e a labra heráldica que campá nos muros proclaman os méritos de sangue dos moradores. Algún descendente lembra ter oído que en días sinalados, nas festas da parroquia ou no bautizo dun primoxénito, xantaban condes, maxistrados, bispos e xenerais no amplo comedor do sobrado. Un imaxínaos todos xuntos dando conta das carnes do gando da casa e do celebrado viño das viñas que circundan o enxido, demorando ata o solpor longas sobremesas de política e naipes á luz de quinqués baixo a mirada inmóvil dos retratos das paredes. Na capela, que unha devota señora da familia adornou cun retábulo procedente dun pazo veciño, misaron dous cardeais e debullou mil rosarios a viúva dun brigadier morto na carlistada. Daquela non había palmeira, nin os eucaliptos do fondo, nin moito menos os postes e o cableado eléctrico e telefónico que asoballan a capela. No plano próximo, indiferentes a triunfos de ouros, espadas ou copas, unhas verzas apodícticas gozan, disciplinadas entre os esteos espidos, da xenerosidade da terra labrada das viñas de antano. Á dereita sobreviven uns pés de cepas. As canas da esquerda, pousadas no cómaro, prometen que este verán volverán madurecer as uvas e que a tenaz vontade humana volverá extraerlle a esta lomba sollosa o milagre reiterado do viño.

Gonzalo Navaza

#### PAZO DO BARREIRO

Barreiro é unha das moitas casas grandes, reitorais, pousas e pazos que, con moi desigual sorte de conservación, poboan o actual concello. Este de Vilaza ten o característico aspecto dun pazo barroco, neste caso posiblemente do XVII, coas cornixas, esquinais, enmarcados de ocos, patíns, escudos de armas, columnas, e zócalos exteriores, en pedra de granito abuxardado, mentres os lenzos cegos dos muros aparecen rebocados e encalados. Asíntase na parte máis alta dunha gran finca agrícola perfectamente socialcada e orientada a medio día.





## Opus Teselatum

A vida é un mosaico de teselas; diría aínda que nós mesmos somos ese mosaico, que construímos ininterrompidamente. De cando en vez afastámonos un tanto procurando perspectiva e ollamos cara a atrás; canto máis coloridas e diversas, canto máis pequenas e densas son as teselas, mellor loce a obra conxunta. Estamos, pois, a construír sen pausa esta obra inacabada que sempre seremos. E cómpre escoller adecuadamente, con esixencia e sutileza, os materiais. E cómpre mesturalos con rigor e frecuencia na teima irrenunciable de conseguir o equilibrio entre convivencia e soidade, entre partillar e crear, entre expresar e escoitar, entre soñar e vivir, entre levar e andar. As teselas terán, xa que logo, a cor das cancións, que fan engordar a alma; dos poemas, que te erguen en nubes coloradas sobre a terra e danlle brillo á mirada; dos amigos, que axudan na construción; dos cérvidos, que volven a auga; dos netos, que che permiten viaxar no tempo. Todo, aglomerado con morteiro de cariño e humor, acompáñanos na interina estadía en forma de pequenos globos de cores, que maduran, uvas de vida, e estralan espallando rosicleres polo camiño neboento; luz e esplendor sobre o mosaico que somos.

Miguel Anxo Mouriño

## O VIÑO

Gondomar, como tantos outros municipios galegos, é terra de viño, cultivado coa característica modalidade pontevedresa de emparrado, se ben, actualmente, tamén se utiliza o espaller. O municipio é o único do Val de Miñor que está incluído na área con Denominación de Orixe Protexida Rías Baixas. Colleita tintos afroitados, de non moi alta graduación, resultado da fermentación da mestura de castes como caíño tinto, espadeiro, mencia, sousón... e a loureira tinta que aparece na foto. Pero o viño de auténtico interese de Gondomar é o branco da caste albariña, principalmente o colleitado nas abas da parroquia de Vilaza, orientadas ao sol do medio día e protexidas dos ventos fríos do norte polos montes Maúxo e Montecastelo.





## Dende o palco

Onte alí bate que bate a orquestra Marbella, Viñas á trompeta, Juanito Valladares ao acordeón, Tino á batería, Paulino ao saxo e animando, HAI SOLEDAD, LA CASA QUEDA SOLA, QUIEN LA CUIDARÁ. outros acompañan. Toda a parroquia no torreiro, baila, come e bebe, sardiñas a fartar, viño por dentro e por fóra. Total catro pesos ben gastados e a Casa Vella contempla.

Hoxe alí catro nenos xogan, grandes orquestras fan ruído sobre artefactos de luz. Non coñezo a ninguén. A parroquia na casa, o torreiro libre, cubatas no mellor dos casos por dentro e por fóra e CHUNDA CHUNDA... ata as catro da mañá. Total trinta mil euros tirados e o Pazo de Mendoza contempla.

Mañá alí bate que bate, soñar non custa nada, a orquestra Marbella volve tocar, Miguel á batería, Blas á trompeta e clarinete, xa buscaremos alguén para o acordeón e Carmen ao saxo e animando HAI SOLEDAD, LA CASA QUEDA SOLA, QUIEN LA CUIDARÁ . outros acompañarán. Toda a parroquia no torreiro, baila, come e bebe, sardiñas e churrasco a fartar, viño por dentro e por fóra, iso é unha festa!!! Total catro pesos ben gastados e o Pazo da Escola contempla.

60

Onte, hoxe e mañá, chova ou faga sol, a Casa Vella, O Pazo de Mendoza, O Pazo da Escola ou como lle chamemos despois, contempla ergueito e feliz como os seus esquecen as obrigas e cantan e “beillan” no torreiro todos os días de festa.

Jesús Fernandez Fajo  
*Suso da Escola.*

### PAZO MENDOZA

Fundado no século XVIII por Policarpo de Mendoza, fillo de María do Espírito Santo Rodrigo, da casa de Moreira, en Mañufe, e Deán da catedral de Santiago. Esta notable obra de arquitectura barroca, asentada na citada parroquia e posuidora dunha moi atractiva lareira provista dunha cheminea que se conta entre as máis salientábeis do Val de Miñor, foi sometida anos atrás a discutibles obras de rehabilitación, baixo supervisión do Servizo Provincial de Patrimonio, para poder acoller as funcións de hospedaría e hostalería que na actualidade desenvolve baixo o nome de Pazo da Escola, nome co que tamén se coñece dende que nalgún intre anterior as primeiras décadas do XX tivo dedicada unha parte a tal uso. Aquí poden degustarse, entre outros moitos produtos, deliciosas empanadas de fariña milla, sabrosísimos callos e autóctono cocido. A fermosa finca que posúe, hoxe visitable, conserva a antiga eira empedrada e pechada, un notable horreo, e numerosas froiteiras de considerable beleza e idade.





A dualidade de espírito e corpo, a proximidade dos mitos clásicos, a carraxe dos vellos deuses monoteístas, a transmigración das almas, a longa cadea do ser, o paraíso estakhanovista dos traballadores, a virtualidade cuántica do capital financeiro. Ernesto Sábato falaba da traxicómica dualidade dun ser que, malia ser consciente da súa miserenta e continxente existencia, dá en se ocupar das ideas transcendentales e o absoluto. Desde a noite dos tempos, a nosa evolución defínese na contradición irresoluble entre un cerebro que tende á expansión e a feble gaiola do noso corpo. Somos o froito dun mal debuxo. A tecnoloxía non é máis que unha prolongación das moi limitadas capacidades humanas, un xeito de asomarse a un horizonte tras outro, negando a gravidade e perseguindo as cenorias que desprega ese insaciable e obstinado instinto seminal. Nun home do Barroco, arrincar retallos ao granito para deixar saír, lixeira, abraída, esa figura que toda pedra garda dentro, supuña a procura dun horizonte ideal. Hoxe, a explotación rutineira e mecánica dese vello xesto animista, só define unha mala viaxe no tempo. Unha digresión de caranguexo. A historia repítese como parodia, dicía o máis serio dos Marx. De aí, o valor da reflexión, a curiosidade, a imaxinación e o xogo. A dignidade da contemplación ociosa sobre unha produción desenfreada.

Non é só cuestión de producir, senón qué facemos e para qué. Keynes pensaba, xa nos anos trinta, en xornadas de tres horas de traballo produtivo para satisfacer as necesidades básicas. Estragamos demasiada enerxía en fabricar cantidades abafantes de lixo. O noso cerebro debece, aínda, polos aristocráticos luxos do Antigo Réxime, atrapado nos esgotados horizontes da servidume feudal, a explotación colonial e a Revolución Industrial. Sempre consecuente, Marcel Duchamp, o gran pioneiro da arte inmaterial, levaba todo o que precisaba nunha pequena maleta. La vie en valise. Moitas décadas antes da síntese dixital. O gran reto do home contemporáneo é configurar unha nova ética do traballo e o lecer, digna, lúdica e sostible, que contrarreste os coactivos modelos da publicidade e o consumo. Platón dicía que un home pobre é o que ten moitas necesidades, e un home rico o que ten poucas. Artellar o noso tempo vital como un espazo de colaboración e desenvolvemento intelectual. Calidade de vida. Aí temos un horizonte por definir e conquistar. Contemporáneo. Á nosa medida.

Fino Lorenzo

#### PATÍN DO PAMPILLÓN

Neste gran pazo, cuxa alzada actual podemos datar como propia do XVII, atopamos unha tipoloxía de planta que, grazas ao corpo proxectado a norte, con uso agrícola e gandeiro, fainos percibir connotacións monásticas. Inda que a invasión portuguesa de 1665, debida á guerra de "Restauração", queimoulle o arquivo, sabemos que a súa antigüidade é anterior a esta data e, quizais, mostra diso sexa a enigmática e bela peza escultórica tallada, nun estilo que lembra o renacemento, nun perpiaño incrustado na parede oeste do patín-solaina da fachada sur. A moi pouca distancia da solaina conservase un espléndido canizo e ata inicios da década dos noventa do século pasado posuíu un orixinal reloxos de sol no patio de honra.





Este airoso pazo –un entre os moitos destas bisbarras– pode chamar a nosa atención por moitos motivos: pola súa solaina ameada do sur, polo seu patín da fachada norte, e aínda tamén por algunhas circunstancias negativas, como as pouco atinadas reformas que padeceu –padeecer é xusto o verbo acaído ao caso– ao longo do tempo.

Un non pode senón traer ao presente suxestións de pasados tempos, pois o presente ben pouco se explica sen o pasado. Un pensa no que foi a nosa aristocracia, incluída a rural, ou en tempos que agora semellan máis sólidos porque xa están pechados no seu decorrer, ou na vida da nosa sociedade en tempos que nada teñen que ver cos nosos.

A decadencia da nosa fidalguía enche páxinas moi fermosas e moi suxestivas da nosa literatura, en galego e en castelán. Os nomes de Valle-Inclán, da Pardo Bazán ou de Otero Pedrayo xorden de inmediato. Nos tres autores hai páxinas nas que se reflicte esa decadencia; pero, como é natural, en cada un á súa maneira: distante na Pardo Bazán –unha cousa é o señor ou o señorito e outra o paisano, sempre pailán–; poética, ensoñadora e afastada de toda realidade en Vallé-Inclán; forza poderosa da sociedade rural en evolución, aínda na súa decadencia, en Otero Pedrayo.

Tres visións moi distintas pero que conflúen na relevancia que a nosa fidalguía tivo, ata non hai tanto tempo, na sociedade galega.

64

Dela só nos quedan hoxe os seus pazos, moitos deles esbarrullados e inhabitables, pero que aínda nos están suxerindo unha certa grandeza, penso que unha sociedade bastante sólida, dentro das súas manifestas inxustizas, e un tempo que en boa parte está por coñecer en toda a súa entidade e dimensión.

O presente é sempre parte do pasado –ou é, polo menos, o desenlace a que chegou o pasado. Un pazo, con todo o que hai arredor del –documentos, lembranzas, monumentos, etc.– sempre estará poñéndonos de manifesto unha parte de existencia –de vida, en realidade– do noso pobo, ademais da estética que, en xeral, admiramos hoxe na maior partes deles.

Estética na que esta Pousa de Vilarés ten un lugar sobranceiro. Porque, quizais a diferenza do que hoxe ocorre, aquela fidalguía soubo conxuntar poderío e estética. Algo que, agora mesmo, é excepción. Non é pouco o que aínda temos que ir aprendendo do pasado.

X. L. Franco Grande

#### POUSA DE VILARÉS

Data do século XVIII. É outro pazo barroco dos varios desta época existentes no municipio, se ben, a diferenza doutros, este mantense en bo estado de conservación. Cousa distinta é a categoría das obras de rehabilitación levadas a cabo no último terzo do século XX. Debeu ser tamén nalgunha reforma moi anterior cando, posiblemente, se repicaron os recibos e encalados dos paramentos exteriores que, de existiren, realizaban os enmarcados dos ocos, escudos de armas, cornixas, e os fermosísimos patín da fachada norte e solaina ameada da sur, executados todos eles en granito do país, ben labrado.

O camiño público que dende o Lugar d'O Acordo chegaba a Os Concellos, no monte de Eiró, separa, polo sur, as terras deste pazo das da antiga Pousa de Bermúdez.





Dicía Cunqueiro que o Galego é un ser ahistórico, no sentido de que non existe unha idea clara da historia que deu orixe á Galicia de hoxe. Dicía que na nosa terra parece que é máis recente a historia dos celtas cá doutros períodos máis próximos. Pouco sabemos, por exemplo, dos Suevos que sen dúbida deberon de roldar polas terras do Val Miñor e que marcaron o réxime parroquial que perdura ata os nosos días.

Co Románico acontece o mesmo: a súa presenza na nosa terra é impresionante pero parece estar aí dende sempre, inmutable e omnipresente. O seu esplendor reflicte un período de gran desenvolvemento da economía de Galicia, pero parece estar máis lonxe na nosa conciencia histórica cós celtas.

A Igrexa de Santa Mariña tivo que ter un papel preponderante na vida cotiá e na economía do Señorío de Vincios, considerado coma un Couto, ou sexa, coma un territorio con xurisdicción autónoma. A única existente daquela na parroquia, é un exemplo do Románico humilde, como humilde eran as rendas que producía o couto de Vincios. É una construción sinxela de muros fortes e recios cunha planta típica das igrexas deste estilo. Lineal e con pouca iluminación, algo que caracteriza as pequenas igrexas románicas galegas, que invitan á oración ou á reflexión, sempre ao recollemento.

66

D. García Sarmiento, que recibira en herdanza os coutos de Morgadáns e Peitieiros, adquiriulle en 1553 ao Señor de Montaos, Pedro Bermúdez de Castro, os Señoríos de Vincios e Gondomar. O seu fillo, D. Diego Sarmiento de Acuña, o futuro Conde de Gondomar, faría destes territorios a base do seu Condado. Os importantes servizos deste grande home ao Rei incardinaría os devanditos señoríos na Historia, xa que solicitou a elevación do Señorío de Gondomar en Condado, cousa que lle sería concedida o 12 de xuño de 1617, aínda que Vincios estaría sempre presente nos asuntos da Familia. Constantemente viaxaba o Conde entre Valladolid e Gondomar despois do seu matrimonio cunha moza flamenca: Dona Constanza de Acuña.

Sabemos que Dona Juana de Acuña, nai do Conde, tiña querenza polas Igrexas de San Biérito en Gondomar e de Santa Mariña en Vincios e que nelas deixou importantes doazóns para o culto. Hoxe a igrexa de Santa Mariña fica aí, como testemuño dun pasado que probablemente aínda está por desvelar e como recordatorio do que foi a historia de Vincios e do Val Miñor, un pasado que se remonta xa a moitos anos e que comanda respecto e estudo.

Enrique César López Veiga  
*Veciño de Vincios*

#### PINTURAS MURALS DA IGREXA ROMÁNICA DE VINCIOS

A Igrexa de Santa Mariña é románica de transición, do XII ao XIII. Moi sinxela, presenta portada composta por tres arquivoltas de medio punto, resoltas en aresta viva, asentadas sobre as respectivas xambas que se resolven da mesma maneira; toda ela está exenta de decoración, a excepción dalgún dos canzorros exteriores. A febre reformadora do barroco tamén afectou este templo, pero xa antes, durante o renacemento, se fixeran obras na ábsida sendo cura Gonzalo de Cortiñas, cuxo apelido consta ao pé dun dos arcos que sostén a bóveda. Nunha rehabilitación recente atopáronse e restauráronse pinturas murais, sobre o arco triunfal e na cabeceira da ábsida, datadas posiblemente a finais do renacemento.





*"San Benitiño do ollo redondo  
hei de ir alá miña nai se non morro,  
hei de levar unha bota de viño  
e unha bola de pan pr'o camiño"*

Santas, Santos, Virxes... A tradición popular está chea de referencias a estes mediadores co Deus, pedíndolles protección, boas colleitas, curación de enfermidades, etc.

Cantigas, refráns e lendas son proba da estreita relación que tiveron as comunidades, de xeito particular as rurais, cos santos.

Mención especial merecen as romarías e festas patronais nas que cada ano, aínda hoxe en día, as veciñas e veciños de cada parroquia honran os seus "patróns". Ben certo é que cada ano estas festas teñen unha finalidade máis lúdica que espiritual.

Gondomar, parroquia a parroquia, foi tecendo ao longo do tempo os camiños que guían as súas xentes romaría a romaría. Cantas historias agochan?

*"Fun a San Andrés.  
Fomos dous e volvemos tres"*

San Brais "...que afoga e non mata"

San Xosé. Ao lonxe, o gran océano que agocha as esperanzas das que esperan ...

*"Miña Virxiña do Monte,  
que os mariñeiros sempre vixías!  
Non permitades que morra lonxe da terra,  
da terra miña"*

San Antón "...San Antoniño, santo que non bebe viño ..."

As Mercedes, San Cristovo, San Bieito... Uns por fervor relixioso, outros ...

*"Fun ao San Benitiño  
Eu non fun por devoción.  
Fun por bailar con aquela  
que me levou o corazón"*

Santa Mariña, Santiago... . Cómo será a próxima colleita?

*"Por Santa Mariña vai á túa viña,  
que, como a atoparás, así a vendimarás"*

San Roque, coa súa parranda. Virxe "das Dolores". Tamén San Miguel...

*"De San Miguel a San Miguel,  
deitarse cedo e levar muller"*

San Martiño, coas castañas e o viño, Santa Lucía "... que saca na noite e mete no día"

Queda algunha dúbida?

Estes seres, entre o humano e o divino, entre o carnal e o espiritual, pertencen, máis que a ninguén, ao pobo. O pobo adoptounos como seus como xa fixera antes cos deuses pagáns celtas. De feito, a orixe dalgúns santos venerados hoxe en día nas parroquias é precristiá. Esta é a CARA da moeda.

Pero a moeda tamén ten CRUZ. A cruz dos que, sabedores da veneración do pobo cara aos santos, apropiáronse de costumes e antigos cultos populares para así manipular, someter e afogar máis se cabe as xentes xa sumidas na miseria e a desesperación. Non hai tanto tempo disto.

Pero esa é outra historia...

Pablo Rial

#### IMAXINERÍA. ESCULTURA BARROCA

O patrimonio escultórico barroco de Gondomar é maioritariamente de carácter relixioso. Repártese entre cruceiros e algún peto de ánimas, por unha banda, e a imaxinería das distintas parroquiais, pola outra. A de mais categoría artística posiblemente sexa a segunda. Estas tallas de madeira policromada necesitan ser sometidas a unha exhaustiva catalogación e, nalgúns casos, rigorosa restauración. Só desesa maneira sería posible saber o verdadeiro valor de pezas tan prezadas hoxe como o Santiago Sedente de Morgadáns, posiblemente do XVII, o San Pedro, o San Amaro e o San Bieito que recolle a foto, todos da citada parroquia, o retablo do Carme da parroquia de Peitieiros, o Cristo Resucitado e o San Vicente, ambos do retablo da Dolorosa, de Mañufe, o San Gregorio de Gondomar, tamén probablemente do XVII, e tantas outras.







## Reflexións en Santa Baia

Cando cheguei ao Val Miñor en 1975, polas mans de Fernando, meu compañeiro, Casás, de pai Estarque, e demos o noso primeiro paseo, este foi á festa de Santa Baia, a visitar a María, a comadra que o trouxo ao mundo. Eu viña de Copacabana e de súpeto estaba en plena idade media: Galicia e os seus pequenos camiños cortando bosques encantados, riachos vivos de troitas, sobrias casas de pedra, carros de bois e cociñas de leña. Naquela festa pisei por vez primeira unha pequena igrexa románica, estas discretas xoias rurais, e así me fun namorando desta terra. Sincronía, a palabra usada por Jung para designar o que nos parece simple coincidencia, foi a que me pasou pola cabeza cando vin que me pediron que escribise ¿como non? sobre Santa Baia.

70 Tíremos do fío: mil anos atrás estas terras, como todas as da península ibérica en xeral, ían sendo lentamente cristianizadas. Sobre os antigos lugares de culto erixíronse cruces. Aínda pervivían os recordos de druídas e feiticeiras e no novo culto se percibían ritos de influencias sinagogaís, mozárabes, visigóticas, asturianas... A Roma dos romanos, que fora o centro irradiador do primeiro imperialismo de facto, perdera o poder; pero sobre os seus cimentos tamén se erixía un novo imperio, o católico. Uníndose ao poder político, o papa coroou os emperadores laicos para facilitar e solidificar a expansión da nova crenza. Unificou os seus seguidores baixo unha soa orde: a católica, apostólica, romana. Se a conversión foi, moitas veces, forzada, a unificación ritual tampouco se fixo facilmente. Houbo focos de resistencia e focos de rebeldía; as reformas, as herexías e o pensamento subxectivo, a todo, Roma tratou de sufocar coa súa ferramenta preferida, o medo. A soa perspectiva do inferno, materializada nas figuras que ornamentaban as igrexas, xa non eran suficientes. Houbo que buscar a maneira máis eficaz a través da temida “Santa” Inquisición: morte ao diferente.

Despois, nesa parte do mundo, quedamos pretendidamente igualados, pensando aínda que cando se di biblia dise novo testamento; aínda vendo en Tomás de Aquino o principal filósofo entre filósofos; sen saber que hai outros católicos (como os ortodoxos), sen querer recoñecer que hai outros cristiáns (luteranos, evanxelistas, testemuñas de Xeová...), descoñecendo infinidade máis de ideas e conceptos relixiosos e filosóficos tan comúns noutras partes do mundo como o islamismo, o budismo, o hinduísmo... e case sen aceptar que hai persoas que simplemente non cren no máis alá.

Á sombra do gran poder, entre tanto, familias de canteiros –eu diría que de sensibles artistas– souberon captar os medos e as arelas da xente, plasmándoos na pedra, mostrando claramente nos seus portais e pórticos que nesta versión oficial os reis son os santos e o pobo o que canta o loor. E, ao seu lado, algunha pequena perversión divertida e, do teito, algún aceno escatolóxico e subversivo, que ata hoxe dirixe as augas cara

ás nosas cabezas. Erixiron igrexas, si, pero deixaron escapar entre as súas liñas a idea de que sempre pode haber outras lecturas.

De Santa Baia aínda sinto o cheiro a pedra húmida que vén dos tempos inmemoriais e quero recordar, no medio da penumbra, a pequena raiola de luz iluminando os capiteis, testemuñas de tanta dor e tanto pracer que o tempo xa levou hai moito.

Mina Marx

### IGREXA ROMÁNICA DE DONAS

Pertence ao terceiro cuarto do século XII. Formou parte dun mosteiro feminino baixo a regra de San Bieito, sendo fiel a esta condición monástica o topónimo do barrio de asentamento (Mosteiro) e o da parroquia (Santa Baia das Donas). Conserva a portada orixinal de tres arquivoltas sobre dous pares de columnas, as exteriores, e sobre xambas, a interior. Toda a portada está decorada, e do tímpano debería ser retirada unha desafortunada peza, de factura recente, provista de tres cruces en relevo. Interiormente conserva distintas seteiras orixinais entre columniñas con bases e capiteis decorados con motivos vexetais e animais. A ábsida ten bóveda de canón peraltada sostida en dous arcos faixóns que se apoian en dous pares de columnas “entregas” de ricos capiteis historiados. Coas reformas e aumento da altura da nave, levadas a cabo no século XVIII, perdeu os canzorros do beiril. A fábrica dos muros conserva numerosas marcas de canteiro.





## Medrar

Nesta era de relacións globais, medrar nunha vila permitíume descubrir o valor das relacións persoais e da tranquilidade.

A amizade, a que queda para sempre, fórxase nos descensos pola rúa nun monopatín pequerrecho de plástico que alcanzaba os 100 km/h., ou iso semellaba.

Tamén pelexando a carón destes camaradas contra os da rúa de abaixo, guindándolles a froita pasada que traían os meus avós dende a tenda de Vigo.

Iamos ás castañas para logo venderllas ao super do barrio, un super que, a día de hoxe, sería máis ben un micro, pois non chegaría nin a mini. Non eramos grandes negociantes, vendíámosllas por 25 pesetas o kilo e logo as mercaban as nosas nais a 75.

Gustábame baixar a xogar á rúa, limpo e relucente coma o sol para volver, á noite, da mesma cor que esta. Un roto no pantalón era o resultado de descubrir o mundo por primeira vez. Unha sonora "bronca" e un remendo eran as consecuencias deste descubrimento.

72

Boto de menos o berro de ¡a comer! da miña nai pola ventá cando estaba xogando na pista, onde os primeiros en chegar tiñan preferencia sempre que os que chegasen despois non fosen maiores, entón prevalecía a lei do máis forte.

Lembro as tardes dos domingos cando iamos ao cine despois de ver os debuxos na tele. Chegabamos unha hora antes para poder entrar de primeiros a unha sala que quedaba case baleira porque a peli xa a tiñan posto máis de cen veces.

A etapa colexial pasaba paseniñamente. O bedel do colexio, realizador de bocadillos de chourizo sen igual, quentábaos sobre a caldeira de gasoil e vendía ese manxar á hora do recreo. Era o mesmo chourizo que vendían na tenda, o mesmo que lle pedía á miña nai, o mesmo que á hora da merenda xa non era o mesmo.

A primeira emancipación, a da bicicleta, proporcionaba a posibilidade de conquistar outros mundos ou, ao menos, outros barrios nas nosas Bicicross BH. Non importaba que algún tivese a roda pinchada ese día, todos colaborabamos dándolle ánimos mentres viña correndo detrás de nós.

Sen decatarte chegas ao instituto e, entón, todo xa vai coma o vento.

As cousas da vida trouxéronme a Gondomar. Aquí agardo poder darlle ao meu pequerrecho o amor que meus pais me deron a min e proporcionarlle esas pequenas cousas que estas vilas permiten vivir.

Pablo Muiños Pazos

### A BARROCA PARROQUIAL DE MAÑUFE.

Durante os séculos XVII e XVIII reformáronse gran cantidade de igrexas e construíronse varias outras. Entre as do municipio, a máis completa e de maior interese das de estilo barroco quizais sexa a de Mañufe. É posible que a igrexa de 1722 aproveitase parte dos muros doutra anterior e, tamén, que sobre esta se levaran a cabo, posteriormente, engadidos. En todo caso presenta unha imaxe de conxunto harmónica. Conserva dous púlpitos, baixo o arco triunfal da capela maior, con plataforma moldurada e decorada. Tamén están decorados os seus tornavoces. A tradición oral insiste en afirmar que un dos mestres canteiros, portugués de orixe, retratouse culminando a obra.



Contáronme que este camiño leva a Santiago de Compostela, logo de atravesar pequenas vilas e grandes outeiros, de cruzar pontes centenarias e modernas estradas; pero ¿que hai no camiño?. Eu vexo unha morea de recordos; vexo a miña avoa contándome historias de lobishomes e aparecidos que se me antolla poder atopalos aquí, entre carballos e fentos milenarios.

Si, debe ser este camiño que inspirou os seus camiñantes, peregrinos en busca da axuda divina, no relato desas historias fantásticas que se transmitiron de xeración en xeración ata chegar á miña avoa e da miña avoa a min.

¿Que terá o camiño que leva a elaborar esas historias? ¿Poderá atoparse un aquí realmente con lobishomes en noites de lúa chea? ¿Paseará polas súas ribeiras a Santa Compañía e haberá que correr a agacharse para que non nos vexa e non leve así a nosa alma?; ¿ou será o medo ao silencio e á soidade do camiño, iso que nos pon de fronte a nós mesmos e que nos fai escoitar voces que, cal procesión de aparecidos, vannos cantando os nosos logros e os nosos fracasos?. ¿Ou será, pola contra, a tentación, tan humana, de afastarse das súas fronteiras trazadas e ben definidas por unha fileira de árbores frondosas que nos refrescan no verán, bríndannos cor en outono e dannos a seguridade de saber que moitos, antes ca nós, o percorreron, marcando cos seus pasos, máis claramente aínda, a dirección da súa senda?

74

¿Que atoparemos máis alá dos seus límites? ¿Pagará a pena afastarse do camiño despexado, limpo e que seguramente nos leva á nosa meta se seguimos camiñando sobre el cal peregrinos devotos? ¿Pagará a pena internarse no descoñecido, no enmarañado, no ilimitado co risco de perdernos e de non chegar nunca ao obxectivo prefixado?; ¿buscando que? ¿Un camiño diferente, talvez aquilo que dende o camiño orixinal non cheguemos a ver e sexa tan espectacular e emocionante que faga vibrar as nosas almas coma nunca?

Por iso, se me preguntases a min que hai no camiño, diríache: unha morea de preguntas... e de lembranzas.

Stella Colaneri

#### O CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño Portugués d'A Nosa Señora do Norte a Santiago, que en Barcelos se separa da ruta central, entra en Galicia por Goián e en Gondomar por A Portela, en Couso. Baixa polos Remedios e a Forca de Lobos ata Feira da Doce e A Estrada e dende aí, bordeando as murallas do Pazo do Conde, pasa ante a porta de Pousada do citado Pazo para, contornando as terras da antiga Pousa de Marquina, dirixirse a Mañufe. Cruza o río Miñor pola ponte románica e, dende o Lugar d'O Acordo, sobe pola Pousa de Fontán en dirección a Vilaza. Pasa ante a parroquial e o calvario d'A Carballeira, rodea as terras do Pazo de Pampillón e vai saír á Areíña para aí coller o Camiño Vello en dirección a Pego Negro. Dende aquí desvíase por Castro Mendes, tramo que mostra a fotografía, a O Tumbio e segue por A Rocha e a Ponte do Muiño Gaitero para, continuando polo antigo Camiño Real, encontrarse cun marco granítico do século XVII coa lenda Baladares. Nese lugar empeza o actual concello de Vigo, por onde segue o camiño para ir toparse en Redondela co central.







De cativa xogaba a percibir as cousas utilizando cada un dos sentidos individualmente.

Así, cheiraba os obxectos, tocaba as cousas, achegaba o oído ao que me rodeaba esperando escoitar a súa historia, e mesmo o meu sentido do gusto se alegraba lambendo o máis tenro que me daban as percepcións.

De feito, cando naceu a miña filla, o primeiro que fixen foi cheirala. Sabía que así a podería recoñecer entre a multitude de seres que nos agrupamos.

Custábame mirar as cousas que me parecían importantes.

Tiña medo da luz e as súas sombras. “Son demasiado evidentes”, pensaba.

Paseando por aquel camiño contigo, decidínme a abrir os ollos e empecei a ver a vida a través dos teus. Pequenas cousas nas que non me fixara antes, algunhas levaban alí centos de anos.

Gardo a fotografía daquel momento.

Asunción López Burbano

#### O LUGAR DO ACORDO

Emprazado a moi pouca distancia da ponte románica pola que cruza o Camiño de Santiago sobre o río Miñor, na parroquia de Mañufe, no centro xeográfico do Val, existe, dende antigo, un cruceiro con peto de ánimas. Coa apertura, no XIX, da PO-340 introduciuse un factor de risco para o monumento, que terminou coa repetida rotura do varal e a cruz. Do cruceiro orixinal consérvase a base, o peto de ánimas e, posiblemente, a plataforma. A última rotura produciuse no ano 1993 reconstruíndose, nunha interpretación libre, no 1995 por alumnos da Escola de Canteiros de Poio coa intervención de alumnos da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Xunta e o asesoramento da Oficina Técnica do concello de Gondomar. Das pezas reconstruídas ten especial interese o capitel, executado polo escultor marinense Chichi.

É este un lugar de gran valor simbólico para o Val de Miñor porque foi, ata o século XVIII, onde se tomaban os acordos e decisións administrativo-políticas que afectaban ao antigo Partido de Miñor e onde se elixía, cada un de xaneiro, tras a misa maior, o Procurador Xeral do Val. Xa que logo, era a sede do Concello.





## O calvario de Vilaza

*Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado e cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do ceo, polo arrepentimento de quen o pagou e polo gran sentimento de quen o fixo.*

(Castelao)

Os cruceiros son unha das mostras máis ricas da arquitectura popular galega, a súa orixe segundo algúns autores remóntase á prehistoria. Os máis antigos de Galicia poderían estar datados no século XIV sendo os máis populares os de arte barroca do século XVII.

Adoitan estar situados nos cruces de camiños, adros das igrexas, ermidas, á beira dos cemiterios; ás veces fan referencia ás estacións dos viacrucis, están tamén vencellados a crenzas pagás, como lugares de ritos de sanación do corpo e do espírito, reunión de ánimas, bruxas, etc. Outras localizacións comúns son os lugares onde ocorreu algunha morte ou acontecemento violento, segundo as lendas, para evitar que a alma errante das vítimas chegue a danar os viandantes.

Normalmente a súa orixe é devocional, aínda que non faltan os motivos rogativos ou de ofrenda como causas da construción. Ás veces son encargados por algunha persoa que quere ofrecer a súa construción como promesa pola curación dunha enfermidade ou protección para unha situación perigosa, como é neste caso.

Son considerados un obxecto sagrado e non é de estrañar as prácticas e costumes vencellados a el, como as ofrendas en petición dalgunha graza ou como testemuño de agradecemento por algún favor recibido, paradas de enterros ou procesións.

Este calvario está situado a poucos metros do cemiterio, e componse de dúas cruces laterais e un cruceiro central. As cruces laterais están situadas máis atrás, nun plano superior do terreo, e ao longo dos brazos de ambas aparecen inscricións de difícil lectura; no pedestal da cruz dereita, no lado esquerdo do pedestal, ten gravada unha cruz latina en posición horizontal e na cara frontal a seguinte inscrición:

BENTO LVIS ME  
HCOASVCOSTA  
1668

No cruceiro central aparece a imaxe da crucifixión no anverso da cruz, mais non aparece a imaxe da virxe no reverso, o fuste é de sección octogonal e ten gravado en baixo-

rrelevo unha escaleira entre un martelo e unhas tenaces (descendemento) rematando o conxunto nun cáliz que se repite, de diferentes tamaños, en diversas partes da cruz. No pedestal pódese ler a seguinte inscrición:

CARITAS  
SE PINTO Y ALAMBRO A  
DEVOCIÓN DE VICENTE  
MOREIRA.SIENDO CURA D.DO  
MINGO FERNADEZ.AÑO  
DE 1904

A este cruceiro chega a procesión de Corpus Christi, e as alfombras florais, no primeiro domingo do mes de xuño. Aínda non hai moito tempo os enterros facían alí unha parada antes de chegar a destino.

Foi restaurado hai uns anos pola asociación de veciños da parroquia.

Esperanza Araújo Quintas

## CALVARIO DA CARBALLEIRA

As dúas cruces menores, con seguridade contemporáneas, foron realizadas, segundo consta na inscrición dun dos pedestais, por un tal Benito Luís en 1669. A peza central, artisticamente a de maior importancia, é posible que, pola iconografía que mostra, sexa coetánea das anteriores. Na base, outra inscrición lembra que foi repintado e armado, seguramente, todo o conxunto en 1904, por Vicente Moreira. Por diante deste monumento, emprazado en Vilaza, pasa o Camiño d'A Nosa Señora do Norte, de peregrinación a Santiago.

Non son moi habituais os calvarios; si, moito máis, os cruceiros. Sen embargo, no municipio existe outro en Donas, no Mosteiro, do que xa se dá noticia da súa existencia a principios do século XVIII no libro de Foros e Rendas da antiga Casa de Acevedo, asentada nos terreos do románico mosteiro feminino, contiguos á igrexa.



Desde o noso abeiro vemos pasar o tempo: vaise unha xente, outra nova vén. Novos costumes xorden coa chegada dunha nova xeración, pero nós, as almiñas do purgatorio, como así nos chamaban antes, seguimos a estar aquí, ficamos quedas e silandeiras como se de sinxelas pedras se tratase, pero gardamos na nosa memoria moitas historias, de vivos e de mortos, moitas experiencias dos nosos labregos de antano.

Fíxate cando pases a carón de nós como che murmuramos... porque hai enterrado no noso pasado un tesouro agarimoso cheo de simples verdades e grandes segredos. Cando veñas visitarnos sentirémonos revivir coa túa presenza. Deixa que che contemos fermosos contos porque nos sentimos ledas cando alguén nos presta atención. Sufrimos ao sentir que nos arrancades anacos da nosa vida cando nos ignorades ao confundirnos con outras pedras calquera coma as que tropezan cos nosos pés. Si, é certo, somos parte da natureza que te rodea, mais non por iso tes que ignorarnos...

Cantas tardes de inverno sentadas onda nós, chorando como a auténtica Magdalena por Cristo, elas o facían polos seus amores afastados nunha terra descoñecida e perigosa á que os levaron por unha guerra que nin sequera eles entendían que sentido tiña? Esas mulleres viñan para pedir polos seus homes entregados a unha misión que nada tiña que ver coa súa vida cotiá, coa súa verdadeira e única vida, viñan buscar consolo e con nós atopaban acougo temporal e desafogaban as súas mágoas... Tempos duros, moi duros e cheos de inxustizas! Para que recordar?

Quen puidera aloumiñar esas xentes que a cotío andan desnortadas en busca de sabe Deus que! Canto consolo atoparían en nós como os fillos atopan nos brazos dunha nai que os acolle no seu colo e os acariña con dozura e sabedoría como só ela sabe!

Ánimas benditas ou tal vez ánimos a todos os benditos para seguir a sufrir con resignación os tempos vindeiros...

Ana Díaz Pérez

#### AS ALMIÑAS D'Á BASTIDA

Este peto de Couso, emprazado nun barrio de topónimo con tan medievais connotacións, é un dos oito, sen contar as boetas ou petos de man, que se conservan no municipio. Segundo inscrición nel existente, é de 1882 e sitúase a carón do antigo camiño real que unía Baiona con Tui pasando por Gondomar. O peto de ánimas é un tipo de monumento bastante habitual na cultura popular de Galicia e do norte de Portugal, que aparece no século XVI ao amparo da exaltación que a Contrarreforma fai do purgatorio, ao que se refire Xosé M. Laredo Verdejo, falando do integrado no cruceiro d'O Acordo, nos seguintes termos:

A tradición de crear estes petos, especialmente abundante desde os séculos XVII e XVIII, vai unida, e é consecuencia dese sentimento do pobo galego, tan relixioso, ó mesmo cruceiro en si e moi especialmente á fe no Purgatorio como negación de Inferno cristián, no feito de non admitir a morte eterna; neste distínguese a idea galega da doutros pobos igualmente creadores de cruces de pedra.





## O canteiriño de Borela

Coa construción da igrexa de Morgadáns chega á parroquia moita xente de fóra, a maioría canteiros. Os veciños continuaron co seu labor cotiá.

As irmáns Xenerosa e Sabela, naquel día de Abril, xa de mañanciña se afanaban por aviar a casa. Xenerosa na cociña. Sabela baixou ás cortes, xa saía cando escoitou:

— Bo día

— Nolo dea Deus, - respondeu sorprendida pola presenza dun mozo que con paso decidido baixaba polo camiño. “Que bo mozo” pensou, pero claro, Sabela tiña trinta e sete anos. Xa lle pasara o tempo...! Subiu as escaleiras e contoulle o caso a Xenerosa.

— Quen será? -inquiriu Xenerosa

— De aquí non é, non... Mañá irás ti aos cortellos! - ordenou Sabela. Xenerosa aceptou curiosa. Xa tiña vinte anos, e...

Pola mañá, como acordaran, Xenerosa baixou tras unha ollada ao espello do armario. O corazón latexaba coma tolo. O seu pensamento estaba aferrado á idea daquel mozo que nin sequera coñecía.

82

A ansiedade comíaa por dentro, pero fixo tempo e agardou. Toda unha eternidade para ela. Ata que oíu pasos. Era el! Non podía ser outro! E disimulou

— Bos días. -como un lóstrego, Xenerosa volveu a cara: e alí estaba o Tío Domingos do Pedro

— Pásache algo Xenerosiña? Parés que estás moi colorada!

— Estarei!, -respondede contrariada. Seguiu o Tío Domingos, e Xenerosa saíu dos cortellos.

— Bo día! -escoitou de novo. Receosa volveuse e... non era o Tío Domingos! Era un mozo novo, rexo, dereito, pelo castaño e ollos negros. Será un anxo? Unha visión? Non houbo tempo para atopar unha resposta. As palabras do camiñante volvérona á realidade:

— Que sorte ten ese porquiño

— Non será tanta, nuns meses vén O San Martiño! -soltou Xenerosa coma unha requeifa.

— Non, non o digo por iso, muller; dígoo por ter a sorte de recibir os teus coidados!

Un sorriso agradeceu a galantería, e a conversa continuou seguindo a canle propia dun parrafeo de namorados.

Namorouse Xenerosa e con ela tamén un chisco Sabela que, aínda que a través da súa irmá, veu reverdecer o corazón e sentiuse tamén ela un pouquiño namorada.

Rematouse a igrexa, mais non houbo despedida! Si houbo unha humilde voda. Antoniño de Borela deixaba para sempre a súa aldea natal, para quedar entre nós.

Pasaron os anos e esmoreceron os recordos. Quedan unhas venerables pedras, gardiás de tantas historias de vida, de loita, de amor.

José Luís Alonso

## ACIVROS EN PRADO

Aínda que na totalidade da xeografía do municipio existen, espallados, exemplares de acivros, a maior colonia atópase nalgúns cotos de Chaín e, particularmente, no barrio de Prado, en Morgadáns, onde se mesturan harmonicamente coas casas e antigos conxuntos etnográficos como o que mostra a fotografía. O acivro, que en Prado recibe o nome de acevicho e nace de xeito natural entre as mámoas dos enterramentos megalíticos, primeira manifestación arquitectónica do municipio, é unha arbore que os pobos celtas consideraban sagrada e que a tradición galega tamén inclúe no seu ideario.







O ceo destaca os pináculos de pedra e acolle a súa rogativa nos tempos regulares e malos. Veláí a economía da supervivencia ou da estética, que non é o caso. Collín o gran e gardei esperanzas para todo o ano. Ano hortelán, moita palla e pouco gran.

A eira foise enchendo de trevo e de pampillos. Deixaron os traballos comunitarios, xa sabes, as fábricas de coches producen máis, o pan xa vén feito e os animais, como cho diría, viven –é un dicir– pendurados de ganchos nas tendas do mercado. Traballar fóra e mais na casa... Enredar algo está ben, como pida o corpo.

O canizo aínda segue en pé, non coma noutras casas –polo menos nós conservámolo– confundido coa paisaxe, as árbores espidas e as silveiras. Co bo tempo as cousas vense doutra maneira –a luz é fundamental–, xa se sabe que o sol ten algo de milagreiro. Pero agora non é verán, hai que agardar a que chegue. A falta doutra cousa, arredor da cabana van medrando as tellas que sobraron da última reforma da casa –cartos tirados–, a sementadora mostrando as súas engurras de tempo e decrepitude. Total, para o que é, ben vale.

A cruz da fartura garda os xoguets de cando os nenos eran cativos. Tamén algunhas novelas de don Marcial Lafuente e tebeos. A porta de folla de lata protexe estes tesouros e deixa unha pegada pintoresca dentro da paisaxe.

As mos non deixan entrar os ratos. Para que queren entrar?

Xurxo Martínez

#### O CANIZO

Este prodixioso enxeño para almacenar colleitas agrícolas en inmejorables condicións é de moi remota orixe se ben a primeira representación gráfica non aparece ata o século XIII, nunha miniatura das Cantigas de Santa María do rei Alfonso X. O hórreo, denominado de múltiples formas, coñécese en Gondomar como canizo e preséntase en diferentes variantes formais e materiais. Materialmente poden estar conformados só en granito; en granito e tella; granito, madeira e tella; madeira e tella, inda que sempre, nestes casos, os pés e os tornarratos son graníticos; e os máis recentes en ladrillo. Formalmente, o máis estendido presenta planta rectangular coa porta nunha cabeceira, seguido, moi de preto, polo que algúns autores denominan variante Mañufe, o cal presenta a porta centrada nun lateral baixo un pinche que nese lugar forma o tellado. No barrio de Bade, en Gondomar, atópase o único exemplar coñecido en Galicia con planta en forma de T.

Esta edificación adxectiva da casa tradicional, elemento icónico da paisaxe galega, declarada Ben de Interese Cultural, está en decadencia debido aos cambios sociais e de produción do medio rural galego, tal e como mostra a fotografía con este, tipo Mañufe, de San Cibrán, en Donas.





## O río ten ollos

Conta unha lenda que o río ten ollos. Ollos de pedra. Conta tamén que os ollos de pedra foron antes có río. Xa estaban aí cando nin leito había, e de tantos anos mirando coñecían todo o que pasara, igual que coñecían todo o que acabaría pasando de novo. Porque a pedra ten mellor memoria cós homes. Porque os ollos de pedra saben mirar con máis coidado. Tamén porque os seus recordos están limpos da man trampulleira das emocións, que fan que os homes recorden, non como pasou, senón como cada un sentiu que pasara.

Ata que un día os ollos de pedra esqueceron ese don ancestral que posuían e empezou a nacer neles o degoiro de seren humanos. Arelaron ir e vir, facer e desfacer, partir e retornar... quixeron sentir os xestos de amor que se intercambiaban ao abeiro das súas pálpebras, entender as disputas que se berraban ao ceo e, máis aínda, as que se gardaban no recanto máis calado do corazón. Os ollos de pedra quixeron ser o que non lles tocaba.

E fíxose tan forte o seu devezo que chegou ás entrañas da terra. E a terra, ofendida polo desprezo que os ollos de pedra facían da súa propia natureza, quixo castígalos concedéndolles o que antollaban. E fíxolles sentir entón, por un instante, o que sentiran todos os humanos que algunha vez pasaran ante eles. Un instante nada máis. Pero nese único instante, conta a lenda, os ollos de pedra empezaron a chorar. Choraron polo que sentiran todos os humanos que algunha vez pasaran ante eles. E aínda que só foi un instante, aínda é hoxe o día no que os ollos de pedra seguen chorando.

Araceli Gonda

### A PONTE DE BARALLA

As tapas de sartegos que inda hoxe se conservan no contorno do adro da parroquial testemuñan a existencia no lugar dun cemiterio na idade media, e parece confirmado que no sitio ocupado actualmente pola igrexa, de 1853, existiu outra dende o século XII. Está documentado que en 1754 xa existía a capela de San Roque e é probable que o camiño que, vindo de Tui, une O Lago, onde se atopan os restos dunha pousa brasonada coas armas da familia do abade da parroquia Andrés Saavedra Villamil y Bolaño, coa pousa de San Roque, da que só se conserva o portal coroado por brasón coas mesmas armas comentadas e un notable canizo, fose ruta seguida por algún peregrino desistado. Este camiño pasa sobre a ponte de Baralla, e aínda que non está confirmada a súa orixe é importante resaltar que na fabrica desta apareceron algunhas marcas de canteiro, moi propias do medievo e, menos abundantes, dos primeiros séculos do Antigo Réxime.





Cantas tardes de domingo pasamos á beira dese río...

Colliamos a mochila, o bañador e algo de comer.

Tiñamos poucos anos e moito que aprender da vida.

Lémbrome do sol e as árbores que nos protexían da calor.

Era o noso momento.

Aprendemos que a amizade é o máis importante que temos.

As nosas confidencias, experiencias e segredos flotaban como as podallas que caen na superficie da auga.

Pasaron moitos anos e o río segue aí.

Hoxe volvín ao lugar onde nadabamos e coido que das dúas beiras que ten o noso río, gústame a que eliximos.

#### PEIRAO DO BRAVO, NO RÍO VILAZA

Estas pequenas obras de enxeñería hidráulica abundan nos numerosos ríos de Galicia. O seu principal obxectivo foi derivar augas para abastecer muíños hidráulicos, neste caso as augas retornaban ao río, ou para regar campos de cultivo. Este último era o cometido do peirao d'O Bravo. Nalgunhas ocasións as augas encoradas tamén serviron para mitigar as calores estivais de mozos que, en coiros e ás agachadas, probaban a frescura do líquido escurecido por mor da abundante vexetación arbórea das beiras. Outras veces estes remansos foron lugar apetecido por pescadores para poñer en práctica as habilidades adquiridas coa experiencia, con resultados, en tempos, altamente satisfactorios.







## Os muíños de auga de Gondomar Un patrimonio a recuperar e protexer

Estamos a ver na foto o muíño de Quintas, no lugar do Toucido, nos lindes co lugar da Torre na parroquia de Chaín, que aínda moe con auga do río de Morgadáns que vai pola levada do Beco, grazas aos coidados dos seus propietarios que o restauraron e o teñen en servizo para o seu aproveitamento polos herdeiros, que ao longo dos anos se foron multiplicando, mais que non impediron o seu abandono.

Os muíños de auga son un patrimonio etnográfico que posúen un gran valor, pois son as testemuñas dun período da nosa historia na que se consideraban a única industria existente na parroquia ou no concello. Aló pola metade do século XVIII, sabemos que en Gondomar había 126 muíños negros e un albeiro, entre as dez parroquias. Muíños negros eran os que só moían millo ou maízo, que era o que máis se cultivaba, e os albeiros ou brancos os que moían trigo, menos abundante. Este único muíño albeiro estaba na parroquia de Morgadáns, no lugar da Abelosa, tiña unha soa roda e o seu propietario era Juan de Gonda, veciño da mesma freguesía de Santiago de Morgadans. Moía con auga do río da Ponte da Abelosa 9 meses ao ano catro ferrados de trigo ao día e pagaba de impostos 258 reais de vellón ao ano.

90

O número de muíños que había en cada parroquia eran:

San Bieito de Gondomar 6; Sta. Mariña de Vincios 29; Sta. María de Vilaza 19; Sta. María de Chaín 6; Santiago de Morgadáns 22 negros máis un albeiro; San Miguel de Peitieiros 13; San Cristovo de Couso 5; San Vicente de Mañufe 11; San Martiño de Borreiros 6; Santa Eulalia de Donas 9.

O seu interese radica, ademais de ser unha posible fonte de atractivo turístico, na arquitectura e enxeñería, dos que temos mostras moi fermosas en diversas parroquias do concello, e no valor engadido de todo o que os rodea a nivel de tradición popular. Cantigas, refráns, contos, folclore e o estar situados nas ribeiras dos ríos, que son as veas que enchen de vida as nosas aldeas e lugares. A fauna e flora que hai ao seu carón, os camiños e o son das augas que baixan polos diversos ríos e regatos, merecen ser coidados para que cheguen ás xeracións futuras como testemuñas dun amor pola terra e a natureza que hoxe, en moitos casos, non abonda, e que foi a fonte de recursos e ingresos básicos para moitos dos nosos antepasados. Pan negro ou pan branco, quen tivera para levar á boca en moitos intres da nosa historia non moi arredada. E no muíño, móiase e facíanse muiñadas e ademais de sacos de fariña saíron moitas parellas que encheron de vida o noso concello. Restauralos e polos en valor, como se está a facer xa nalgunhas parroquias, é un labor colectivo que nos ha dar moitos froitos, facendo

programas culturais e educativos que xeren iniciativas comunitarias para que se siga a sementar millo, centeo ou trigo, se moa e se faga pan, bicas e empanadas para celebrar perante todo o ano os diversos ciclos ligados ás sementeiras e colleitas. Se a roda do muíño xira, hai vida ao seu redor, riqueza e, por que non, futuro. Recuperando os muíños de Gondomar, recuperamos a nosa historia, coidamos a natureza e sementamos esperanza para as xeracións vindeiras. Sigamos o exemplo que vemos na foto no muíño de Quintas, e fagamos unha boa muiñada.

Xilberte Manso de la Torre  
*Gondomar, maio de 2012*

### MUIÑO DO QUINTAS

O muíño hidráulico é, posiblemente, a edificación adxectiva da casa tradicional galega de maior complexidade; na súa concepción e execución xúntanse conceptos de arquitectura e enxeñaría. Segundo a súa explotación dividíanse en “de herdeiros” e “de maquia”. Gondomar, polas características hídricas e agrícolas, posuía gran cantidade, en tipos distintos, a maioría dos cales son hoxe meras ruínas etnográficas. Só unha pequena parte foron rehabilitados e acondicionados como aula etnográfica, e aínda son menos os que seguen en funcionamento habitual. Entre os últimos, como se afana en demostrar na fotografía Marcelino Pena, está o do Quintas, n’A Margarida, abastecido pola Levada do Beco.



Todo parece en equilibrio, por un momento o tempo detense e podes gozar do ansiado descanso do espírito, todo está en calma e esqueces que a escena que hoxe contemplas con tanto pracer xa non existe, que a enguliu hai tempo o egoísmo, a cobiza e o mal chamado “progreso”.

So lembras aquel tempo sen présa, o aire limpo baténdoche na cara, as camiñadas de paseniño ao pé desa Serra, hoxe destruída, onde se agochaban covas, lendas, debuxos nas pedras, tradicións milenarias, incontables segredos... hoxe non queda nada, só un leve recordo en imaxes coma esta que rematarán tamén por desaparecer.

Acariñabas a terra coas mans e sentías a súa forza, o poder de augas ocultas, a beleza de minerais escuros... hoxe só agocha veneno, e nin un palmo de herba verde atopas para tombarte e descansar.

Soñabamos con medrar, con progresar... todo perdido en favor dun Deus traidor ao que adorabamos irracionalmente ata decatarnos de que o diñeiro non se podía comer.

Xa tampouco quedan cabalos, dende que aniquilamos a nosa raza autóctona... quizais nós sexamos os seguintes, devorados pola nosa propia ansia de prevalecer.

Pero hoxe só quero lembrar e preguntome cal será a mellor maneira de plasmar tanta beleza para que poida ser transmitida ao longo do tempo, agora que xa non existe, pero non hai lenzo máis fermoso que o da memoria.

Melisa Gonda Cabreira

#### SERRA DO GALIÑEIRO

Esta Serra, que pasando pola Chan de Prado ou d’As Moutas chega ata o Aloia, en Tui, pecha o Val de Miñor polo nacente e contén o pico de maior altura de Galicia, entre os próximos á costa, con 707,68 (v. x.) metros sobre o nivel do mar. As abas desta serra son as que lle proporcionan a maior cantidade de auga ao Miñor e a totalidade do conxunto acumula unha gran riqueza natural, paisaxística, arqueolóxica, etnográfica e antropolóxica que debería ser preservada. A modo de exemplo, dicir que na parte norte do Galiñeiro, n’As Gallas, consérvanse as ruínas ciclópeas dunha fortaleza altomedieval, declaradas Ben de Interese Cultural (1994), e dentro deste recinto existen varios abrigueiros naturais utilizados na prehistoria e localizáronse numerosos restos de cerámica de época romana.





Seixo, feldespato e mica. Tres minerais. Se un vai por Galiza vains topar moi acotío. Ás veces illados, enchendo coa súa presenza a paisaxe: algúns mariños coñecen o raio verde. Cómpre ter sorte para miralo. Para os que non a tiveron, sempre terán acougo mirando o Seixo Branco, unha fenda de cuarzo, que tamén se deita no mar na costa de Dexo, vixiando a entrada das rías da Coruña e Betanzos. Coa Marola, illa compañeira, amosan o mar todo e tamén dan a benvida á terra onde o seixo, en alianza co feldespato e a mica, forman o granito e mailo gneis, as rochas que foron quen de modelar o mar dun xeito único, irrepetíbel, para conformar a costa galega.

Son os donos e señores da paisaxe. Fornecen o material básico para modelala e darlle un perfil humanizado. Perpiaños e cachotes en construcións diversas que o tempo se encarga de integrar, de novo, na paisaxe natural. Deixan tamén a pegada da herdanza dos antergos. Mámoas, petróglifos ou castros, fálannos de tempos doutroa. Moito máis ao sur do Seixo Branco, a carón do mítico Pindo, no noso Finisterrae, e tamén a rentes do pai Miño, Pedra Escrita e Auga dos Cebros, lémbrennos tamén eses vínculos en forma de barcos de pedra.

No sur, Gondomar ten unha situación estratéxica. Albiscando o mar, sabendo da súa presenza e da súa importancia, pero firmemente ancorado na terra. O granito e o gneis deixan a súa pegada por todo o territorio, formando unha atalaia única, O Galiñeiro, que atesoura un inmenso patrimonio natural e cultural, onde os petroglifos da Auga da Laxe evocan épocas onde o home e a natureza traballaban xuntos: non é radon o que emana das rochas. É a enerxía doutroa, froito desa unión. Con todo, son as covas as que máis enerxía atesouran e as que máis tiran do máximo: son froito dun pacto dos tres elementos co home ou, mellor dito, coa muller. A enerxía, o espírito galaico, é patrimonio da muller. Seica A Cova da Becha é natural. Lóxico. Os tres minerais querían doar ao espírito galego unha morada digna da súa historia e proxección. E o espírito recompensounos escollendo esa cifra como número máximo e sagrado, asinando esa alianza cun símbolo, o trisquel. Rubir ata ela, contemplar a paisaxe e sentir a súa enerxía fará que axiña afloren todas as lendas. Benvidos ao mundo de Merlín e familia.

Pablo Carrera

#### ESPELEOLOXÍA. COVA DA BECHA

Inda que xeralmente modestas en dimensións, como case todas as graníticas, son numerosas as covas, tanto de orixe natural como artificial, que poboan o municipio, ofrecendo distinto grao de interese espeleolóxico para os iniciados nesta disciplina. Pero ademais do valor espeleolóxico, estas covas, particularmente as do Galiñeiro, acumulan varios outros valores sobresaíndo, quizais, o antropolóxico, un universo de ideas que a implantación do cristianismo foi borrando. Son moitas as referencias a deidades míticas, episodios de maxia, e animais fabulosos, no folclore da zona e na propia toponimia. Existen covas con nomes como: A Touba do Brión (nome que recibe no Galiñeiro un mítico e vello bufo xigante), A Cova do Demo, A Cova da Vella (representación da Deusa total, deusa das profundidades da terra e das alturas do ceo, que se mostra no arco iris ou arco da vella), A Lapa da Moura (ser encantado, mítico e esquivo), ou A Cova da Becha, tamén coñecida como igrexa da Becha (ofidiolatría, recinto sagrado onde vive o mal en forma de vella serpe). A Becha é coñecida noutros lugares como A Coca (Redondela, Monçao, etc.) ou O Dragón.







Subía o Hermida por estes mesmos vieiros hai oitenta anos. Aos Arruídos do Galiñeiro, buscar pedra. Co carro cangado a parella de bois arrepuñíase a baixar polos camiños, inzados de penedos, fraguentos e costaneiros. O Hermida tirou o chaleque e máis a camisa e púxollelos aos bois polos ollos, para obrígalos a se deixaren guiar até Brandufe. Pousou a primeira carga e volveu por máis pedra para carrexar á vila. Non foi doada a tarefa.

Todos os veciños andaban de balde no monte por orde do alcalde, de canteiros uns, outros de carreteiros a levar a pedra para a construción da praza de abastos de Gondomar. Non a que deseñou Bar Boo onda o río, senón a antiga, a que botaron abaixo polo 1966 ou 1967. Erguíase esta na rúa Manuel Alonso e ocupaba o solar no que se erixiu logo o edificio de “Bazar del Valle”, ao pé do garaxe dos tranvías.

Con dificultade fágome unha idea da vida que lle tocou. Domingos Hermida Pérez nacera o 4 de marzo de 1887 e dende os 5 anos era orfo de pai. Labrego natural de Vilaza e residente na casa da Laxe de Xián, en Vincios, durmía na época da augardente nos cubertos atendendo o alambique do Avelar, co que obtiña uns ingresos extra para a familia. A carón do lume e nas tarefas cotiás amosaba o seu talento para botar contos e coplas. Os veciños incluso se achegaban á Laxe para saber cando iría á feira o Hermida e poder ir a canda el, pois os seus contos facían o camiño máis levadeiro. E de repertorio de cantigas tampouco andaba mal: os cantos ao desafío coa súa muller Carmela espertaban a admiración das fillas.

Anos máis tarde a súa bisneta percorre sobre a neve a mesma paisaxe, mais mudada. Galiza, nación na que a fartura e vizosidade do agro é desprezada, mentres bebemos leite en po chegado de Francia. Xa non quedan bois nin vacas no Val Miñor, pero tampouco os modernos tractores fan dar ao campo os seus froitos. Na leira produtiva chantamos os nosos chalés, mentres de fóra chega o que consumimos.

Neste mesmo monte queren espetarnos un parque eólico para se enriqueceren outros, os mesmos de sempre. Nada lles proporcionará ás veciñas e veciños, que teñen a capacidade de facer escoitar a súa voz. Que xeracións vindeiras non digan que consentimos a espoliación dos nosos recursos, que nos encollemos de ombreiros mentres outros nos meten as mans nos petos. O Hermida entenderíao, sería pobre, pero non parvo.

Elsa Quintas

#### SENDEIRISMO. NEVE NO GALIÑEIRO

O sendeirismo é unha das actividades lúdico-deportivas que máis está incrementando o número de practicantes, e Gondomar ofrécelles a estes amantes da natureza unha considerable cantidade de rutas de moi diferente dificultade. Rutas que mesturan valores naturais dos eidos xeolóxico, botánico e animal, con paisaxísticos, arquitectónicos, históricos, etnográficos, gastronómicos e antropolóxicos. Rutas que abarcan dende as áreas máis chairas ata os curutos rochosos do Galiñeiro, tendo particular importancia e atractivo as das frondosas ribeiras dos varios pequenos ríos que sucun o municipio, as das fragas, e as de brañas como a d’A Chan do Cereixo.



## Amencer no Río Morgadáns

A maxia dos amenceres nos seus ríos, os carreiros de pescadores, a paz do val, a biodiversidade da súa flora... levo dez anos vivindo en Gondomar e podo asegurar que atopei finalmente o meu lugar no mundo.

As súas paisaxes suaves e verdes articuladas sobre o Río Miñor, co Zamáns ou Vilaza, o Morgadáns, o Peitieiros, o Río das Rasas... fan que todo sexa murmurio de auga e fertilidade das terras.

As súas montañas permítennos acceder ao Parque Natural do Monte Aloia a pé, dando un paseo polos seus carreiros... e a proximidade a Portugal e ás praias convértena nun destino turístico moi interesante.

Trátase da bisbarra máis próxima a Vigo que aínda conserva unha gran beleza natural e certo carácter rural, que felizmente apenas foi industrializada.

A última vez que intentaron pasarlle unha autoestrada por riba ao Val Miñor, o pobo enteiro coma se dun Fuenteovejuna se tratase, dende o párroco ao máis radical dos seus veciños, púxose en pé de guerra con manifestacións e sinaturas de alegacións en contra, conseguindo a paralización total do proxecto.

Así, é unha poboación, a deste val, tranquila e sensata, consciente do privilexio que supón vivir nel e que non está disposta a perder as belezas que posúe...

Na casa, polas súas connotacións bucólicas, chamámolo o reino de Gondor.

Teresa Pérez Acosta  
*nick* Teresa laLoba

## AS FRAGAS. AS RIBEIRAS

Practicamente, só nas fragas se acumula con abundancia, actualmente, a vexetación autóctona. Son como fermosas, exuberantes e coloridas illas entre a inxente masa forestal de piñeiros, eucaliptos e acacias que todo o poboan a consecuencia das interesadas políticas de repoboación forestal que, dende decenios atrás, se levan a cabo. Gondomar, afortunadamente, inda conserva fragas de interese, como a do Pego Negro e Castro Mendes, a de Oliveira, en Borreiros, que continua río Groba arriba, e algunha outra. As especies botánicas que as constitúen e a fauna que as habitan son reclamo forte para os amantes e observadores da natureza.

Similar razoamento se pode facer para a considerable rede hídrica que abastece o caudal do río Miñor sucando o territorio baixo unha tupida vexetación, a cuxo acubillo inda hoxe un se pode atopar con máis dun pescador despistado, armado de cana e paciencia, combatendo con algunha troita.





## Castañas e andoriñas

O outono dá sempre algo de tristura, e non polo ocre da paisaxe, nin porque volva cho-ver, nin polo día de defuntos ou polas matanzas de San Martiño, simplemente porque marchan as andoriñas, déixannos, vanse para África buscando a calor.

Nesa ausencia xorden as dúbidas: e aquelas que naceron e medraron no cuberto, baixo das tellas vellas, que será delas?, coitadas, onde irán?, criarán no galpón de Akanni, nas aforas de Kokokodji, Nixeria, como o ano pasado?, volverán na primavera?, cantas virán desta volta? Todo se enche de incógnitas...

Mais... dunha cousa estou seguro, por iso de compensar a tristura, nuns días hei ir a apañar castañas. Como todos os anos, cunha cesta de vimbio, un pau e unha luva des-sas gordas, a dunha man é abondo. Antes pisaba os ourizos para obrígalos a cuspir as castañas e, como sempre quedan presas pola base, sorteaba as espiñas para coller con dous dedos o ápice, mais era unha operación perigosa. Nunha de cada tres, picábaste. Agora xa non arrisco tanto.

Normalmente collo máis castañas das que podo procesar. Hai que ter en conta que tes que descartar as de becho, as baleiras, as murchas, e así sempre van quedando menos. Logo vén a selección, estas para asar, estas para cocer e estas para o canizo, así vai quedando algo para arranxar o bandullo durante o inverno, conseguindo unha alegría suficiente e temporal para agardar as vindeiras andoriñas e a primavera.

Alfredo López

## HORTICULTURA E FROITEIRAS

Todo o Val de Miñor é unha terra de gran fertilidade e, quizais, Gondomar, debido ás particulares características topográficas, de asollamento, humidade, e prudente distancia ao mar, sexa o máis dotado para estas cuestións. Foron moitas e de gran calidade as hortalizas que se cultivaron no seu territorio, hoxe sensiblemente diminuídas por causa do barbeito social, as cales tiñan como un dos fins o de ser comercializadas nos múltiples mercados da contorna co obxectivo de contribuír á precaria economía familiar. O mesmo razoamento debe aplicarse ás froiteiras, que no caso concreto da castaña veuse, e segue a verse, incrementado o problema da diminución produtiva debido aos dúbidosos criterios de repoboación forestal.







*... e agora escoita escoita  
a voz do vello*

A Santa Compañía baixa devagar dos Bermús cara a Agua da Laxe, imos camiño da media noite. Agosto, pero non vai calor.

Un par de centos longo de persoas diante da Pedra das Procesiões. Vanse apagando as lanternas, xa Bruno preparara pantalla, computador, proxector e grupo electrógeno para amosar unhas ducias de fotos da mellor arte rupestre gravada do mundo. Fotos proxectadas ás doce da noite pé do maxestoso Galiñeiro co mar de Baiona e Panxón ardendo ao oeste. Fotos acompañadas por algunha voz (autorizada?) do Instituto de Estudos Miñoranos. Ninguén viu aínda que hai aos pés da pantalla alumeada da que terman Soraia e Fernando, ninguén.

Rematou a sesión fotográfica. Seguimos ás escuras.

O relato prehistórico céntrase durante varios minutos sobre o longo afloramento granítico cunha cara inclinada á amañecida.

— Xilberte, Eduardo, por favor, prendede os focos.

— Ooooh!

— Aquí unhas trinta armas no mellor panel da arte europea na fregresía dos Cantares do Brión.

E continúa a combinación cambiante de focos e voz das Xeiras do IEM sobre alabardas, puñais, espadas, escutiformes e a figura rara das nove pugas. Sobre unha das xoias patrimoniais do Val Miñor e de Galicia

— Xilberte, ergue algo ese foco para que se miren mellor as alabardas; Eduardo, baixa un chisco ese. Graciñas.

deixada aquí hai ducias de séculos polos homes e mulleres que querían o Val...

*... a voz de aquel que sabe  
cifrada contra poente  
segue escrita nas laxes desta Terra  
para instrución e aviso da mocidade.  
(Estirpe, 1994 X. L. Méndez Ferrín)*

Xosé Lois Vilar

#### O OUTEIRO DAS PROCESIÕES. PETRÓGLIFO

Este gravado rupestre prehistórico emprazado ao pé do monte Galiñeiro, cuxa cronoloxía se corresponde coa Idade de Bronce, é o máis importante, no seu xénero, da Europa e foi declarado BIC, con categoría de monumento, en 1974. Gondomar posúe numerosas estacións de arte rupestre prehistórica e histórica, ao tempo que de temática figurativa e abstracta. Entre os figurativos, ademais dos d'O Outeiro das Procesiões, n'A Auga da Laxe, son destacables outros próximos a el e, tamén, as figuras de zoomorfos da estación d'O Sobral, en Couso. Os abstractos podemos dividilos naqueles resultantes de combinar liñas curvas e nos que son consecuencia de combinar, ortogonalmente, liñas rectas. Citaremos, do primeiro grupo, os de Gándara e Morxón, en Chaín, e os de Seixiños Brancos, en Morgadáns; e dos segundos os d'Os Pociños, en Vilaza, e Castro Mendes, en Vincios.



*Acolá están as illas. Paso a man polo lombo do vento  
que mas deu coma un can no monte dá perdiz  
agardo a que se ergan e voen sobre a mar.*

Estes versos de Cunqueiro viñéronme ás mentes á vista desta paisaxe, case irreal de tan inimaxinablemente fermosa. Acolá están as illas, as Estelas e as Sías, coas penínsulas de Monte do Boi, Monte Lourido e Monteferro c'Ó Morrazo por tras entre a néboa do horizonte, a enseada d'A Foz onde o Miñor se dilúe mainamente na baía de Baiona, colo mariño do Miñor. E presidindo esta marabilla da creación a milenaria presenza dun castro, cumio privilexiado da nosa estirpe. Se a un, que está acostumado, se lle encolle aínda o corazón ante a vista deste paraíso, imaxínade por un momento o impacto emocional de quen enxerga isto por vez primeira, entre o recendo a monte e a salitre que trae o vento, o rechouchiar de piscos e charraus e o rincho distante do gando ceibo do monte. Os sentidos do ser humano non dan apreixado a magnitude da fermosura desta imaxe, "illas deitadas contra o ocaso mariño/ coma lonxes soñados por pintores completamente luars", como escribira maxistralmente o noso presidente Ferrín.

Salustiano Mato De la Iglesia.  
*Reitor Universidade de Vigo*

O CASTRO DE PEDRA MOURA, ENTRE BORREIROS E DONAS  
Segundo din os arqueólogos, este castro, do século II antes de Cristo, é o de máis entidade non só dos existentes no municipio senón dos que poboan o Val de Miñor debido á especial importancia e monumentalidade do sistema defensivo. Parece ser que na parte máis alta, ao sur, existiu unha torre de defensa e que a totalidade do asentamento, de planta oval, esta rodeado de muralla, sen escavar pero sondada, precedida de complexos e profundos foxos. Recentemente leváronse a cabo tarefas de escavación e posta en valor parcial do conxunto, e musealizáronse algúns dos achados. A situación xeográfica que ocupa é de auténtico privilexio visual e estratéxico, e no recinto, ademais dalgúns petróglifos, emprázase un secular marco que separa as parroquias de Donas e Borreiros.





Sería arriscado tentar atinar na orixe deste costume ancestral, aínda que exista constancia da pegada dos xogos de “bolos” na vida dos clásicos gregos e romanos, nas civilizacións das beiras do Nilo ou dos pobos celtas.

Para uns naceu coma tantos deportes dunha práctica de caza ou no adestramento militar en tempos de paz nos que se procuraría afinar a puntería, mellorar o pulso e traballar a musculatura. Outros apúntanse directamente á hipótese lúdica, un divertimento, un xeito máis de pasar o tempo.

Custa crer na misteriosa e inquietante lenda que circula por Asturias, segundo a cal este deporte deberíase á tribo celta dos Pésicos, quen adoitaban utilizar osos dos seus inimigos mortos a xeito de “bolos” chantados na terra que tentaban crebar co cranio dos vencidos para impedir o paso ultraterrenal.

Do que non semella existir dúbida é de que foron os celtas quen o trouxeron ao norte da península Ibérica, atopando pronto e profundo enraizamento no País Vasco, en Cantabria, en Asturias ou en Galicia, onde acadou maior difusión e intensidade no sur, especialmente no noso Val Miñor. Indubidable é o arraigo que o deporte autóctono ten no Val Miñor. Fieis seareiros e deportistas que disputan os campionatos de Galicia ou de España.

Sorprende mesmo a proxección alén do Atlántico, onde foi espaxado pola nosa diáspora migratoria. Arxentina, Chile ou Uruguai son terras nas que lecer e competición son exercitados intensamente como remedio contra as saudades. O seu recoñecemento internacional aconteceu nas Olimpíadas de Barcelona 92 onde o “Bolo Celta” foi convidado a participar como deporte olímpico de exhibición.

Lino Pellitero

#### BIRLOS CELTAS

O municipio, a día de hoxe, ten alta representación nalgúns deportes, tales como o tenis de mesa, que chegou a militar na máxima categoría estatal e conseguiu varios títulos nos campionatos galegos, algúns dos cales aínda ostenta, o automobilismo de “rallys” con Alberto Meira, campión de Galicia, ou o atletismo con Vanessa Veiga, campioa de España (2011) na modalidade de maratón, con marca mínima para os xogos olímpicos de Londres, e Martínez Ageitos, campión de Galicia en 5000 e 10000 m. Pero onde realmente destaca sobranceiramente é no máis ancestral e vernáculo de todos: os birlos celtas, coñecidos tamén como bolos celtas. Este deporte autóctono unicamente se conserva coa máxima pureza no Val de Miñor e no Baixo Miño, concentrándose particularmente en Gondomar, Baiona, Nigrán e Tomiño. José Domínguez Rodríguez, de Mañufe, sen contabilizar torneos nin clasificacións en equipo, conquistou seis campionatos de Galicia, catro campionatos de España, dous campionatos intercontinentais, e o título olímpico en Barcelona 92. Segue en activo, e na Gala Campeones Federación Española 2011 foi recoñecido como o mellor xogador.







## Ao pé do Monte das Bestas, no curro vello do Galiñeiro

Aí están, dentro do chamado “curro vello” ao pé do Galiñeiro, a serra que de Norte a Sur constitúe o que X.L.Méndez Ferrín denomina “o espiñazo da Terra de Turonio”, un espazo que concentra un importante número de cabalos ceibes no monte.

O Monte das Bestas, o lugar que a escritora Eva Moreda crea en “O país das bestas”, ben puidera ser este monte que se ergue ao fondo do curro e que o xeógrafo Domingos Fontán chamou Corno do demo.

Eses son os cabalos de Vigo, os cabalos que andan polo Campus da súa Universidade, “os cabalos do Sr. Reitor”, segundo Ferrín; os mesmos que Juan Oliveira converteu en emblema da cidade; os cabalos de Nemesio, de Manolo Pérez ou de Pepe de Piñeiro.

Veñen de Brandufe, de Piñeiro, de Hervillás, do Castro de Herville, dos Arruídos, da Casa do Demo, dos Bromús, do Salgueiro, das Minas, do Campo Redondo, de Zamáns... non son máis de 150 as “burras” que aínda percorren estes espazos, axexados polo brión desde a súa touba, a Touba do Brión; os campos onde a becha procura o seu leite cando ninguén llo leva á súa cova, a Cova da Becha.

108

Aí, ben preto do curro, outro patrimonio resiste o paso do tempo, como as mámoas das Chans ou os petróglifos de Agua da Laxe, na Pedra das Procesións. O Galiñeiro é un tesouro lendario, un espazo natural único que a Comunidade de Montes de Vincios e o Clube Espeleolóxico Maúxo se encargaron de divulgar no libro “As covas de Vincios”, fundamental para entender o que se agocha nesta imaxe.

Os concellos do Val Miñor e Oia deberían sinalizar os “roteiros das burras” e, dignificar os curros e o traballo gandeiro (imprescindíbel para manter en bo estado esta cabana de raza autóctona) e convertelos nun importante referente turístico de calidade, tal como fan nalgún curro de Westfalia, na Alemaña.

As razas autóctonas de Galiza e Norte de Portugal son un patrimonio social e cultural único que debemos preservar, referentes fundamentais para o desenvolvemento sustentábel do medio rural e a preservación da diversidade. Para iso, é básico manter o monte comunal, os baldíos, como sistema de propiedade que permitirá legar ás novas xeracións este patrimonio.

Santiago Veloso Troncoso

### O CURRO

Dende, como pouco, hai 6000 anos o ser humano, segundo fan ver distintos petróglifos das serras galegas, interesouse polo cabalo ceibe. Dende séculos atrás, e ata hoxe, o cabalo ceibe de raza autóctona, que sempre ten dono, reúnese dúas veces ao ano con motivo de marcalo, desparasitalo, rapalo e mercalo ou vendelo, en recintos físicos denominados curros, polo que, por extensión, pasou a chamárselle así ao proceso anteriormente descrito convertido hoxe en día, ademais, nunha festa de carácter cultural e etnográfico de alto atractivo turístico. Gondomar celebra os de Morgadáns ou Peitieiros no terceiro domingo de xuño e de agosto, o d’A Portavedra no cuarto domingo de xuño e de agosto, e o d’O Galiñeiro, tan querido e seguido, entre outros moitos, por Méndez Ferrín, no primeiro domingo de xullo.



Chega o tempo temperado no equinoccio. Cando esperta Gondomar xa levan un bo tempo traballando polos ceos. Dende os cumes e cotos de Vincios no amencer, ata as leiras e prados de Borreiros no solpor, xa se albisca a súa silueta afiada, sen acougo.

Visión dispar, dende o cénit elas, nós dende abaixo, ás veces de fronte, cruzamos unha rápida ollada nas súas traxectorias rasantes e quebradas. Tímido intre, fugaz e irrepitible.

Cápsulas do tempo, moitos meses baleiras, formas redondeadas, cheas de espazo e ben ventiladas. Recoñecémolas polo centro da vila: Elduayen, Urzáiz, Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, polo Campo da Feira, Ponte de Rosas... se cadra coma o xerme de Gondomar formouse arredor destas rúas.

Abandónannos, cada ano máis tarde, descendendo polo río Miñor ata a súa Foz, na procura da calor outonal africana. E así sempre. Coma a diáspora da nosa veciñanza en tempos. Dende Vilas e Prado ata Suíza, dende Mañufe ata Uruguai... na tempada estival todos retornan.

Pablo Casal

#### AS ANDORIÑAS E A VILA

A vila, dende sempre, vai unida ás andoriñas. Chegan a mediados de abril ou primeiros de maio e xa non deixan de alegrar o ceo da poboación coa súa eléctrica presenza, co nervioso e característico voo, consecuencia da paralela tarefa de captura de insectos mentres se despraza. Inicialmente, os fantásticos e moi arquitectónicos niños destas pequenas aves con forma de gadaña ocupaban os beirís das rúas Eduardo Iglesias, Párroco Mariño e Ángel Urzáiz; hoxe por mor da rotura que, ano tras ano, no outono, os propietarios desas casas fixeron, amparados nunha discutible actitude hixienista, desprazáronse para as rúas Portugal, Manuel Alonso, Otero Pedrayo, e contorna da praza de Abastos, onde se mantén unha notable colonia.





## As festas de Chaín

Ao chegar o mes de xuño, cos días máis longos do ano e o sol que xa comeza a quentar, retómanse os costumes. Os veciños e veciñas prepáranse para celebrar a súa festa tradicional na honra da "Virxe da Mercé", no derradeiro domingo do mes de San Xoán. Días antes hai que deixar feita a limpeza das presas e levadas, e acordar cando botar a auga de "tandia" para regar as hortas e pastos; e o pantano estará cheo para ter reserva para o verán. Chegada a semana grande faise un alto no traballo. Hai que ter a sardiñada no Centro Cultural acompañada con música de gaiteros, e poderemos aproveitar para dar unha escapadiña ata o cruceiro granítico, no que a Virxe está ao pé da base, e dende alí contemplar a vista panorámica, tan fermosa, que pasando por Gondomar remata no horizonte da Groba. De seguro que haberá outras actividades ao longo da semana. No campo de fútbol da Gándara algún partidiño, despois de rematada a liga, nun recinto, agora, con herba artificial. Xa chegada a véspera, pola tarde, actos relixiosos. E como a xente enche a capela, os que quedan fóra contemplan na fachada principal dous escudos, levan as armas dos Castro, Vázquez e outras; moi parecidos ao que está no portalón do pazo da Mourisca. Ao rematar sae a procesión. A Virxe vai por diante do Centro Cultural e San Xosé pasa por debaixo do carballo centenario, testemuña de moitas parrafeadas á súa sombra, ambos os dous cara á Eira de Cidáns, onde ten lugar o encontro. Xa no domingo, festa todo o día. Ah! e a misa solemne cantada pola nosa Coral, do mesmo xeito que no día propio, o 24 de setembro de cada ano. Eses días reúnen as familias para charlar ante un bo xantar e pola noite rematar coa verbena bailando ata altas horas de mañá. É unha magoa que chegues ao torreiro e non atopes a xuventude. Esta vai deixando a un lado as romarías populares.

Domingos Freiría

### AS ROMARÍAS. O ENCONTRO NA MERCÉ DE CHAÍN

As festas patronais e as romarías, hoxe en decadencia, son parte importante na vida colectiva e comunitaria da parroquia; un dos moitos sinais de identidade que ten, se ben a muda nos hábitos e costumes que as novas pautas sociais van impondo tenden a unificar comportamentos de, posiblemente, tendencia máis laica. Aínda así, algunhas romarías conservan ritos de certa antigüidade, en ocasións consecuencia da cristianización de sentires pagáns, e, máis ou menos, aceptable vistosidade formal. Poden citarse a modo de exemplo a d'O Santo, en Donas, Santa Lucía, en Vincios, San Brais, en Mañufe, Os Remedios, en Couso, O Libramento, co rito do Encontro, e San Roque, en Morgadáns, o San Miguel, en Peitieiros, A Mercé, tamén co rito do Encontro, en Chaín, e San Bieito, que foi e segue a ser a de maior repercusión, en Gondomar.







## Realidade cultural ou esperpento

*A cultura consiste en formas de comportamento, explícitas ou implícitas, adquiridas e transmitidas mediante símbolos e constitúe o patrimonio singularizador dun grupo humano*

Kroeber e Kluckhohn (1952)

Esas figuras deformadas, os fachos que portan as persoas, o estandarte, ... ofrecen un panorama surrealista propio dos tempos da Santa Compañía que tan maxistralmente describía Silvio Santiago en Vilardevós e, incluso, o mesmo Anxel Fole na súa temática ruralista d'O Courel.

A máis, a aura en forma de cruz ameazante sobre as cabezas dos procesionarios semella vixiar que ninguén se saia do plan establecido.

Constitúen estes actos unha forma de externalizar e transmitir ás xeracións máis novas as crenzas e os valores profundos que subxacen na súa cultura.

Os tempos pasan e ano tras ano os pobos repiten as súas celebracións. Algunhas cousas cambian, ao menos para unha parte da sociedade. Esa parte que está á espreita, aparentemente, non participa, non introduce elementos de cambio pero a fronteira entre o novo e o vello xa se ve borrosa. O proceso de aculturación esta iniciado. Valle Inclán aínda segue vivo.

114

Eladio Ferro

### SEMANA SANTA NA VILA

Para crentes, agnósticos e ateos, o máis característico e ao mesmo tempo máis vistoso das celebracións da Semana Santa no municipio son a Procesión do Xoves, na vila, e o Vía Crucis do Venres, en Morgadáns. Ambos os dous acontecementos celébranse de noite, en silencio, e coa única luz que producen os cirios que os penitentes portan, inda que ultimamente, na da vila, o costume de colocar candeas nas ventás escurcidas está sendo substituída pola luz eléctrica do cuarto, o que provoca unha considerable redución na atmosfera de misterio do espazo urbano polo que transita a procesión de crentes, observada por ollos curiosos.



Cordas, vimbios, fíos, áspera materia que se enlea, testemuño das mans, do aceno repetido ata a canseira. Trampa colectiva e esperanza grupal. Non hai neste mar estrado, neste vestixio seco das angueiras, lugar para a egolatría. A forza hostil que provén deste espazo ateigado ten a ver coa teimosía das xeracións, o instinto do traballo que atrapa e dobrega para sobrevivir. Confuso sarillo que nos lembra o que somos, unha rede infinita, un tecido resistente e basto, un dédalo de fibras retortas... Comprender nunha sala en penumbra que a claridade do trazado é un espellismo, que non hai direccións dun único sentido, que vimos de aí, dese magma enlazado: anélidos esbarrando polo lombo fusiforme dos conxéneres, fai que proa en nós un desexo imposible: liberarse, fuxir, prender lume, unha enorme cacharela de garabullos. Pero non, sabemos que somos parte da maraña, que precisamos deste caos pleno de voces e rítmicos acenos. Definitivamente non hai aquí lugar para a egolatría!

Rexina R. Vega

#### EXPOSICIÓN DE MIGUEL VÁZQUEZ NA AULA PONTE DE ROSAS

A maiores das distintas actividades e actos culturais que o Concello, a través da Concellaría de Cultura, programa no auditorio Lois Tobío ou a descuberto, como as Xornadas de teatro, Concertos de música, cine baixo o ceo,... etc, e tamén daquelas promovidas por outras institucións, o municipio conta con dúas asociacións de grande e importante actividade neste eido: Espazo Lectura e o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM). Os primeiros foron premiados, entre outros, pola Asociación Galega de Editores, co Premio da Edición 2010, en recoñecemento á achega desenvolvida na defensa da lingua, libros e literatura, eido no que se moven. Os segundos, dende a súa sede na Aula Ponte de Rosas, ademais de colaborar co Concello en actos de relevo como, por exemplo, o anual Certame Literario Diego Sarmiento de Acuña e coa Entidade Local Menor de Morgadáns, tamén no Premio anual de Poesía Vitoriano Taibo, desenvolve unha tarefa que abarca os eidos social e histórico, arqueolóxico, patrimonial, literario e artístico en todo o Val de Miñor.





As árbores, materia vexetal irregular, acadan as súas caprichosas formas desde as raigañas ata a derradeira póla, as follas xorden nunha orde orgánica, diría algún amigo que en relación directa coa xeometría fractal, pero, a fin de contas, nunha lóxica da natureza que ten máis que ver, ao meu entender, coa busca da auga, de nutrientes e dos raios solares, que cunha complicada ecuación repetida nun case infinito número de veces.

Logo, os homes e mulleres, cando progresamos, buscamos a perfección no ángulo recto, as árbores transfórmanse en perfectas pezas prismáticas de exactas medidas, pezas que amoremamos nunha orde cartesiana a conformaren torres que reproducen outro prisma de maiores dimensións.

Sentimos fascinación –teño que recoñecer que a min pásame– por estas estruturas simples en grao máximo, formadas por elementos ordenados co único criterio de repetiren un ángulo de 90° todas as veces que sexamos capaces, obsesionándonos e organizándonos por facer a torre máis alta...

A organización industrial e urbana réndelle tributo constante ás liñas rectas, aos ángulos rectos, á recta normal. Dobregándonos á súa simple beleza esquecemos que a máis perfecta organización se rexe por outros parámetros moito máis complexos que sen dúbida acadan unha insuperable eficacia.

#### TRANSFORMACIÓN DE RECURSOS NATURAIS

Aínda que existiron outros, como o Forno do cal, emprazado na propia vila, a madeira foi un dos recursos naturais cuxa transformación con fins económicos tivo máis representación no termo municipal. Existiron serradoiros de madeira en Chaín, Peitieiros, Gondomar, onde coincidiron dous na vila, e outros lugares. Hoxe unicamente se conserva o de Pérez Giménez, en Mañufe, emprazado fronte ás antigas escolas Pro-Val.

As innovacións industriais demandan novos materiais e propician a optimización de rendementos nos procesos de transformación. Consecuencia disto, sen saírnos do mundo da madeira, son a fábrica de “manguenaxe”, en Chaín, e a de palés, en Vincios.





*Gravín S. L. Operario traballando a pedra.  
A Pasaxe. Vincios*

Quizais nun próximo futuro a máquina substitúa a man que manexa a máquina, que fura a pedra con precisión. Hoxe, con precisión, a man do home dirixe a alta tecnoloxía nas terras da pedra de Vincios. Somos parte do mercado, non estamos esquecidos nun recanto. O home emprega e controla a máquina na cadea de produción.

Onte, entre conversas, os canteiros suorentos cicelaban, de sol a sol, as pedras poeirentas ao pé da pedra do Galiñeiro, con mans precisas. Tiñan vocación de aldea. Precisas eran as mans prehistóricas que iniciaron o gravado da pedra coas primeiras tecnoloxías nas rochas da Laxe. Mans inconscientes da transmisión do oficio, a través de xeracións e xeracións. Dende sempre as pedras falan.

Todo pasou pero a pedra quedou. Alabardas, puñais, labirintos, dolmen de Dombate, pórtico da gloria, campas ou peiraos. Os camiños están estrados de pedras. O mundo é unha pedra.

Manuel da Fraga  
*Couso. Gondomar*

#### CONCENTRACIÓN INDUSTRIAL D'Á PASAXE

O milenario traballo artesanal da pedra, practicamente, deixou de existir. Actualmente o granito, e outros materiais pétreos, son manipulados mediante procesos totalmente industrializados a través de máquinas que executan ordes recibidas dun ordenador previamente programado por un operario cualificado. Gravín S.L., asentada n'Á Pasaxe, é unha empresa que incorporou toda esta mecanización ao proceso produtivo. Nesta mesma concentración industrial existen numerosas empresas integradas nos máis diversos sectores, colaborando, algunha delas, coa inmediata Universidade de Vigo en diferentes proxectos de investigación.



Ah, o pan de cobra!!!

Esta e aqueloutra especie de cogomelos que andaban debaixo das viñas, no medio das verzas, na terra de apañar as patacas... Que brancas eran as lepiotas, que níveas as viamos os nenos, tan impolutas no medio do campo que non parecían deste mundo. Pan de cobra! Só con velas un apartábase. Estaba prohibido tocarlas, si destruílas co fouciño, coa zamanca! Esborrallalas!

No monte descubrimos as amanitas... As dos contos, as dos debuxos, as que se identificaban co veneno, coa morte. E co paso dos anos e da experiencia iamos vendo outras que se parecían a elas, e a confusión medrou e o medo tornouse curiosidade... Mesmo se volveron tema de conversa: "As de cores son malas, as brancas son boas. As que comen os bechos son boas, as outras non. Deus me librara de comelas. Pois están boas. Son setas non son sectas". E así aliñámonos uns en partidarios deles e outros en detractores. E ata se chegou a facer xornadas micolóxicas na Paradela.

Hoxe tan apreciados, son o reclamo para irmos de paseo no outono, para facermos incursións no territorio miñorán na súa procura, agora que os habitantes destas aldeas temos tempo para mirar para algo máis do que é imprescindible para vivir, agora que non está penalizado experimentar novos sabores e novas formas de facer de comer. Hoxe os cogomelos son unha desculpa máis para nos xuntar e comentar algo do medio que nos rodea.

Os cogomelos, todos, son un dos elementos que nos axuda a coñecer a contorna: o tipo de árbores que fan simbiose con eles, o hábitat do lugar onde os atopamos, as condicións meteorolóxicas do momento e do ano, os usos do solo onde se dan, o estado das árbores que son parasitadas por eles... E a camiñada que temos que facer ata dar co apetitoso manxar no sitio do ano pasado!

Gondomar é rico en especies destes fungos. As súas veigas, as súas panasqueiras, as escasas matas de árbores autóctonas, os piñeirais, e ata os eucaliptais, o monte todo, as leiras cultivadas e os campos a poula, todos eles agasállannos con este pan. Noutrora do demo e hoxe dos deuses.

Pura González

#### PRODUCCIÓN NATURAL ESPONTÁNEA. OS COGOMELOS

As particulares características compositivas da terra únense as ideais condicións climatolóxicas para, todos os outonos, espontaneamente, ofrecer unha abundante, variada e succulenta oferta de cogomelos ao, cada día maior, pelotón de afeccionados a este manxar culinario. Xa hai anos que é usual ver entre as árbores dos montes e as fragas a persoas provistas de coitelo e cesta, pero para iso, como sempre, é necesario posuír a correspondente formación, que evite se recollan e posteriormente consuman exemplares inadecuados e tóxicos como a Amanita Muscaria que mostra a fotografía, tamén abundante nestas terras.





Xa a comezos do século XX, e incluso moito antes, existía en Gondomar un mercado ao aire libre, situado onde está hoxe o xardín (ao lado do Concello), alí acudían os veciños/as das distintas parroquias e mesmo de concellos limítrofes para vender os produtos cultivados por eles mesmos. Vendíase case de todo, aínda que predominaban os artigos de primeira necesidade, desde froitas e verduras, comida e bebida ata galiñas e polos, que os traían en gaiolas de madeira.

Posteriormente, cos donativos e axuda dos veciños, construíuse a primeira praza de abastos cuberta. Estaba situada onde está hoxe a Casa da Cultura e ao lado da estación de Tranvías. Aquilo xa era outra cousa, máis e mellor organización, hixiene e a xente non se mollaba.

No ano 1964 encargóuselle ao prestixioso arquitecto Xosé Bar Boo o deseño dun edificio amplo, duradeiro e funcional para substituír a anterior praza que xa quedara obsoleta.

Todos os sábados, acoden hoxe como hai cen anos, os veciños/as das parroquias para vender os seus produtos. Colócanse ás portas da praza e ofrecen: hortalizas, patacas, cebolas, repolos, verzas, ovos, pementos, tomates, froitas... e tamén un saborosísimo pan de millo; produtos que chegan directamente das hortas á praza, frescos, de temporada e madurados de forma natural.

Luís Carballo Moure

#### O MERCADO DA VERDURA DOS SÁBADOS

Celébrase todos os sábados nas revoltas exteriores da Praza de Abastos. É un complemento ás mercadorías que, todos os días da semana, se poden mercar no interior. A el achéganse persoas da contorna coa intención de poñer á venda legumes, verduras, e outros produtos das hortas que elas mesmas cultivan. Tamén é habitual atopar flores tradicionais do agro gondomareño que, por veces, se mesturan con queixos, mel e pan de millo.







Sentada fronte a vós, habitantes dese mundo... ,  
dese universo composto de cheiro, cor, sabor e son  
Poboadores dese macrocosmos chamado gastronomía  
que consegue remexer estes catro elementos,  
obtendo infinitas formas de pracer para a nosa alma.

Sentada fronte a vós, no mesmo intre en que a auga invade a miña boca  
como can adestrado, un sentimento esmagador adónase da miña mente.  
O garfo, delatador da miña condición destra, que paseniñamente se vai acercando a  
esa combinación maxestosa, detense xusto no bordo do cantil para non perturbar ese  
momento grandioso.

Sentada fronte a vós, comprobo o reflexo do traballo que o artista foi deseñando horas  
antes, como quen pinta un lenzo nese lugar, noutrora destinado só para “elas” e no que  
hoxe tamén caben “eles”. Todos xuntos, sen imposicións nin obrigas, só por conciliación  
ou por pracer.

Sentada fronte a vós, bebendo o voso arrecendo,  
son quen de volver a onde nacín, navegando naquela parte do meu siso  
onde a pátina da vellez aínda non deixou a súa pegada e entón penso...  
penso en todos eles, en todos os que cada día vos utilizan e non só para vivir, senón  
para sentir que están vivos... que estamos vivos.

Sentada fronte a vós, decido por fin rematar coa encomenda e déixome cativar  
polo cheiro, cor, sabor e son e descubro que tanto ten se é Año ou Porco Celta, se  
vai na compañía de Pementos ou Chícharos, se é pan de Cea ou d'O Porriño ou se “O  
glorioso” é da Ribeira Sacra ou de Valdeorras. Ao fin e ao resto, todos vós sodes nosos,  
sodes parte do noso patrimonio... o patrimonio dun pobo que se aleda coa simple  
certeza de sentirvos preto.

Paula Fernández

#### GASTRONOMÍA. AÑO NA CAZOLA DE BARRO

En Gondomar son de tradición aquelas comidas preparadas en base aos suculentos produtos que a súa fértil campiña produce. Non o son menos os moi diversos pratos elaborados a partir do despece e derivados do porco. Nin tampouco os callos, sempre con garavanzos, protagonistas, que foron, das feiras de gando e, que son, das festas de San Bieito entre outras. Entre os peixes, o bacallau cocido con verdura e cebola e condimentado con allada ou con aceite, e a pescada que, en días de festa, xeralmente, tomábase “á romana” acompañada dunha ensalada de leituga con cebola. Por contra, nunca tivo gran aceptación a troita como prato principal. Pero os pratos seica máis valorados, aqueles que non podían faltar en festa algunha de consideración, eran o pito de curral cociñado con ervellas e patacas na tarteira de barro e, sobre todo, o año, ou o cabrito, preparado tamén de similar xeito.

Hoxe a oferta gastronómica, en canto a produtos, aumentou excepcionalmente, se ben, obviamente, os tradicionais seguen a ser os mesmos, inda que agora, é sabido, non é preciso que sexa festa para degustalos.



## Un aleteo anxélico

Deus aínda resiste aniñado na sobremesa. Á orde fisiolóxica que acontece na cociña haberíamos de engadir outra filosófica e unha terceira de índole escatolóxica, unha especie de ánimo de santidad que se manifesta especialmente na repostaría. Non é o mesmo dicir touciño de ceo que flan, cabelo de anxo que doce de cabaza, óso de santo que cana de mazapán, pan torrado que torradas de Santa Clara. É como se na artesanía do doce tivese sobrevivido un aleteo anxélico, un desexo espiritual de transcendencia, de achegamento a Deus (exista ou non) polos sabores.

Os doces, para maior fortuna, xuntan relixiosidades porque tanto na casa dun bo cristián como dun xudeu ou islamita enténdense como o clímax dunha comida, o broche fundamental que, mal elixido, pode arruinar calquera banquete. Mesmo os infieis e os incrédulos conveñen niso. Hai que dicir que entre as súas categorías están os doces que non son belixerantes, só aspiran a Deus: outros teñen fama de curativos, como a sopa fría de amoras, e hainos tamén que buscan a santificación no seu poder afrodisíaco, o cal non é necesario que sexa bioloxicamente certo porque xa se sabe que a soa crenza pode ter efectos terapéuticos ou estimulantes.

128

¿É acaso de persoas nos seus cabais resistirse a esa peregrinación erótica que provoca un bote de chocolate espaxado polo corpo do outro, a nata apostada en zonas estratégicas e uns tropezoños de froita nos puntos clave do itinerario gustativo? Aí está, por excelencia, na recreación espacial da repostaría, a transmisión de amor pola cociña, ese posuír, assimilar, incorporar, que tanto se dan en comer como no sexo.

O mesmo amor nunca quere ser ácido ou amargo senón doce, e por iso acha o seu mellor momento nos doces que poboan a sobremesa. Ser máis remisos a comer alimentos que amargan puido ser unha vantaxe evolutiva para previr de velenos, mentres que o desexo polo doce acaso nos veña no noso código xenético por facer abasto de calorías en tempos “antergos” de moito esforzo físico. Logo veu a construción cultural en forma de receitas que imos herdando dos nosos maiores, toda unha xeografía de sabores e olores que determinan a nosa verdadeira nacionalidade, feita de recordos na cociña entre as sobremesas que preparaban as nosas avoas, cando os tempos de preparación se medían con fe, avemarías ou nosopais.

E Deus aínda resiste aniñado na sobremesa.

Fernando Franco

### REPOSTERÍA TRADICIONAL DA VILA

Aínda se conserva o costume de facer queixos de tetilla nalgunha das casas gandeiras do municipio. É este un queixo que mestura de xeito harmonioso con marmelo ou co saboroso e doce mel que producen os centos de panais espallados polas distintas parroquias. Tamén forman parte das sobremesas tradicionais o leite frito, as papas de arroz e, para ocasións determinadas, as torradas borrachas, feitas na tixola a base de pan reseso en viño tinto e azucre. Incluso, en tempos de precariedade, o albariño foi degustado coas sobremesas.

Respecto a doces de confeitaría, os de máis sona e tradición son as Roscas de xema d’O Ventorrillo, as Roscas e Trenzas de ovo d’O Penisco, Xuntos, e Copena, seica as de máis sona, as Rosquillas brancas d’O Cristaleiro, primeiros mestres artesáns de Galicia, e os Boleardos desta mesma confeitaría-panadería, produto este, segundo din, inicialmente exclusivo da vila.

As espirituosas de elaboración local céntranse exclusivamente nos destilados do bagazo. A máis estendida é a Augardente Branca, seguida da Augardente de Herbas e a Augardente Tostada.



